

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. - NUM. 5

SESION ORDINARIA DO 24 DE ABRIL DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel

Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Porteiro García, María Josefa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinte e catro de abril do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste e xustifica a súa ausencia a Sra. Porteiro García. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (76).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN 27.02.06)

(Están ausentes o Sr. Barros Punte e a Sra. Porteiro García)

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 27 de febreiro de 2006

2.- (77).- PROPOSTA DE CAMBIO DE REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de abril de 2006, a voceira do Grupo municipal Socialista, Sra. Porteiro García, solicita o cambio do representante veciñal do devandito Grupo no organismo autónomo municipal Escola de Artes Oficios, D. Antonio Vázquez Vázquez, por D^a M^a Herminda Riveiro Rodríguez.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de abril, que dou enterada do anterior escrito.

(Están ausentes o Sr. Barros Punte e a Sra. Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Nomear a D^a M^a Herminda Riveiro Rodríguez representante veciñal polo Grupo municipal Socialista na Xunta Rectora do organismo autónomo municipal da Escola de Artes e Oficios en substitución de D. Antonio Vázquez Vázquez.

3.- (78).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 30.03.06 POLA QUE SE NOMEA NOVO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO HISTÓRICO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 30 de marzo de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"Segundo resolución da Alcaldía de data 14.01.04 nomeouse presidente e vicepresidente da comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico a D. José Manuel Figueroa Vila e D. Ignacio López-Chaves Castro, respectivamente.

A devandita comisión, en sesión do 23 de marzo de 2006, eleva proposta á Alcaldía de substitución na presidencia da mesma do Sr. Figueroa Vila polo Sr. López-Chaves Castro.

En virtude do exposto e no uso das facultades que teño legalmente conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear presidente efectivo da comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico a D. Ignacio López-Chaves Castro e vicepresidente a D. José Manuel Figueroa Vila.

Segundo.- A delegación que se efectúa terá efectos dende o día seguinte á data na que se notifique esta resolución ós interesados e será de carácter indefinido sen prexuízo da potestade desta Alcaldía de presidir as sesións que se poidan convocar na súa condición de presidente nato de todas elas.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión que este órgano realice.

Cuarto.- Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."

A Alcaldía-Presidencia da conta do anterior ó Pleno da Corporación.

4.- (79).- DAR CONTA DE ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO POPULAR DE DATA 24.03.06 POLO QUE COMUNICA NOVOS REPRESENTANTES DO DEVANDITO GRUPO NA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO HISTÓRICO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 24 de marzo de 2006, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular informa o seguinte:

S.Ordinaria 24.04.06

"Comunicolle que os representantes por parte do grupo municipal do Partido Popular na composición da comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, son os que a continuación se detallan:

Presidente:	D. Ignacio López-Chaves Castro
Vicepresidente:	D. José Manuel Figueroa Vila
Titular:	D ^a Lucía Molares Pérez
Titular:	D. José Manuel Iglesias Carrera
Suplentes:	D. Antonio Coello Bufill
	D. Carlos Comesaña Abalde
	D ^a María Soledad Polo Lima
	D. Javier Guerra Fernández"

A Alcaldía-Presidencia da conta do anterior ó Pleno da Corporación.

5.-- (80).- DAR CONTA DA ALTA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DAS PARCELAS 57 E 59 DA AVDA. DE BEIRAMAR. EXPTE. 17678/240.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 13 de marzo de 2006, adoptou o seguinte acordo:

"26. ALTA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DAS PARCELAS 57 E 59 DA AVDA. DE BEIRAMAR. EXPTE. 17678/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.02.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Autoridade Portuaria de Vigo e o Concello asinaron en data 3 de xuño de 2005 un contrato administrativo especial para a cesión gratuita e alleamento das parcelas 57 e 59 da Avda. de Beiramar, segundo o clausulado aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión do 3 de xuño do 2005.

En virtude de dito contrato o Concello adquiriu da Autoridade Portuaria as parcelas 57 e 59 da Avda. de Beiramar, nos termos e baixo as condicións que se dispoñen no seu clausulado e co destino das adicar á construción do Auditorio-Pazo de Congresos e outros usos complementarios.

SEGUNDO.- Pola oficina do Inventario Municipal desa Unidade de patrimonio elaboráronse as correspondentes fichas para dar de alta no epigrafe 1 dos Bens Inmóbles, as parcelas adquiridas, que de seguido se describen:

Parcela nº 59 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD	Nº 3.199.
DENOMINACIÓN	PARCELA nº 59
NATUREZA XURÍDICA...	Servizo Público
SITUACIÓN	Avda. Beiramar nº 59
LINDEIROS: N:	Avda. Beiramar

S.Ordinaria 24.04.06

S: R/Jacinto Benavente
L: Parcela nº 57
0: Concesión "Pereira Productos del Mar" e Campsa.
SUPERFICIE 2.236 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN Compravenda
DATA ADQUISICIÓN 3 xuño 2005

Parcela nº 57 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD N° 3.200.
DENOMINACIÓN..... AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS
NATUREZA XURÍDICA... Servizo Público
SITUACIÓN Avda. Beiramar nº 57
LINDEIROS: N: Avda. Beiramar
S: R/Jacinto Benavente
L: Terreo dominio público entre ista e Escola Náutica
Pesquera
0: Parcela nº 59
SUPERFICIE 9.757,55 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN Cesión gratuita
DATA ADQUISICIÓN 3 xuño 2005

TERCEIRO.- De conformidade co disposto na Lei 7/85 de Bases de Reximen Local, trala súa modificación por L 57/20003 do 16 de decembro, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia na xestión do Patrimonio (art.127.1.f), do que se dará conta ó Pleno da Corporación para o seu coñecemento."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co devandito informe, acorda:

1º.- Dar de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epigrafe 1 Bens Inmóbles, coas condicións reflectidas nas fichas de propiedade correspondente, ás seguintes parcelas na Avda de Beiramar adquiridas á Autoridade Portuaria de Vigo:

Parcela nº 59 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD N° 3.199.
DENOMINACIÓN PARCELA nº 59
NATUREZA XURÍDICA... Servizo Público
SITUACIÓN Avda. Beiramar nº 59
LINDEIROS: N: Avda. Beiramar
S: R/Jacinto Benavente
L: Parcela nº 57
0: Concesión "Pereira Productos del Mar" e Campsa.
SUPERFICIE 2.236 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN Compravenda
DATA ADQUISICIÓN 3 xuño 2005

Parcela nº 57 da Avda. de Beiramar:

C. PROPIEDAD N° 3.200.
DENOMINACIÓN..... AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS
NATUREZA XURÍDICA... Servizo Público
SITUACIÓN Avda. Beiramar nº 57

LINDEIROS: N: Avda. Beiramar
S: R/Jacinto Benavente
L: Terreo dominio público entre ista e Escola Náutica
Pesquera
O: Parcela nº 59
SUPERFICIE 9.757,55 m2
TÍTULO ADQUISICIÓN Cesión gratuita
DATA ADQUISICIÓN 3 xuño 2005

2º.- Dar traslado do presente acordo ó vindeiro Pleno Municipal para o seu coñecemento."

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Sinxelamente, Sra. Alcaldesa, se no seu día os Grupos municipais tivesen en conta a nosa proposición Vigo tería aforrado máis de mil millóns de pesetas.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

6.- (81).- PROXECTO DO REGULAMENTO DO SERVIZO E RÉXIME DE USO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS PÚBLICOS DE VEHÍCULOS NA CIDADE DE VIGO. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 72152/210.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 4 de marzo de 2006, emitido pola xefa de Seguridade e Transportes, Sra. Pintado García:

"O Concello Pleno na súa sesión de data 12.09.2005 determinou que a forma de xestión do servizo público de aparcadoiro, a prestar coa construción de seis aparcadoiros subterráneos localizados en diferentes lugares do centro urbano da cidade, fora a indirecta a través de concesionario.

De conformidade coa decisión adoptada o Departamento de Mobilidade e Seguridade deste Concello ten incoado expediente de contratación para eses fins no que se instruen as actuacións preparatorias do contrato e entrelas a elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como a documentación referente ó anteproxecto de explotación e de obras que se indica no artigo 158.2 do RD Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A mesma norma no parágrafo 1 do artigo citado tamén sinala que todo contrato de xestión de servizos públicos irá precedido da aprobación do Regulamento especial do servizo de que se trate o que obriga a esta Administración Municipal á redacción da correspondente norma que terá por obxecto establecer o réxime xurídico básico entre o futuro concesionario e os usuarios do servizo, réxime que así mesmo é trasladable a calquera dos

concesionarios e dos usuarios dos servizos públicos de aparcadoiro que hoxe en día se ven prestando e que por distintas razóns carecen dun regulamento que discipline as distintas situacións xurídicas que poden producirse.

O proxecto de Regulamento redactado polo xefe do Sector de Tráfico e Mobilidade define quen son os usuarios e os concesionarios do servizo, establece o horario deste, os tipos de prazas de aparcadoiro que poden existir, os dereitos e deberes dos usuarios e dos distintos concesionarios, as tarifas que poden ser aplicadas, o réxime de utilización dos aparcadoiros e as condutas que poden tipificarse como faltas, as sancións a que dan lugar e outras cuestións que coadxuvan á calidade e eficacia na prestación do servizo público.

O órgano municipal competente para a aprobación do regulamento é o Concello Pleno de conformidade co sinalado no art. 123.1.d) da LBRL, tal acordo, en virtude do sinalado no art. 49 da mesma norma, require dunha previa aprobación inicial polo mesmo órgano e dunha información pública e audiencia dos interesados no prazo de 30 días."

Polo exposto, a xefa de Seguridade Transportes emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo ó Pleno da Corporación, previa a súa aprobación coma proxecto pola Xunta Local de Goberno en cumprimento do art. 127.1.a) da LBRL.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 10 de abril de 2006, por unanimidade acordou aprobar o proxecto de regulamento de que se trata.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de abril, dictaminou favorablemente.

(Están ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de Regulamento do servizo e réxime de uso de aparcadoiros, subterráneos públicos de vehículos na Cidade de Vigo, segundo a redacción que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Publicar anuncio no BOP no que se someta a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días ó obxecto de que poidan presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

REGULAMENTO DO SERVIZO E RÉXIME DE USO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE VEHÍCULOS NA CIDADE DE VIGO.

Artigo 1.- OBXECTO

A presente norma ten por obxecto regular o servizo de estacionamento nos aparcadoiros municipais xestionados indirectamente a través de concesionario establecendo, sen prexuízo do que en cada caso determinen os pregos de cláusulas administrativas particulares, o rexime xurídico básico entre os usuarios e o concesionario.

Artigo 2.- USUARIO E CONCESIONARIO

Denomínase usuario á persoa física que acceda ó servizo de estacionamento de vehículos a motor, cos deberes de vixilancia e custodia durante o tempo de ocupación, a cambio dun prezo determinado en función do tempo de estacionamento.

Denomínase concesionario á persoa física ou xurídica que previa adxudicación e a través do correspondente contrato administrativo xestiona indirectamente o servizo de estacionamento de vehículos competencia da Administración Municipal durante o período estipulado someténdose para isto ós pregos que rexen a relación contractual e ó presente Regulamento percibindo dos usuarios unha prestación económica que lle permite amortizar o desembolso inicial e os correspondentes gastos de construción e explotación acadando o normal beneficio industrial e asumindo a obriga de reverter ó Concello os elementos materiais afectos ó servizo.

Artigo 3.- HORARIO DO SERVIZO

O horario de funcionamento do servizo será continuado de 0.00 horas a 24.00 h.

O Concello poderá modificar o horario de funcionamento, en razón do interese público, cando o considere necesario para mellorar a calidade do servizo.

Artigo 4.- TIPOS DE PRAZAS DE APARCADOIRO

Sen prexuízo do que en cada caso determinen os pregos de cláusulas administrativas particulares os aparcadoiros poderán ter os seguintes tipos de prazas:

a) Prazas de uso público sen reserva.

Serán ocupadas polos vehículos pola orde da súa chegada sen que poida ser rexeitado ningún vehículo, mentres haxa prazas libres destinadas a este uso. En todo caso reservaranse un 2% das prazas para persoas discapacitadas na súa mobilidade que estarán convenientemente sinalizadas, estas prazas terán as dimensións previstas na normativa aplicable e localizaranse preto das saídas peonís.

b) Praza de abonos diurnos, nocturnos e de 24 horas sen dereito a reserva.

1.- Agás que polo órgano de contratación se autorice outro horario e porcentaxes o abono diurno deberá estar comprendido entre as 8.00 h. e as 21.00 h, sen que teña que ser necesariamente de trece horas. O número máximo de abonos diurnos, conxuntamente cos que poidan establecerse de 24 horas, non poderá exceder dun 25% da capacidade do aparcadoiro excluídas as

prazas de residentes no seu caso. O prezo será inferior ó 70% do que resulte aplicar ás tarifas normais vixentes.

2.- Agás que polo órgano de contratación se autorice outro horario e porcentaxes o abono nocturno deberá estar comprendido entre as 21 horas e as 8.00 h. do día seguinte non tendo necesariamente que ser de once horas. O número máximo de abonos nocturnos conxuntamente cas que poidan establecerse de 24 horas, non poderá exceder do 60% de capacidade do aparcadoiro excluídas as prazas de residentes no seu caso. O prezo será inferior ó 50% do que resulte aplicar as tarifas normais vixentes.

3.- Os abonos de 24 horas non poderán exceder respectivamente dun 25% ou dun 60% cas que poidan establecerse como diurnos ou nocturnos excluídas as prazas de residentes no seu caso. O prezo será inferior ó 75% do produto que resulte de multiplicar o importe máximo por vinte e catro horas e polo número de días de abono.

c) Prazas de abonos de 24 horas con reserva de praza.

1.- O concesionario deberá garantir que o usuario desta modalidade teña praza libre para estacionar o seu vehículo unha vez que acceda ó interior do aparcadoiro.

2.- As prazas de reserva deberán estar convenientemente sinalizadas e agrupadas en áreas concretas do aparcadoiro.

d) Nos aparcadoiros que así se determine poderán existir prazas en cesión de uso para residentes do ámbito inmediato durante o tempo da concesión. O réxime xurídico destas prazas establecerase nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

Artigo 5.- DEREITOS DOS USUARIOS.

1.- O usuario, unha vez no interior do aparcadoiro, terá sen que isto supoña exclusión, os seguintes dereitos:

- a) Dispondrá dunha praza de aparcadoiro libre para o estacionamento do seu vehículo.
- b) Utilización do servizo nas debidas condicións de seguridade.
- c) Solicitar follas de reclamacións a fin de expresar a súa disconformidade coa prestación do servizo.
- d) Devolución, no seu caso, da diferenza cobrada en exceso por perda da tarxeta ou ticket, unha vez éste apareza, cos condicionantes dos apartados 2 e 3 do artigo 15 deste Regulamento.
- e) Uso e disfrute dos servizos adicionais (lavado) que poida prestar o aparcadoiro, mediante o seu correspondente aboamento económico.
- f) Ser informados de todas as cuestións derivadas da petición e funcionamento do servizo, así como recibir contestación por escrito de calquera reclamación formulada no prazo regulamentariamente previsto.

Artigo 6.- OBRIGAS DOS USUARIOS.

Polo mero feito de acceder ó interior dun aparcadoiro, todo usuario tendrá as seguintes obrigas:

- a) Aboar as tarifas correspondentes á estancia do seu vehículo antes da súa retirada, conforme ás tarifas que estiveran vixentes.
- b) Estacionar o seu vehículo nas dársenas habilitadas ó efecto, na forma establecida no apartado 3 do artigo 9 deste Regulamento.
- c) Exhibir o xustificante ou resguardo do estacionamento ou acreditar, no caso de extravío, o seu dereito sobre o vehículo para proceder ó retiro.
- d) Non causar danos a outros vehículos ou as dependencias e instalacións do propio aparcadoiro, en concordancia co apartado 3 do artigo 9 deste Regulamento.
- e) Seguer as instrucións emanadas do persoal do aparcadoiro respecto ó uso e seguridade do mesmo en beneficio da boa marcha do servizo e da súa normal explotación.
- f) Unha vez aboado o importe correspondente á estancia do seu vehículo, o usuario deberá abandonar o aparcadoiro no prazo máximo de quince minutos. En caso contrario o concesionario poderá cobrarlle o importe da fracción ou fraccións horarias que excedan de dito tempo ata efectuar a saída.
- g) O usuario será responsable fronte ó concesionario e ós demais usuarios dos danos e perdas que lles cause por incumprimento dos seus deberes ou impericia na conducción do vehículo dentro do aparcadoiro.
- h) Retirar do seu vehículo unha vez estacionado os accesorios non fixos e extraíbles como radiocassettes e teléfonos móbiles non acadando, no seu defecto, o concesionario responsabilidade sobre a súa restitución.

Artigo 7.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

Sen prexuízo do dereito de inspección e vixilancia do servizo público e daqueles outros que se determinen nos distintos pregos de cláusulas administrativas particulares o concesionario ostentará, respecto dos usuarios do servizo, os seguintes dereitos:

- a) Xestionar e explotar o servizo de aparcadoiro durante o prazo da concesión, de acordo co contrato, coas normas que sexan de aplicación e coas decisións que no exercizo das súas potestades adopte o Concello de Vigo.
- b) Percibir dos usuarios do servizo público as tarifas aprobadas.
- c) O concesionario terá, fronte a calquera persoa, dereito de retención sobre o vehículo en garantía do pagamento da tarifa do aparcadoiro.
- d) Denegar o acceso ó servizo a aqueles usuarios incursos en débedas por impagos.

- e) O concesionario poderá solicitar o auxilio e presenza da Policía Local do Concello de Vigo ó obxecto de facer cumprir o indicado nas sinalizacións interiores do aparcadoiro ou ben co fin de evitar por parte dos usuarios conductas incivicas ou antisociais.
- f) O concesionario poderá utilizar o procedemento previsto no artigo 71 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial cando permaneza un vehículo estacionado de xeito continuado no mesmo lugar de aparcadoiro por un período de tempo superior a seis meses, de xeito que se presuma racionalmente o seu abandono, ben polo seu propio estado, polos desperfectos que teña e que fagan imposible o seu desprazamento, por non ter placas de matriculación ou, en xeral, por aqueles sinais externos que fagan presumir a falla de interese do propietario na súa utilización.
- g) Calquera outro tipo de dereitos ou facultades de policía que se lle atribúan polo órgano de contratación e que sexan necesarios para a correcta prestación do servizo. Os actos do concesionario no exercizo destas facultades serán reclamables ante o órgano de contratación.

Artigo 8.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO

1.- Serán obrigas do concesionario:

- a) Xestionar e explotar o servizo público obxecto de concesión, asumindo o seu risco económico.
- b) Prestar o servizo público co nivel e a continuidade requirida, segundo o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e na proposta presentada. O concesionario realizará a xestión de conformidade coas ordes que dicte o órgano de contratación do Concello de Vigo.
- c) Admitir a utilización do servizo público a todo usuario, de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación.
- d) Entregar ó usuario un xustificante ou resguardo do aparcamento, con expresión do día, hora e minuto de entrada. No xustificante farase constar en todo caso, a identificación do vehículo e se o usuario fai entrega ao responsable do aparcadoiro das chaves do mesmo. O vehículo identificarase mediante a súa matrícula ou calquera marcador que permita tal identificación no xustificante ou resguardo do aparcadoiro entregado ó usuario.
- e) Manter e conservar as instalacións afectas ó servizo público obxecto de concesión, dentro das condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescripcóns técnicas, seguindo as indicacións que lle efectúe o Concello, realizando pola súa conta todas as obras de conservación e mantemento e cantos gastos sexan necesarios para isto, respondendo mesmo dos deterioros producidos polos usuarios.
- f) Contratar e manter en vigor as pólizas de seguro previstas no prego de cláusulas administrativas.
- g) Respetar o obxecto da concesión e os límites establecidos na mesma, non poidendo destinar as instalacións a un uso distinto do pactado e absterse de realizar obras ou alteracións que modifiquen a prestación do servizo público sen previa autorización do Concello.
- h) Implantar as tarifas que en cada momento estean vixentes, previa a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

- i) Indemnizar os danos ocasionados a terceiros, nos seus bens e dereitos, por mor da prestación do servizo, cando lle sexan imputables de acordo co artigo 97 do TRLCAP.
- l) Vixilar todas as instalacións dos aparcadoiros, así como custodiar os vehículos nel estacionados, restituíndo ó portador do xustificante do uso do aparcadoiro, o vehículo no estado no que lle foi entregado e os compoñentes e accesorios que se atopen incorporados funcionalmente -de xeito fixo e inseparable- a aquel e sexan habituais e ordinarios, pola súa natureza e valor, no tipo de vehículo de que se trate.
- m) Vixilar e impedir, adoptando as medidas que estime oportunas, o estacionamento indebido de vehículos naquelas zonas non establecidas como dársenas.
- n) Calquera outras previstas na lexislación vixente.

Artigo 9.- UTILIZACIÓN DO APARCADOIRO.

A fin de que os usuarios das vías públicas teñan coñecemento da oferta de prazas de aparcadoiro en cada aparcadoiro establecerase a sinalización mediante paneis de forma que:

1.- Para poder acceder un usuario ó recinto do aparcadoiro, o sistema de control establecido polo concesionario deberá reflectir na súa sinalización a palabra LIBRE, indicando o número exacto de prazas nesta situación que deberá estar conectada ó panel indicador de aparcadoiro (P) situado na inmediación de cada un dos accesos de entrada.

2.- Unha vez cubertas as prazas no panel indicador, sinalizárase coa palabra COMPLETO e ningún vehículo poderá acceder ó interior do aparcadoiro, baixo responsabilidade, no seu caso, do concesionario.

3.- Calquera usuario que acceda ó interior do aparcadoiro estacionará o seu vehículo nunha soa praza non interferindo as contiguas.

4.- Para dar cumprimento ó apartado anterior, o concesionario poderá tarifar ó usuario que estacione o seu vehículo indebidamente o importe correspondente a tantas prazas como ocupe ou impida o aparcadoiro de outro vehículo en tales espazos.

5.- Calquera dano causado por un usuario ou o seu vehículo ó de outro ou ás dependencias e instalacións do aparcadoiro, deberá ser comunicado de inmediato ó encargado ou calquera outra persoa da empresa concesionaria, sendo, en todo caso, responsable dos danos e perxuizos ocasionados.

Artigo 10.- FOLLA DE RECLAMACIÓNS.

1.- As follas de reclamacións representan o medio de comunicación entre o usuario e o Concello de Vigo como titular do servizo, cando aquel observe deficiencias na súa presentación.

2.- O modelo será o que se establezca pola Oficina Municipal de Información ó Consumidor.

3.- As follas de reclamacións serán facilitadas polo Concello de Vigo ó concesionario a medida que se vaian cumprimentando as anteriores, debidamente secuenciadas e seladas.

4.- O concesionario entregará no momento que para iso sexa requirido a folla ou follas de reclamacións solicitada/as polo usuario.

5.- Unha vez efectuada a reclamación, o usuario levará a súa folla correspondente como comprobante. O concesionario quedarase cunha copia e remitirá outra ó Concello de Vigo no improrrogable prazo de cinco días dende que se produciu a reclamación có correspondente informe de alegacións que servirá de base para a resolución que proceda que se emitirá pola Concellería Delegada de Tráfico nos dez días seguintes..

6.- Nas caixas dos aparcadoiros, en lugar visible, existirá cartel normalizado polo Concello de Vigo, indicador da existencia de follas de reclamacións.

Artigo 11.- TARIFAS

1.- As tarifas máximas a percibir dos usuarios pola utilización das prazas de aparcadoiro de uso público serán as propostas polo adxudicatario na súa oferta coas revisións que sinalen os pregos de cláusulas administrativas particulares. O seu importe será por minutos de estacionamento sen posibilidade de redondeos a unidades de tempo non efectivamente consumidas ou utilizadas.

2.- O importe exacto das tarifas exhibirase mediante panel indicador en cada unha das entradas de vehículos.

3.- Dadas as inevitables fraccións de céntimo de euro, o importe final da estancia, co fin de posibilitar o seu pagamento a través dos caixeiros automáticos, terá unha equiparación a fraccións de 5 cts. e os seus múltiplos en virtude da proximidade en menos ou en mais a esas cifras.

4.- Os sistemas de pagamento preverán o sistema de aboamento multiaparcadoiro mediante a utilización dunha tarxeta de prepago, con validez para un determinado número de horas, que poderá ser utilizada indiferentemente en calquera dos aparcadoiros municipais. O Concello poderá establecer un prezo bonificado de dita tarxeta sen afección ós ingresos do concesionario.

5.- As tarifas presentadas polo adxudicatario na súa oferta e as actualizadas que se aproben polo órgano de contratación terán o carácter de máximas. O concesionario poderá aplicar tarifas máis reducidas que deberán aplicarse ós usuarios de forma non discriminatoria. O concesionario deberá comunicar ó Concello a aplicación de ditas reducións, a súa xustificación e a súa repercusión, no seu caso, no plan económico-financeiro.

Artigo 12.- DIRECTORIO DE ESTABLECEMENTOS CONCERTADOS CO APARCADOIRO.

1.- O concesionario disporá en todos os accesos peonís do andar onde estean as caixas e, xunto a elas, dun directorio no que se especifique aqueles establecementos que manteñen concerto co citado aparcadoiro. No mesmo, se indicará de xeito claro que o usuario antes de abandonar a súa instancia consulte co establecemento as condicións do concerto.

2.- Os establecementos que concerten abonos de estancias farano sempre en fraccións de horas completas ou de medias horas.

Artigo 13.- CAIXEIROS MANUAIS.

1.- Cada aparcadoiro contará, alomenos, cun recinto destinado a caixa atendido por persoal do concesionario durante as vinte e catro horas do día e durante todos os días do ano.

2.- Así mesmo, respecto ó tipo e cantidade de moedas admisibles, estarase ó disposto nas Leis 46/1998 e Orgánica 10/1998, así como ó resto de normativa vixente ó respecto.

3.- O concesionario deberá atender para o cambio de moedas a cantidade de vinte euros como máximo sempre e cando o importe a aboar sexa inferior a dita cantidade. En caso contrario a cantidade reducirase a dez euros sobre a última fracción da cifra anterior.

4.- Tanto nos caixeiros manuais como automáticos deberá admitirse o pagamento mediante tarxeta de crédito ou mediante a tarxeta que en cada momento facilite ós cidadáns o Concello para o uso do transporte público.

Artigo 14.- CAIXEIROS AUTOMÁTICOS.

1.- O concesionario podera instalar caixeiros automáticos nos aparcadoiros que ostentarán a correspondente homologación.

2.- O caixeiro automático deberá poder dar cambio nas mesmas condicións que as esixidas ós caixeiros manuais no apartado 3 do artigo anterior.

3.- Os caixeiros automáticos deben dispoñer de caixas para os billetes de cinco euros, dez euros e vinte euros. Para o cambio de billetes de superior denominación ós citados estarase ó indicado no apartado 3 do artigo anterior.

Artigo 15.- PERDA OU EXTRAVÍO DE TICKET.

1.- En caso de perda da tarxeta ou ticket, antes ou despois do seu aboamento na caixa, o usuario deberá aboar, en concepto de depósito, o importe correspondente a vinte e catro horas, sempre e cando o vehículo non permanecera no aparcadoiro máis de vinte e catro horas, senón aboarase o importe de vinte e catro horas por cada día da súa estancia. Unha vez apareza o ticket, procederase a devolver, no seu caso, o importe cobrado en exceso.

2.- O concesionario emitirá un recibo, no que se reflectirá o importe cobrado a teor do apartado 1 e que servirá como documento xunto coa ficha ou ticket, cando apareza, para proceder á devolución do importe aboado en exceso, no seu caso.

3.- O prazo para canxear o ticket establécese en tres meses dende a emisión do recibo ó que fai mención o apartado 2.

Artigo 16.- CONSIGNAS AUTOMÁTICAS.

1.- A instalación de consignas automáticas no interior dun aparcadoiro requirirá a preceptiva autorización municipal.

2.- Non estarán á vista do público polo que a este efectos habilitarase un cuarto pechado, no que a apertura se efectuará polo persoal do aparcadoiro a requirimento dalgún usuario da mesma.

3.- Sinalizarase adecuadamente nas caixas e demais lugares que se estimen oportunos a existencia de dito servizo.

4.- O prezo pola utilización das mesmas será simbólico e destinarase a cubrir gastos do mantemento.

5.- Por medidas de seguridade, cando un usuario manfeste extraviar a chave da súa consigna, deberá facer por escrito unha relación exhaustiva do depositado nela, características, etc., que entregará ó persoal do aparcadoiro. Pasadas 24 horas, procederase a abrir por parte do concesionario a consigna sen a presenza física do usuario a efectos de comprobar o seu contido de forma externa e verificar que a descrición corresponde co manifestado por escrito polo usuario. De ser correcta a descrición, farase entrega do contido ó usuario.

6.- O cumprimento do apartado anterior, non faculta ó concesionario á apertura dos artigos depositados no interior da consigna.

Artigo 17.- SERVIZOS HIXIÉNICOS.

1.- En todos os aparcadoiros existirán servizos hixiánicos de dimensións adecuadas e separados para homes e mulleres.

2.- O concesionario deberá manter estas instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección, podendo autorizárselle o peche, para garantir ditos extremos, polo que calquera usuario que queira entrar en eles deberá solicitar, previamente, a correspondente chave na caixa.

3.- O Concello poderá autorizar a instalación de pechaduras nas portas de acceso que únicamente permitirán a súa apertura mediante a introducción da correspondente moeda ou ficha, segundo o caso. O custo para o usuario deberá ser simbólico, destinándose ditos importes a unha mellora nas súas prestacións.

Artigo 18.- OUTROS SERVIZOS

Con independencia da prestación do servizo de aparcadoiro obxecto da concesión, poderá existir, previa autorización municipal expresa e sen que isto minore o número de prazas de aparcadoiro previsto no proxecto constructivo, un servizo de lavado, sempre que tal servizo non produza percusión ou inhalación non permisible en virtude do establecido nas ordenanza municipais.

Artigo 19.- FALTAS E SANCIÓN

1.- Consideraranse infraccións do concesionario aquelas tipificadas como tales nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen en cada concesión.

2.- As sancións ós usuarios imporanse previo o correspondente procedemento instruído de conformidade coa lexislación aplicable.

3.- Terán carácter de infraccións graves as seguintes conductas do usuario.

- a) Perturbación da continuidade do servizo.
- b) Non atender ás normas e instrucións do concesionario manifestadas a través dos seus empregados respecto ó uso e seguridade do aparcadoiro e os seus usuarios.

4.- As infraccións graves serán sancionadas con multa de 12 a 60 euros, segundo a súa transcendencia, con independencia da responsabilidade por danos que a conducta poida ter ocasionado.

5.- Calquera outra infracción, será considerada falta leve e será motivo de apercibimento. A súa reiteración considerárase falta grave.

6.- Será competencia da Xunta de Goberno Local a imposición de sancións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1.- Durante o período concesional, o concesionario estará na obriga de facilitar ó Concello de Vigo, na forma que no seu momento se determine, cantos datos sexan solicitados sobre o uso do estacionamento e incidencias, así como calquera outro extremo de tipo estadístico, laboral ou fiscal que sexa requirido.

2.- Sen menoscabo do anterior, a información sobre o número de vehículos que entran e saen cada día, duración das estancias e grao de ocupación deberá ser subministrada ó Concello en tempo real de tal forma que a Administración Municipal poida exercer un adecuado control da concesión e o encamiñamento de vehículos no municipio de acordo coa súa política de mobilidade.

DISPOSICION TRANSITORIA PRIMEIRA.

No prazo do ano seguinte á entrada en vigor deste Regulamento, as distintas empresas concesionarias do servizo deberán adoptar os seus paneis de información exterior ás características indicadas no artigo 9.1. deste Regulamento. No prazo de dous meses deberá implantar a sinalización prevista no artigo 11.2.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

Sen prexuízo do que se poida establecer en normas de rango superior que sexan de aplicación a aqueles servizos de aparcadoiro que foran obxecto de concesións anteriores seralles esixible a tarificación por minuto prevista no art. 11.1 no prazo de tres meses dende a entrada en vigor deste Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez que o mesmo se aprobe definitivamente no Concello Pleno e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

7.- (82).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA (CRÉDITO EXTRAORDINARIO) NÚM.
34/2006, PARA DISTINTAS NECESIDADES E DAR COBERTURA A GASTOS
COMPROMETIDOS DE CARÁCTER PLURIANUAL.

ANTECEDENTES.- Con data 3 de abril de 2006, a Alcaldía-Presidencia resolveu incoar expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario e suplemento de crédito), con cargo ó remanente líquido de Tesourería por un importe de 22.066.031,42 euros, para dar cobertura a gastos comprometidos de carácter plurianual, segundo o seguinte detalle:

ANEXO Á RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 3 DE ABRIL DE 2006, INCOANDO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 34/2006

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Obras humanización rúas Parroquia Alcabre	90.000,00	51106010001
Proxecto Centro Cívico Finca Solita. Parroquia Alcabre.	30.000,00	46316220001
Mlljoras zonas verdes, paseos, parques infantís. Parroquia Alcabre	7.067,00	43266110001
Obras humanización rúas Parroquia Cabral	330.000,00	51106110015
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantís. Parroquia Cabral	13.933,00	43266110002
Mellora abastecemento no barrio do Carballal. Parroquia Cabral	515.000,00	44106010007
Contrucción muro contención en camiño Sorrego. P. Cabral	40.000,00	51106010002
Campo de futbol herba sintética. P. Cabral	120.000,00	45216200001
Obras humanización rúas. P. Candean	150.000,00	51106010003
Novas canalizacións en rúas P. Candean	280.000,00	44106010008
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantís. P. Candean	9.333,00	43266110003
Construcción dun parque infantil. P. Candean	18.000,00	43266010001
Campo de futbol herba sintética. P. Candean	120.000,00	45216200002
Obras humanización rúas. Castrelos	120.000,00	51106010004
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantís. P. Castrelos	18.000,00	43266110004
Obras humanización rúas. P. Comesaña	90.000,00	51106010005
Melloras contorno Centro Cultural. P. Comesaña	30.000,00	51106110003
Melloras contorno Praza Igresia. P. Comesaña	120.000,00	51106110004
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantís. P. Comesaña	7.066,00	43266110005
Instalación mobiliario público Lagares. P. Comesaña	12.000,00	43266010002
Campo de fútbol herba sintética. P. Comesaña	120.000,00	45216200003
Obras humanización rúas. P. Beade	120.000,00	51106010006
Construcción do chalet Agarimo 1ª fase. P. Beade	510.000,00	46316220000
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantís. P. Beade	11.733,00	43266110006
Obras humanización rúas. P. Coruxo	200.000,00	51106010007
Rampla de acceso praia da Barca. P. Coruxo	30.000,00	51106010008
Melloras fonte. P. Coruxo	15.000,00	51106110005
Melloras nas zonas verdes, paseos, parques infantís. P. Coruxo	11.733,00	43266110007
Novas redes de saneamento en diversos lugares P. Coruxo	210.000,00	44106010009
Elaboración proxecto Museo na Casa do Sal. P. Coruxo	18.000,00	45102270615
Remodelación dunas do Vao. P. Canido	100.000,00	45336010001
Obras humanización rúas. P. Freixeiro	400.000,00	51106010009
Proxecto local Asociación Veciñal. Centro Antena. P. Freixeiro	30.000,00	46316320001
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantís. P. Freixeiro	13.933,00	43266110008
Instalación mobiliario urbano P. Freixeiro	3.000,00	51106010010
Construcción campo futbito próximo Lagares. P. Freixeiro	30.000,00	45216200004
Obras humanización rúas P. Lavadores	90.000,00	51106010011
Novas canelatas transversais ruas P. Lavadores	12.000,00	44106010010
Barreiro. P. Lavadores	750.000,00	43206010001
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantís. P. Lavadores	40.000,00	43266110009
Construcción acceso Baixada ó Capital. P. Lavadores	100.000,00	51106010012

Obras humanización rúas P. San Xoan do Monte	130.000,00	51106010013
Construcción cunetas P. San Xoan do Monte	48.000,00	51106010014
Construcción camiño P. San xoan do Monte	90.000,00	51106010015
Canalización de augas rúa Vista do Mar P. San Xoan do Monte	30.000,00	44106010011
Melloras no parque de Seragua P. San Xoan do Monte	14.000,00	43266110010
Obras humanización P. Sampaio	217.000,00	51106010016
Construcción e reparación cunetas. P. Sampaio	50.000,00	51106010017
Construcción de muro en rúa Ferradura. P. Sampaio	50.000,00	51106010018
Obras humanización rúas P. Matama	100.000,00	51106010019
Alameda. P. Matama	190.000,00	43266110011
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantis. P. Matama	9.333,00	43266110012
Ampliación del Torreiro de Festas. P. Matama	60.000,00	51106110006
Obras Humanización rúas P. Navia	60.000,00	51106010020
Palco da música. P. Navia	62.732,00	51106010021
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantis. P. Navia	4.666,00	43266110013
Construcción de vestiarios en alameda. P. Navia	50.000,00	43266220001
Proxecto Polideportivo na zona de Muiños. P. Navia	18.000,00	45216200005
Obras humanización rúas P. Oia	90.000,00	51106010022
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantis. P. Oia	9.333,00	43266110014
Obras humanización rúas P. Saians	60.000,00	51106010023
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantis. P. Saians	2.266,00	43266110015
Construcción aparcadoiro zona Ricardo Mella. P. Saians	60.000,00	51106010024
Construcción parque infantil baixada praia Camposancos. P. Saians	18.000,00	43266010003
Obras humanización rúas P. Sardoma	360.000,00	51106010024
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantis. P. Sardoma	4.666,00	43266110016
Ampliación vial cruzamento Lameiro-Moledo. P. Sardoma	100.000,00	51106110007
Campo de fútbol herba sintética. P. Sardoma	120.000,00	45216200006
Obras humanización rúas P. Salgueira	250.000,00	51106010025
Construcción de grada fronte campo futbito. P. Salgueira	6.000,00	45216010007
Rematar palco no Parque da Salgueira	3.000,00	51106010028
Obras humanización rúas P. Teis	600.000,00	51106010029
Melloras en zonas verdes, paseos, parques infantís P. Teis	11.733,00	43266110017
Construcción Parque Infantil na rúa Trobos P. Teis	18.000,00	43266010004
Obras humanización rúas P. Valladares	60.000,00	51106010030
Escenario P. Valladares	90.000,00	51106010031
Melloras zonas verdes, paseos, parques infantis P. Valladares	11.733,00	43266110018
Ensanche muro da Igrexia P.Valladares	40.000,00	51106110008
Novos xogos para o parque infantil. P. Valladares	3.000,00	43266290001
Campo de fútbol herba sintética . P. Valladares	120.000,00	45216200007
Novas sinalizacións viarias P. Freixo	60.000,00	22206010001
Construcción cunetas P. Freixo	250.000,00	51106010032
Melloras no Parque infantil P. Freixo	3.000,00	43266110019
Melloras na cancha da Petancia P. Freixo	3.000,00	45216300001
Novo vestiario para o Polideportivo P. Freixo	80.000,00	45216220001
Igrexa P. Bouzas	120.000,00	51106110009
Paseo P. Bouzas	250.000,00	51106110010
Aparcadoiro para o barrio. P. Bouzas	90.000,00	51106110011
Obras humanización rúas P. Calvario	600.000,00	51106110012
Humanización Cruz Blanca P. Calvario	250.000,00	51106110013
Construcción de ramplas P. Calvario	15.000,00	51106010033
Ampliación vestiarios campo futbito rúa Fontans P. Calvario	60.000,00	45216320001
Novas escaleiras R. Atienza M. Garrido P. Calvario	30.000,00	51106010034
Construcción dun parque infantil en R. Atienza . P , Calvario	25.000,00	43266010005
Obras humanización rúas P. Travesia	300.000,00	51106110014
2ª Fase Travesia de Vigo	850.000,00	51106110001
Construcción ramplas en Dr. Cariga nº 4. Travesia de Vigo	15.000,00	51106010035
Construcción de Parques Infantis en Travesia de Vigo	18.000,00	43266010006
Obras humanización rúas P. Vilar	300.000,00	51106110036
Obras humanización rúas Balaidos	675.150,00	51106110037
Obras humanización rúas Travesas	370.000,00	51106110038
Obras humanización ruas Coia	600.000,00	51106110039

Ampliación vestiarios no Campo Roxo. P. Coia	60.000,00	45216320002
Aparcadoiro Coia	90.000,00	51106110040
Obras humanización zona centro	60.000,00	51106110041
Obras humanización rúas Casco Vello	350.000,00	51106110042
Novas escaleiras entre X. Xulian e Poboadores Casco Vello	100.000,00	51106010043
Construcción dun parque infantil na Praza do Berbés	18.000,00	43266010007
Obras humanización rúas Zona Castro	200.000,00	51106110044
Humanización e Urbanización patios públicos Zona Castro	400.000,00	51106110045
Proxecto local social estrutura anexa ó Colexo Fleming Zona Castro	18.000,00	46316320002
Obras humanización rúas. P. Zamáns	300.000,00	51106010046
Obras humanización rúas P. Bembrive	83.300,00	51106010047
Humnización contorno centro cultural P. Bembrive	140.000,00	51106010048
Melloras en zonas verdes, paseos, parques infantis. etc..P. Bembrive	9.333,00	43266110019
Mantemento e conservación vías e espazos publicos	2.000.000,00	51102100000
Reaxuste anualidades Auditorio-Pazo Congressos	4.922.472,00	45107700000
Sentencia Obrascon Huarte (Obras auditorio Castrelos)	124.361,00	45106320003
Sentencia EMPTY	69.155,42	45102260805
	22.066.031,42	

Coa mesma data do 3 de abril de 2006, o Interventor emite o seguinte informe:

“Incoado por resolución da Alcaldía de data 3 de abril do ano en curso, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 34/2006, que inclúe a habilitación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito para facer fronte a gastos urxentes e inaprazables para o próximo exercizo, a financiar con cargo ó remanente líquido de Tesourería obtido no exercizo 2005, en cumprimento do establecido nos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 37.3 do Real Decreto 500/90, emítese o seguinte informe:

1.- CLASE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA QUE SE PROPÓN:

O expediente que se tramita contén, como se dixo anteriormente, créditos extraordinarios e suplementos de crédito por un importe global de 22.066.031,42 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercizo seguinte e para o que non existe crédito.

Os suplementos de créditos son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercizo posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 34 a 38 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril. O remanente de Tesourería, que se propón neste expediente como recurso para financiar a modificación, régúlase no artigo 191 do dito corpo legal e nos 101 a 105 do mencionado Real Decreto.

2.- DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PROPOSTA:

S.Ordinaria 24.04.06

A resolución da Alcaldía-Presidencia que ordea a instrucción de expediente, fai referencia ás distintas áreas ou unidades administrativas ás que afecta a modificación orzamentaria e inclúe así mesmo as partidas orzamentarias a suplementar ou, no seu caso, crear, facendo referencia a gastos específicos e determinados, como require a lexislación vixente.

Vistos estes últimos, compróbase que non existe no estado de gastos do orzamento crédito destinado a esa finalidade específica no nivel establecido na vinculación xurídica e, en caso contrario, constátase que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na partida do estado de gastos do orzamento ó que debe imputarse o gastos proposto, no nivel establecido na vinculación xurídica e non pode ser obxecto de ampliación, supleméntase expresamente a partida 5110-2100000 e inclúe finalmente gastos correspondentes a compromisos adquiridos en exercizos anteriores ó actual, que requiren da correspondente dotación no ano en que andamos.

3.- RECURSO FINANCEIRO:

O recurso financeiro que se propón para o financiamento de ista modificación de crédito e o remanente líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na liquidación orzamentaria do último exercizo económico liquidado, isto é, o do exercizo 2004.

Recurso financeiro iste que admite o apartado 4 do artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, para financiar créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O remanente líquido de Tesourería para gastos xerais que se deriva do orzamento do ano 2005, cuantificouse en 45.523.779,17 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 17/2006 de incorporación de remanentes de crédito, aprobado por resolución da Alcaldía 5.877.218,08 euros, de onde resulta que o saldo actual do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, ascendería a 39.646.561,09 euros, suficiente para facer fronte á modificación orzamentaria contida no expediente que se informa e que importa a contía de 22.066.031,42 euros.

Ó expediente incorporouse certificación emitida por esta Intervención relativa ó saldo actual dispoñible de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

De acordo co previsto na Orde do 20 de setembro do 1989, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, o remanente de Tesourería que financie o expediente imputarase ó Capítulo VIII do estado de ingresos (activos financeiros), artigo 87 (remanente de Tesourería), subconjuntos 870.00 (aplicación para financiamento de créditos extraordinarios), ou 870.01 (aplicación para financiamento de suplementos), segundo se trate de habilitacións de créditos ou suplementos, respectivamente.

Por outra banda, tendo en conta que os importes da modificación de crédito proposta e do recurso financeiro utilizado son coincidentes, matense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Finalmente é de suliñar que esta modificación non afecta ó índice de endebedamento previsto no artigo 53.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004,

na medida en que o recurso que financia esta modificación non computa na carga financeira anual a confrontar cos ingresos ordinarios liquidados no período anterior a comparación ós efectos de determinar a necesidade de autorización administrativa para a concertación de operacións de crédito.

4.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Polo que se refire á incidencia que produce o expediente que se informa sobre os orzamentos municipais por aplicación da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, subliñamos o seguinte:

De conformidade co artigo 3 da dita norma legal a aplicación do principio de estabilidade orzamentaria require que a elaboración e execución do orzamento se leve a cabo de forma equilibrada ou con superávit, computados estes últimos en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95), obriga ista que se recolle para as entidades locais no artigo 19 da indicada Lei.

Ata a entrada en vigor da Lei 18/2001, por mor do artigo 16 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, xa aludido anteriormente, un orzamento considérase equilibrado cando a suma total dos créditos de gasto é igual á suma total das previsións de ingresos, sendo deficitario aquel orzamento en que os créditos de gasto son superiores ás previsións de ingresos e estando en superávit aquel no que sucede o contrario.

Esta situación cambia radicalmente coa entrada en vigor da Lei de Estabilidade Orzamentaria, por canto que como xa se indicou, o cómputo debe realizarse agora en termos de capacidade de financiamento definida segundo SEC, o que implica que para que un orzamento estea equilibrado os seus créditos de gasto de carácter non financeiro non poden superar ás súas previsións de ingresos non financeiros, é dicir, a suma dos capítulos 1 a 7 de gasto debe ser igual (ou inferior se acontece que o orzamento está en superávit) á suma dos capítulos 1 a 7 de ingresos.

Como xa sinalamos anteriormente o recurso que financia a modificación orzamentaria (remanente líquido de Tesorería para gastos xerais) impútase ó Capítulo 8 da estrutura do estado de ingresos, o que dará lugar a un incumprimento da estabilidade orzamentaria, pois a modificación suporía o aumento dalgúns capítulos 1 a 7 de gastos, pero non producirá un aumento correlativo nos capítulos 1 a 7 de ingresos.

No suposto de que o dito desequilibrio non se vexa corrixido na liquidación do orzamento, é de aplicación o artigo 22 da Lei 18/2001, que establece a obrigatoriedade da elaboración dun plan económico-financeiro a medio prazo para a corección do desequilibrio que non ten que ser confundido co plan de saneamento financeiro ó que se refire o artigo 53 do TRLRHL.

En definitiva, a modificación orzamentaria xa tramitada e aprobada, mencionada neste informe, financiada con remanente líquido de Tesorería para gastos xerais xa produciu un desequilibrio pola contía do remanente utilizado e tal déficit verase incrementado no financiamento previsto no expediente que se informa, polo que deberán de adoptarse as medidas oportunas en orde ó cumprimento das previsións de ingresos aprobadas no orzamento vixente e ó fomento de novas liñas de recursos, todo isto

encamiñado a obter unha liquidación de dereitos superior ás estimacións orzamentarias, en aras de cumprir o obxectivo previsto na Lei 18/2001.

5.- TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE:

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación os expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos, aplicables ós orzamentos.

Con data 3 de abril, o concelleiro delegado de Xestión Municipal propón aprobar inicialmente a modificación orzamentaria e someter o expediente ós trámites de información e publicación legais.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de abril de 2006, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: O Goberno trae para aprobación por este Pleno un expediente de modificación de crédito por un importe aproximado de 22 millóns de euros onde se contemplan sobre todo unha serie de propostas referidas a un plan de parroquias do Concello, plan onde están reflectidas todas as necesidades e demandas de cada un dos colectivos veciñais, proposta que no seu día xa se debateu, non esta en concreto pero si a necesidade de que o Concello de Vigo tivese unhas propostas concretas para os barrios e parroquias da nosa cidade.

A partir daí houbo unha proposta inicial do Goberno que a propia Federación de Veciños enriqueceu, estudou, consensuou con todos os colectivos veciñais e que voltou ser remitida ó equipo de Goberno quen asumiu na case a súa totalidade esa proposta da Federación de veciños e é a que agora se trae aquí. En concreto serían para o plan de parroquias 16. 950.000 euros e tamén se inclúen aquí tres cuestións as maiores que é a anualidade 2005-2006 do auditorio-pazo de congresos por importe de 4.922.000 euros aproximadamente e tamén dúas sentenzas a favor de obras con Huarte por importe de 124.361 euros, así mesmo a favor de EMPTY por unha exposición de Antonio Palacios por 69.155 euros.

Esta é a proposta que trae o Goberno e que coidamos que está consensuada co movemento veciñal. É unha necesidade e unha demanda que formularon cada un dos colectivos e que ven reflectida neste documento que hoxe traemos a aprobación plenaria.

Dende o Goberno consideramos que é necesario que Vigo e as súas parroquias poidan ter un plan concreto que coido que é a primeira vez na historia

deste Concello que se trae como tal a un Pleno da Corporación, referido dun xeito específico o que son barrios e parroquias e sobre todo ten unha característica fundamental, que está consensuado con todos os colectivos veciñais que seguramente teñen moitas máis necesidades e poderían presentar moitas máis demandas concretas pero evidentemente as limitacións orzamentarias do Concello lévannos a que hoxe traíamos a aprobación deste Pleno este plan de parroquias polo importe aproximado de dezasete millóns de euros.

Coidamos que é de vital importancia para este Concello e para as súas parroquias que se poida levar a cabo a aprobación deste plan onde se o analizan contemplarán que son obras necesarias en cada un dos casos, é dicir, dende humanizacións, melloras de zonas verdes, construcións de viais, melloras en parques, en parques infantís, construcións de instalacións deportivas que son tamén fundamentais para o desenvolvemento dos nosos nenos e nenas e outras cuestións ás que non me vou referir en concreto porque todos vostedes as coñecen e foron perfectamente debatidas nas últimas semanas neste Concello e na cidade.

Polo tanto nós o único que pedimos é a aprobación e o apoio de todos os Grupos políticos para que se poida levar a cabo este plan de parroquias para o ano 2006.

SR. SOTO FERREIRO: O Partido Galeguista conxuntamente co Partido Socialista ven de presentar unha emenda á totalidade do texto establecido segundo o artigo 97.5 do ROF, unha proposta de modificación que caso de seren aprobada deixaría sen efectos a que vostedes propoñen.

En canto os porqués teño que dicir primeiro de todo que me parece que o Sr. Figueroa na única Corporación democrática na que non estivo foi na primeira, se non lembro mal, e por iso seguramente non sabe que si houbo naquela primeira corporación un plan de parroquias feito polos veciños e polo conxunto da Corporación e que coma tal se aprobou. Digo isto para responder á inexactitude dita polo Sr. Figueroa dicindo que era a primeira vez.

Pero alén diso, alén das impresentables formas de comportarse co resto dos grupos municipais, e digo impresentables porque facer vostedes o que lles pareza está ben se teñen apoio para o facer e se o que fan realmente fose unha verdade universal que todos tiveramos que aplaudir alborozados. Non sendo malo para nada o que vostedes presentan, en absoluto, é máis, vaia por diante o respecto e o agradecemento ó traballo do movemento veciñal que

fixeron un esforzo digno de encomio e realmente que nos serve a todos porque a proposta alternativa que nós estamos a facer tamén está extraída desa proposta in extenso. A diferenza son as matizacións, é o cando, qué se fai primeiro e qué logo.

Seguramente o momento xa foi hai anos pero non se debe prolongar por máis tempo unha proposta política que priorice rematar dunha vez por todas co saneamento integral de Vigo e digo isto porque foi un ambicioso proxecto redactado cando eu era alcalde, pouco antes de irme, que desgraciadamente as seguintes Corporacións non foron quen do materializar ata as últimas consecuencias e mesmo ó revés, mesmo deturparon parte da súa esencia cando non continuaron nunha política que algúns empezamos de facer os chamados sistemas separativos, separar as augas pluviais das fecais, e así temos unha depuradora que é absolutamente incapaz de dixerir o que Vigo lle manda.

Polo tanto hoxe presentamos unha alternativa que axudará a sanear en moi boa medida as parroquias de Vigo se vostedes optan pola aprobar. Esa é unha óptica de matización diferente de qué priorizar.

Dende o Partido Galeguista non estamos en absoluto en contra, senón que acabo de loubar o plan que o movemento veciñal lles puxo enriba da mesa, pero me parece que hai que facer un esforzo priorizando outro tipo de investimento que, e isto é unha suxestión pública, debería mesmo ter eco na Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. A min me parece que a situación de Vigo é non só de Vigo, tamén é de Galicia, unha situación grave para o medio ambiente, a Comunidade Europea non para de "rifármonos" e mesmo "ameazármonos" con grandes multas porque os Gobernos anteriores non fixeron os deberes do saneamento e realmente iso é unha "pataca quente" que temos todos enriba da mesa e debe ser resolto dunha vez por todas.

O Concello ten unhas responsabilidades e a Xunta outras, malo sería que o Concello lle atribuíse á Xunta de Galicia en exclusiva as competencias e as responsabilidades porque non as ten e non menos malo sería seguramente que o Concello pretendese resolver en exclusiva o que non pode resolver que é o saneamento integral de Vigo.

Polo tanto esta nosa proposición de parte do Partido Galeguista, tamén do Partido Socialista pero non son quen de falar por eles, leva no seu seo outros aspectos, o aspecto de pedir no seu caso unha colaboración da Consellería do Medio Ambiente onde, por certo, hai un Conselleiro que esperta todas as esperanzas na parte do Partido Galeguista porque o coñecemos, porque coñecemos a súa traxectoria, esperamos que non nos

defraude na realidade e que resposte a esas expectativas tan positivas que dende o Partido Galeguista temos con ese Conselleiro. Se é así esa Consellería debera axudar a complementar este plan que hoxe presentamos dous grupos municipais por suposto debera en paralelo poñer as pedras angulares para resolver o tema da depuradora.

En todo caso hai un aspecto na cuestión que naturalmente quero tocar, é o da contía que vostedes propoñen, tema absolutamente angular e polo que vexo mérecenos opinións ben diferentes a todos. Na nosa opinión o seu plan, dende o punto de vista económico, é unha auténtica temeridade para a facenda municipal que non está para tantos bailes.

Eu, que escoitaba unhas declaracións esta mañá pola radio cando viña cara ó Concello, quero saber se me repiten aquí esas cousas porque tampouco teño por qué facer debates con espazos radiofónicos, pero en todo caso déixenme dicir que se fosemos absolutamente rigorosos na proposta alternativa que lles estamos a presentar, seguramente entre pagamento de débedas atrasadas e compromisos adquiridos pola Corporación que están rigorosamente reflectidos todos, mesmo algúns que non reflecten vostedes na súa proposta, a suma diso co que realmente é unha cantidade ata onde cunha razoable prudencia se poida chegar, seguramente non debera facérmonos pasar desa suma total de 17 millóns de euros.

Pero conscientes das brutais necesidades medimos un risco que anunciamos, un pequeno, un razoable risco para a facenda municipal e facemos un estiramento entre 17 e 20 millóns para abranguer áreas maiores para resolver o problema que dicía e anunciaba do saneamento nas parroquias de Vigo e que realmente en todo caso o risco parécenos razoablemente asumible por parte da facenda municipal.

Miren vostedes, polo tanto non imos nin siquiera xogar "ó amarrete", "ó seguroli" e ir ó 100% na tranquilidade da facenda municipal; asumimos un pequeno, un razoable risco.

Por último, déixenme dicirlles que espero da sensibilidade de todos os Grupos municipais que posibiliten este plan.

Dixen tamén e repito que o traballo do movemento veciñal é un traballo altamente estimable que será tido en conta no seu momento en tempo e forma polo Partido Galeguista como corresponde cun traballo que foi serio e rigoroso e ó que vostedes non lle souberon poñer o contrapunto da responsabilidade do goberno municipal e foron sós nunha operación puramente electoralista. Lamentablemente para todos seguramente esta operación non lles vai saír ben, digo para todos porque a min non me gusta hoxe ter que

lles votar, se é que chega a circunstancia que espero que non, en contra do que vostedes propoñen porque non estou absolutamente en contra do que din, senón de cando o din e de cómo o din en todo caso.

Pero vostedes que quixeron xogar a facer electoralismo puro e duro sen contar para nada nin cunha insinuación siquera, con todos os demais Grupos da Corporación, van recibir a resposta de rigor alomenos do Partido Galeguista, non vai ser un voto non porque non, xamais faremos iso, digo xamais e espero ser quen de cumprir esa palabra, e dende logo presentámoslles unha alternativa responsable que permitirá ter unha facenda municipal mellor da que temos que non é tan boa nos actos e en todo caso un plan responsable que será unha grandísima aposta, un grandísimo compromiso co medio ambiente.

Ás veces a todos se nos enche a boca de falar da defensa do medio ambiente, da ecoloxía, dos ecosistemas e de cousas que quedan moi bonitas en programas electorais pero que logo ó mellor todos, dun xeito ou doutro deixamos detrás doutro tipo de propostas máis vistosas.

Chegou o momento do rigor, espero que vostedes correspondan a este intento de axuda, de colaboración, establecendo uns investimentos que nos parecen necesarios e en todo caso espero escoitar a súa resposta e resérvome polo tanto para, en función dela, facer unha segunda intervención.

SR. TOBA GIRÓN: Procuraremos debullar a proposta que nestes momentos hai enriba da mesa que é a proposta do Goberno, alomenos en primeira instancia. Eu queredría empezar por facer unha reflexión á que xa nos levou hai uns meses unha moción presentada por un Concelleiro desta Corporación que falaba precisamente da situación desta cidade.

Sra. Presidenta, vostede contou con orzamentos o ano pasado coa colaboración dalgúns grupos da oposición. A realidade é que rematado o prazo de execución deses orzamentos, mesmo algún dos grupos que lle prestou apoio para aprobar aquel orzamento salientaba nunha moción a escaseza de actuacións en barrios e parroquias e a excesiva concentración dos investimentos no centro de Vigo, asunto que fora eixo do noso discurso precisamente no debate para a aprobación do tal orzamento.

Non estou falando agora, nin o quero facer, en termos de partidas orzamentarias aplicadas, senón en termos de sinxela percepción e esta é a sinxela percepción que hai na nosa cidade.

Polo tanto dese déficit xa salientado no debate dos orzamentos de 2005 e posto de manifesto posteriormente por unha moción, coido lembrar que do Sr.

Caballero se non me falla a min a memoria, nace esta necesidade, do déficit da execución do orzamento de 2005 que alimentou, non estou dicindo agora que o debate que eu presento sexa máis ou menos obxectivo, digo que alimentou dita percepción que nós anunciabamos naquel debate. Aí nace como necesidade política esa necesidade.

En segundo lugar, eu si teño que empezar dicindo que son importantes as formas, é importante que un goberno que non obxenta maioría, malia de gozar dun marco lexislativo que aporta practicamente todas as competencias na Xunta de Goberno Local, nos asuntos que realmente importan debe ser quen do diálogo, capaz do debate, capaz do acordo e vostedes non foron quen porque o relatorio dos acontecementos é dun grupo que non quere dialogar.

Fomos convocados a unha Xunta de Voceiros de sábado pola mañá a luns pola mañá e alí nos presentaron un documento coma documento de traballo. Practicamente rematando aquela reunión vostedes déronse moitísima presa en convocar unha comisión de Xestión Municipal para tratar o asunto sen máis diálogo que a sinxela presentación do documento ós voceiros e sen que nin siquiera fomos informados da tal convocatoria e da súa pretensión de convocar un Pleno para aquel mesmo venres.

Fíxense vostedes se estaban acuciados polo alcance da xogada en curto, pola sinxela conxuntura partidaria, pola sinxela necesidade do Partido Popular e de vostede mesma, Sra. Alcaldesa, de sobrancear como que aquela mesma convocatoria tivo que a realizar vostede, Sra. Presidenta, porque a Presidenta da devandita comisión, Sra. Graña, non estaba aquel día na cidade de Vigo; teño aquí a convocatoria. Nin siquiera agardaron. É verdade que é vostede a Presidente nata de dita comisión pero non son as formas. Esas son as formas dun partido que o único interese que ten é unha manobra partidista, partidaria para a envorcar contra os grupos da oposición.

Vostedes querendo estaban abocando ó fracaso o diálogo porque vostedes querían o fracaso do diálogo, non querían o diálogo. Calquera das persoas que forma o grupo de goberno do Partido Popular, moitas delas moi expertas, algunha delas lembraba a súa antigüidade nesta Corporación o Sr. Soto, sabe moi ben que ese é o camiño minado para o diálogo pero é que vostedes querían minar o camiño cara ó dialogo.

Mal, así non se pode tentar buscar acordos; cando o único que se pretende é aguzar lanzas contra os Grupos que forman a maioría desta Corporación dificilmente se pode avanzar no diálogo. Pero ese é o seu camiño e eu si quería que isto quedara claro no Pleno da Corporación.

O acordo non é só unha manobra cara fóra, o acordo non é só a simulación do diálogo, o acordo é o diálogo en si mesmo e a consecución de acordos e de posicións de común baixo a dirección de quen obstenta o cargo necesario para facer avanzar á Corporación e esa é vostede, Sra. Presidenta, pero vostede abandonou esa misión para se dedicar a facer política de partido. Mala cousa.

Entrando xa na proposta que vostedes lle presentan a este Pleno, cómpre empezar dicindo que é unha proposta que avanza sobre o remanente líquido de tesourería. Nós non somos contrarios á utilización deste remanente líquido, xa o manifestamos e mesmo votamos algunha modificación orzamentaria nese sentido, sempre e cando se actue con criterios de prudencia porque as variables da situación financeira deste Concello melloraron moito nos últimos anos en relación coa situación que había no ano 99 e ogallá sega mellorando

Un Concello solvente, unha institución solvente precisa dunhas finanzas solventes e iso prestixa ós Concellos e ás cidade e polo tanto debemos coidalo, mimalo e seguer avanzando nesa solvencia financeira, o que non obsta para que nun momento determinado, cal podería ser este ou calquera outro, avancemos con programas de investimento sobre o remanente líquido de tesourería pero con dous condicionamentos moi claros: en primeiro lugar non pode haber un revolvido de enunciados que están exentos de proxecto e mesmo de memoria valorada co que se pretenda xustificar unha actuación que sinceiramente non vai ser efectiva máis que en termos de aumentar o gasto, sen coñecemento de qué proxectos realmente van ser executados.

Nós si supervisamos a proposta do Goberno en relación cos técnicos municipais e en moita medida non atopamos nin memorias nin proxectos valorados, sinxelas medicións no mellor dos casos e na maioría dos casos partidas a tanto alzado, pero logo debullarei algunhas.

En segundo lugar, baixo o noso punto de vista unha modificación de crédito contra remanente líquido de tesourería non pode abrigar gasto corrente. Señores do Goberno, o remanente líquido de tesourería é de uso I e rematou, calquera actuación de gasto corrente que implique contratacións plurianuais non se pode apoiar sobre o remanente de tesourería porque ese remata con cada ano orzamentario e vostedes inclúen mesmo partidas de Capítulo II. Iso non é aceptable de ningún xeito, as partidas do Capítulo II se vostedes queren discutamos modificacións de crédito con cargo ás propias partidas de gasto corrente, Capítulos I, II e IV, e os que fagan falla pero non contra

remanente líquido de tesourería porque non nos poderemos facer cargo en teoría sobre o gasto que vostedes acumulen sobre os anos vindeiros.

En terceiro lugar, vostedes preséntannos unha proposta que non atende a compromisos vivos desta administración, que non atende ós compromisos que temos que asumir coma Corporación, moitos deles por acordos plenarios, outros moitos por acordo da Xunta de Goberno Local, algúns mesmo, Sra. Alcaldesa, derivados da sinatura de vostede mesma en determinados convenios, ou é que non imos pagar a segunda fase dos terreos do auditorio? Con todo o que nós, como vostede sabe, instabamos á súa consecución gratuita, pero en todo caso hai un compromiso que asumir. Ou é que non imos atender o compromiso para a readquisición do Reitorado derivado do convenio coa Universidade? Ou é que non imos aboar as cantidades que corresponden polo alleamento dos montes de Zamáns onde está a nosa Universidade? Ou dos terreos de Cabral onde está o IFEVI? Todo iso debe ter prelación, prioridade en calquera actuación económica e moito máis nunha actuación contra remanente líquido de tesourería.

En cuarto lugar, como lles dicía a presentación que vostedes fan é realmente dunha inconcreción, dunha falla de proxecto que eu vou enunciari en dous aspectos. Vostedes repiten actuacións no seu plan e teño aquí suliñados dous exemplos, un no que se fala en Balaidos de actuación na plaza de abastos (entendo que é o mercado das Travesas) e inmediatamente logo e a seguer se fala dunha outra actuación de humanización do contorno do mercado na zona das Travesas. Semellan dúas actuacións que van ó mesmo sitio, cómo é iso? O mesmo pasa coa Baixada ó Capitán, por poñer un caso, que aparece en dúas actuacións distintas, qué actuación é a da Baixada ó Capitán e ónde corresponde? Nin vostedes o saben porque non se deduce deste documento que nos entregan que, por certo, é máis concreto que o documento que forma parte do expediente.

Vostedes traen dentro deste documento investimentos que neste momento non son realizables, por exemplo: "Humanización da Espedrigada". Qué será "Humanización da Espedrigada" sendo ese un conxunto de actuación sometido a un plan especial e que imos realizar unha actuación incompatible co desenvolvemento do planeamento e que traia consigo no seu momento o seu levantamento aumentando custos? Por certo, non sei se se refiren á zona da Espedrigada porque non o concretan ou á zona da Carballa. Teño para min que se refiren máis á zona da Carballa, situación que en todo caso daría co mesmo porque tamén está sometida a planeamento secundario. Qué imos

humanizar se iso o hai que levantar todo cando se poña en marcha o plan especial?

Poderemos ter actuacións de mantemento, ou é que vostedes chaman "humanizacións" á sinxela capa de piche? Falen vostedes claro, se se trata dunha capa de piche é iso, se se trata dunha humanización nós entendemos por iso algo distinto. Pero é igual porque nos dous casos dá igual, non teñen proxectos ousexa que estamos discutindo sobre o tamaño dos cráteres da lua porque non teñen ó final proxecto definido.

Presentan vostedes para cubrir, nada máis que para cubrir, actuacións que son irrealizables, Sra. Presidenta e señores do Goberno. Está moi ben poñer: "Humanización Florida-avenida de Castrelos" pero, saben que pasa? Que hai un ou dous problemas: que a avenida da Florida e a de Castrelos son viais autonómicos. Polo tanto isto a tanto alzado que poñen aquí "Florida-Castrelos-Pereiró-Pablo Iglesias-Portanet-Alexandre Bóveda", trae consigo tres situacións distintas porque a avenida de Castrelos e a Florida son da Xunta de Galicia; Alcalde Portanet é da Zona Franca e os outros si que son viais municipais. O que hai que facer coa avenida de Castrelos e a da Florida é negocialo en convenio coa Consellería de Ordenación do Territorio e acadar a traslación deses viais ó Concello previa realización dun proxecto.

Vostedes aquí enganan e enganan tanto que vostedes saben iso por dous motivos: en primeiro lugar porque nós o puxemos enriba da mesa neste Pleno cunha moción do meu compañeiro e amigo o Sr. Fernández, lembrarano e por certo foi aprobada por unanimidade, pero en segundo lugar porque están en redacción dous anteprojectos sobre a avenida de Castrelos e a da Florida nos que a avenida de Castrelos se vai a 3.415.000 euros e a avenida da Florida márchase a 3.260.000 euros. De qué nos están falando cando falan aquí de 675.000 euros se eses dous anteprojectos que están en redacción suman, non 675, senón multiplicando por dez esa cifra?

Máis aínda, o tema de Alcalde Portanet o faláramos no Comité Executivo de Zona Franca e no Pleno do Consorcio e derivaba dalgún presunto convenio que nalgún momento se asinaría e alí se barallaba unha cifra de 300.000 euros, lembrarán que naquel pleno do Consorcio eu dixen que prefería que non houbera cartos e si proxecto. Pois non me dan as cifras porque 6 millóns de euros entre as dúas avenidas máis a outra cifra non me dan os 675.000 euros, pero ademais é que son inaplicables. Que son humanizacións con 600.000 euros cando só a avenida de Castrelos vale máis de 3 millóns de euros? Non ten sentido pero vostedes se opoñen igual, dalles igual. Crean

unha bolsa de 675.000 euros contra remanente líquido de tesourería e quedan tan tranquilos.

Por suposto que os cidadáns desas zonas din que qué compromiso magnífico por fin do Goberno municipal. Non, cidadáns desas zonas: o que tiña que ter feito este goberno municipal era ter negociados eses convenios de traspaso coa Consellería de Ordenación do Territorio e non establecer unha bolsa absolutamente impracticable e inexecutable contra remanente líquido de tesourería.

En quinto lugar, aquí non hai programación económica porque non atendendo ós compromisos que hoxe xa ten esta administración, se aprobamos tal e coma está a súa proposta estamos condenando a este Pleno a aprobar unha segunda modificación para atender a eses compromisos que están aí dentro de poucos meses, co que o resultado non é de 22 millóns de euros contra o remanente líquido de tesourería porque hai gastos que teñen prelación e que vostedes esquecen, o resultado vai ser os 22 millóns máis o que agora vostedes están achantando na gaveta: non menos de 8 millóns de euros; 30 millóns de euros contra remanente líquido de tesourería. Vostedes non o din agora pero o van facer, pretenden facelo forzando a tesourería ata 30 millóns de euros. Esa é a súa programación que é ter ningunha programación económica do Concello. Eu coido que hai que acudir ó remanente líquido de tesourería pero debemos ter coidado porque, como seguramente o Sr. Guerra coñece máis co resto do Goberno, o recorrer ó remanente líquido de tesourería tocamos a estabilidade orzamentaria que só pode ser recuperada por vía de ingreso ordinario, de ningún outro xeito; pero se nos imos moito estaremos rompendo a posibilidade de recuperación da estabilidade orzamentaria e nós non queremos que o Concello de Vigo se vexa sometido á posta en marcha dun plan de saneamento económico-financeiro tal e como di a Lei de estabilidade orzamentaria cando a suma de capítulos I ó VII do estado de gastos supera a suma de Capítulos I ó VII do estado de ingresos. Sería moi malo para esta cidade que saíu ou empezou a saír do buraco no ano 99.

Os resultados que hai dos que se gava tanto o Sr. Guerra son para seren prudentes porque o índice de execución de ingresos da última liquidación (o Sr. Guerra darame a razón porque ademais o repasei) é do 100,07% o que quere dicir que cumprimos a previsión de ingresos do 100% superando nun ridículo 0,07% que está ben, cumprimos a expectativa de ingresos pero "polos pelos" e iso debe levármonos a non andar con alegrías cando menos mentres non teñamos avanzado cal vai ser a execución de ingresos, xa non en índice, senón en cantidade absoluta nos próximos meses; non en índice

porque evidentemente o índice vai variar á alza estando nunha prórroga orzamentaria. Pero iso non é significativo, o que o será é a cantidade absoluta de ingresos para saber se estamos, ou non dentro da estabilidade orzamentaria.

Non teñen programación económica e o resultado de aprobar esta proposta que eu só podo calificar de inconcreta e irresponsable, será que este Pleno se terá que enfrontar moi pronto a unha segunda modificación que elevará o uso do remanente líquido de tesourería a preto de 30 millóns de euros. Ese non é o camiño.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: En primeiro lugar quereda agradecer o ton baixo do voceiro do PP, ton ó que non nos ten acostumados, pero o Grupo municipal socialista vai ter todo o que ten que dicir porque non hai mellor oportunidade para un repaso da xestión municipal ca un debate orzamentario e xa que non debatemos sobre o orzamento, esta modificación orzamentaria préstase divinamente para facer ese repaso no que eu quixera dirixirme a vostede, Sra. Alcaldesa, sei que non me vai contestar persoalmente pero é vostede a principal responsable da anómala situación que vivimos ó redor da convocatoria do Pleno extraordinario antes da Semana Santa e vostede debería responder desa situación.

Un Pleno no que os Grupos municipais da oposición, maioría da Corporación, enterámonos da súa convocatoria polos veciños ou polos medios de comunicación en troques da Xunta de Voceiros. O despropósito foi tal que o seu Grupo o reconsiderou logo dunha "candorosa" explicación do seu Voceiro deixándoo para hoxe aínda que sen cambiar o fondo propagandístico de profundo carácter electoralista do asunto. Cal é ese fondo? O fondo sinxelamente é presentarnos unha modificación orzamentaria coa "suposta" pretensión de aprobar unha partida de case 17 millóns de euros para unha parte do Plan de barrios e parroquias sen que realmente teñan vostedes intención real de que este Pleno llo aprobara.

O PP sabe perfectamente que conta só con dez concelleiros, sabe que para aprobar os temas que realmente lle interesan ten que consensuar co resto dos Grupos ou alomenos con algún dos maiores, ten que acordar como, por certo fixo para algo que si lle interesaba: o Plan de aparcadoiros subterráneos do que acabamos de aprobar o regulamento no punto anterior por unanimidade. Aínda que nos constara que fora un axeitado Plan, aínda que mesmo tiveramos que berrar nalgunha reunión para que se tiveran en conta as propostas dos Grupos da oposición para que realmente fora un prego de

condicións en condicións que nos presentara ter uns aparcadoiros do século XXI e non o que vostedes propoñían, aínda que diso poderemos falar outro día.

Consensuar, acordar, todo o contrario do que realmente fixo que foi provocar ó resto dos Grupos cunha actitude partidista e autoritaria inconcebible en quen sabe que non conta cos cartos e cos votos para sacaren cara adiante esa modificación orzamentaria.

A intención era obvia, unha vez feito o brinde ó sol dun suposto compromiso coa Federación de Asociacións de veciños poder botar a culpa á oposición dun fracaso claramente anunciado. Digo suposto compromiso porque se compromete quen pode e non quen quere. É moi sinxelo: fixeron vostedes todo o contrario do que sabían que tiñan que facer se quixeran acadar apoios. A lectura é obvia: o que vostedes queren é aparecer coma vítimas, coller a pancarta electoralista do Partido Popular máis partidista e sectario e non a bandeira de Vigo e moito menos a bandeira dos seus barrios e parroquias que teñen vostedes moi abandonada.

Esa é a realidade, que tivo que ser a Federación, as asociacións de veciños as que elaboraran o Plan de acción veciñal, un plan moi valioso que lles temos que agradecer, Plan que pasa a ser por suposto un compromiso de calquera goberno da cidade que teña a sensibilidade e a preocupación social que vostedes dende logo non teñen.

Os seus Concelleiros de distrito non fixeron ren, en troques de contribuir a incorporar as reivindicacións dos barrios e parroquias á súa acción de goberno convertíronse en escudos nos que rebotaban esas reivindicacións, illando e parapetando ós concelleiros das áreas que si podían incluír as peticións veciñais nos orzamentos ou que sinxelamente poderían facer xestión minimamente válida para os veciños e veciñas porque o que hai detrás da demanda unánime das asociacións de veciños representadas neste importante Plan de acción é sobre todo unha petición desesperada de atención para a que é necesario, dende logo o orzamento pero tamén unha xestión que non existe.

Polo grande respecto que lles teño ás asociacións veciñais e a este traballo, que lles ten todo este Grupo municipal e o Partido Socialista, Sra. Alcaldesa, vouno esmiuzar polo miúdo porque isto é xestión municipal, isto é do que temos que falar fundamentalmente os corporativos.

O traballo das asociacións veciñais abrangue seis grandes áreas: limpeza, vías e obras, transporte, seguridade, saneamento e abastecemento e outros nos que se meten equipamentos, infraestructuras, etc.

Limpeza: coñezo practicamente de memoria este Plan e estudando un atópase con que as demandas das asociacións veciñais son fundamentalmente de limpeza normal, regular; sinalan mala colocación de puntos de recollida, problemas con puntos de entrullos e necesidade de podar a maleza, lixo provocado polo botellón e locais nocturnos. É xestión diaria, a xestión na que por certo este Concello inviste unha grande cantidade de cartos. Eu lémbrome que, coido que foi hai dous anos, se lle deu a Vigo a "Escoba de prata" por seren a cidade máis limpa e a maioría dos cidadáns de Vigo preguntábanse cómo era posible porque non temos esa percepción nin no centro, pero é que nos barrios e parroquias para nada. Eu supoño que os criterios serán en base ó orzamento dedicado, ós medios, ó persoal, etc., que son neste Concello enormes e non vou dicir cifras pero é unha cantidade, impresionante que se hai boa xestión ten que asegurar unha axeitada limpeza. O que hai é, como se diría en termos vulgares, unha mala relación calidade-prezo; temos un prezo altísimo pero non se ve por ningures a calidade dese servizo de limpeza e dende logo nos barrios e parroquias moito menos.

No tema de vías e obras as demandas fundamentais son: asfaltado de viais, abandono das beirarrúas ou que se fagan onde non existen, das gabias, anhear viais, recuado de postes nas estradas. A verdade é que aquí si que hai bastantes cousas de investimento, o problema é que para facer estas cousas se require unha capacidade, con todo o respecto para o Sr. Iglesias que o ten e moito, dende logo pola miña banda todo o respecto do mundo pero a verdade é que para levar cara adiante estas cousas é necesario un estilo de xestión para o que son imprescindibles persoas como o Concelleiro do Goberno anterior, don Uxío González ou o inesquecible don Agustín Arca, preto dos veciños, colaborando con eles, facendo que asociacións veciñais contribúan a acadar que este tipo de cuestións vaian adiante.

No tema do transporte a verdade é que as reivindicacións van fundamentalmente polos temas xa coñecidos: mellora e ampliación dos itinerarios con máis opcións para os usuarios, facilitar a comunicación con centros vitais coma é o Hospital do Meixoeiro, aumentar as frecuencias duplicándoas de seren posible en moitos barrios e parroquias, aumentar a flota..., lémbbralles algo estes temas? Formaban parte dunha moción que se debateu aquí no Pleno de febreiro no que este Goberno quedou comprometido a encetar unha negociación para ir nesta dirección partindo do actual plan de transporte. Isto non ten por qué requirir maiores investimentos porque coma xa demostrei abondo en repetidas ocasións hai aí un colchón para levar a

cabo estas iniciativas. Pero é que en toda a ampla área de Seguridade Mobilidade hai unha chea de propostas importantísimas: está o tema do guindastre, da ORA, do mobiliario urbano que é un requirimento moi importante por parte das asociacións o das marquesiñas.

En agosto de 2004 venceu a concesión do guindastre logo de cinco anos e cinco prórrogas ano a ano e segue sen unha nova adxudicación cando o 10 de agosto de 2005 xa había informes técnicos do xefe de área e de Urbanismo propoñendo a súa adxudicación. Non se fixo, aquel informe técnico non gustou; en ocasións elixense. Agora finalizou o seu contrato en decembro de 2004, anulouse o prego de condicións o 13 de maio de 2005, coincidía en campaña electoral das autonómicas, saída que ía custar tal vez un pouco máis e a Sra. Alcaldesa en plena campaña, desbotando todo o traballo realizado na comisión na que estabamos a falar destes temas, retirou o asunto ata quen sabe cando. Estes días si aparece ese prego de condicións co que, por certo, consensuaremos amplamente se é esa a proposición do goberno.

Venceu en marzo deste ano o tema do mobiliario urbano e xa nos preocupou algunha información periodística na que se dicía que se tiñan que retirar as marquesiñas o mes de xuño dado que non había reversión por unha xestión non moi correcta posiblemente dalgún goberno anterior, cando dende abril de 2005 a empresa adxudicataria préstase a colaborar con todos os seus medios para a mellor xestión no período transitorio sen por suposto prexudicar en nada ese importante servizo. Seguemos sen que saia cara adiante, supoño que sairá pronto.

Son temas absolutamente cruciais para a boa xestión da mobilidade neste Concello. Está claro que no ano que queda de goberno van saír todos, vostedes van adxudicar, iso é seguro, igual que cos aparcadoiros, van adxudicar todo e non van xestionar ren. As melloras que corresponden a esas adxudicacións xa veremos para cando veñen, entroutras cousas as obras dos aparcadoiros, etc., xa as aturarán gobernos posteriores.

Está tamén o tema de seguridade contemplado no estudo da Federación. As principais reivindicacións son: varandas, espellos, sinais de circulación, pintada de estradas e pasos de peóns, semáforos nalgún caso, que hai pouco policía..., cuestións case todas de xestión ordinaria para o que vostedes contan con orzamento, prorrogado porque vostedes queren, pero orzamento.

Saneamento e abastecemento: do estudo sae que é unha das principais preocupacións, na memoria aparece coma o primeiro punto e repítese en varias ocasións. O punto do abastecemento e saneamento é absolutamente

crucial e daí que nós poñamos o acento no tema do saneamento e do abastecemento. Nós responsablemente fomos dos que apoiamos o programa Vigo-2005 no que nos pasamos ó final en luxerío esquecendo o interior e agora rematadas esas obras, temos inundacións na Alameda, fúndesenos Colón en poucos días, por non falar do escándalo no Polígono de Navia no que a Consellería de Vivenda ten que poñer catro millóns de euros polo destrozo nun 70% da totalidade da rede de sumidoiros e isto non é responsabilidade do Goberno senón da anterior Xunta.

Os outros temas de equipamentos e infraestructuras, á parte de aparcadoiros, parques infantís, zonas verdes, centros sociais, etc., é onde se recollen diversas propostas e de seguro que todas elas son absolutamente necesarias.

Estas son as demandas da Federación de asociacións veciñais, que non se fagan son fundamentalmente responsables vostedes por incapacidade. É certo que canto máis investimento mellor pero se non hai xestión axeitada estaremos tirando os cartos públicos, os cartos de todos que non sobran.

O compañeiro, Sr. Toba, falou do grave risco para a facenda municipal se se toman medidas irresponsables coma as que vostedes están a propoñer con esta modificación orzamentaria porque ó final danaríamos o interese xeral, pois cando o Concello precise dun plan de corrección de desequilibrio financeiro non haberá obras para ningún.

Gobernar é priorizar, xa o fixeron no orzamento de 2005 con grave disgusto pola nosa banda porque non incluíron moitas das peticións que na negociación que mantiveron connosco tentamos impoñer e entre elas a de saneamento e moitos dos problemas dos barrios e parroquias que estamos hoxe a analizar aquí. De todos os xeitos naquel intre tomamos a medida responsable da nosa abstención para precisamente posibilitarlles a vostedes que poideran gobernar aínda que a súa xestión lamentable realmente nos fai pensar que aquel día ó mellor non acertamos de todo porque non o fixeron ben.

É por iso que presentamos unha emenda á esta proposta de modificación. Coido que non preciso insistir moito na proposta de contidos e partidas respecto ó apartado de acordos vixentes, inesquecibles e ineludibles que hai que introducir porque se non pasará o que comentaba o Voceiro do BNG hai un intre, que dentro de pouco teríamos outra modificación orzamentaria enriba da mesa.

Esa proposta que se ten que asumir por riba de todo é onde inclue parte das cousas que vostedes presentan nesta modificación: a anualidade 2005-2006 do

auditorio-pazo de congresos, dúas sentenzas de obrigado cumprimento (EMPTY e OBRASCOM-HUARTE) que están na súa modificación orzamentaria e o demais é a segunda anualidade dos terreos do auditorio-pazo de congresos, adquisición do edificio do antigo Reitorado, a urbanización de Barreiro, o alleamento de terreos de Zamáns, etc. Teñen vostedes esa proposta incluíndo por suposto o convenio coa Deputación dos campos de fútbol o que posibilitaría que 5 barrios e parroquias da cidade tiveran campos de herba sintética absolutamente prioritarios. Por certo que nese convenio só aportamos o 25% e por iso hai que llo agradecer á Deputación que participou cun 75%.

O segundo apartado importante é de obras de saneamento e abastecemento porque entendemos e se nos enche a boca de dicir que é a infraestrutura fundamental e aínda temos moitos temas destes pendentes en Vigo. Dado que a anterior partida absolutamente obrigada para calquera Goberno chega a 12.229.000 euros é polo que aquí propoñemos obras de saneamento por un importe de 8 millóns de euros, unha partida na que se amplía en preto de 2 millóns de euros as propostas xa valoradas polos técnicos municipais en base ó propio estudo presentado pola Federación das asociacións veciñais "Eduardo Chao" na que se analizan as súas demandas neste importante terreo. Direilles que deses informes técnicos, salientando nada do que se refire á bolsa ou convenio con Aqualia que teñen o seu traballo de saneamento senón todo o demais, as propostas que están valoradas economicamente sumaban 6 e pico de millóns, nós poñemos un suplemento de preto de 2 millóns máis precisamente porque nesta valoración dos técnicos do Concello hai moitos baleiros. Lendo o informe barrio por barrio quedan algún fóra debido a que non existe memoria valorada desa necesidade.

Como o importante é atender ós prioritarios, ós máis urxentes e a seren posible incluír todos os barrios e parroquias que teñen esa necesidade, é polo que facemos esa ampliación de partida. Vou obviar ler en concreto os barrios porque ó final serían todos os da cidade porque absolutamente en todos hai algo que facer nese terreo. Precisamente por iso é polo que, como dixo o Sr. Soto, fixemos mesmo conversas por anticipado co Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia que está facendo grandes cousas por esta cidade no pouco tempo que leva coma tal; entroutras preocúpase de que a multa que temos polo mal saneamento da ría por parte da Unión Europea poida ser respostada cun plan de saneamento integral serio, a ver se a evitamos. Está o centro de interpretación das Illas Atlánticas, está a súa preocupación porque se declarara de interese público (aí o Ministerio tivo

moito que dicir) a nova depuradora e a súa colaboración con esa nova depuradora, etc. Pois ben a disposición do Conselleiro, Sr. Soto, é totalmente favorable a ampliar este convenio, a poñer outro tanto de xeito que lle dariamos unha boa atacada ó saneamento e abastecemento desta cidade, que por suposto debe xestionar o Goberno municipal.

Para rematar esta proposta de modificación orzamentaria inclúe tamén unha cláusula de salvagarda; xa temos experiencia de abondo, imos tratar precisamente unha moción do Partido Galeguista de qué pasou co Vigo-2005 porque se quedaron unha serie de rúas fóra da humanización e non me vou estender. O Goberno municipal fixo o que lle deu a gana co convenio Vigo-2005 e non queremos que isto volte suceder. Estamos dispostos a priorizar cos barrios, coas asociacións veciñais, darlles participación para que decidan cal é o realmente prioritario e ese é un labor que ten que facer o Goberno e espero que contando tamén cos Grupos da oposición.

Por iso incluimos cláusulas de supervisión política no sentido de que os proxectos derivados do Plan anterior antes de seren tratados pola Xunta de Goberno Local sexan aprobados pola Comisión de Xestión Municipal, o mesmo que os pregos de condicións dos concursos que se realicen en relación cos proxectos anteriores, antes de seren aprobados pola Xunta de Goberno Local serán aprobados pola Comisión de Control de Contratación. Estas son comisións xa existentes, non queriamos montar comisións especiais pero si facer que as que existen funcionen de verdade debido a cómo ten tratado estes temas un Goberno minoritario que non conta co resto dos Grupos da Corporación.

O terceiro punto sería que os convenios incluídos no plan anterior ou que se poidan acadar con outras administracións públicas poidan seren supervisados pola Xunta de Voceiros antes do seu tratamento pola Xunta de Goberno Local.

Esta é a emenda que propoñemos hoxe o Partido Galeguista e o Partido Socialista e esperabamos ata o último momento contar co outro Grupo da oposición, Bloque Nacionalista Galego, co que temos amplísimas coincidencias nesta proposta. Agás o punto que nós entendiamos absolutamente crucial de saneamento e abastecemento que son 8 millóns que se poden duplicar con ese convenio do que falei, en todo o demais hai pleno acordo co Bloque Nacionalista Galego. O que non queriamos porque sería entrar no erro, na provocación, era que da chea de proxectos pendentes que pide en concreto a Federación de asociacións de veciños, empezar a elixir cal en tal barrio porque todos son absolutamente necesarios, pero temos que

priorizar. Se entráramos no camiño de propoñer a atención nalgúns cousas concretas a un barrio e ó outro non, estaríamos facéndolle o caldo gordo ós que queren que haxa problemas. Nós non queremos problemas, queremos que se aborden realmente estes temas e por iso faciamos esa proposta sabendo que quedan moitas cousas fóra. Repito, gobernar é priorizar.

Pídolle ó outro Grupo da oposición que contribua a que deamos esa imaxe que deberemos dar neste tema absolutamente crucial e por suposto tamén llo pido ó Goberno.

Os tres Grupos da oposición témolo claro: a súa modificación orzamentaria é irresponsable e non a imos aprobar, non o escoitei explicitamente pero o sei co cal o podo dicir por parte do BNG, agás que eu estivera despistado, co cal iso non vai adiante.

Vostedes deciden se queren gobernar e facer as cousas que realmente están a pedir os veciños e veciñas de toda a cidade, e son vostedes os que teñen tamén esa decisión se é que o BNG non dá o paso adiante antes co que obviamente xa non sería necesaria a súa colaboración.

SR. FIGUEROA VILA: Imos tentar manter o mesmo nivel de discurso pero, Sr. Calviño, comprenderá que lle vou ter que contestar porque unha cousa é a forma do discurso e outra vai ser o fondo.

Dende o maior respecto pero dende a defensa dun Goberno que considera que está facendo as cousas correctamente, que ten proxectos, ideas, capacidade de negociación como se vai demostrar no discurso que vou facer e sobre todo que tentou nos últimos 2 anos e 3 meses que levamos de Goberno, non o esquezan porque parece que nesta cidade leva gobernando o Partido Popular 8 ou 9 anos e o que hai que analizar nese discurso que fixo vostede é de qué partiamos, en qué situación estaba esta cidade, qué deficiencias tiña esta cidade, qué é o que non fixeron vostedes durante moitísimos anos, etc.

Vostede fai que eu entre no discurso e así o dixo claramente no debate, dixo que quería facer un debate da situación da cidade e dos dous anos e tres meses deste Goberno. Pois nós non temos ningún problema e imos entrar nese debate, seguramente vaise prolongar un pouco aínda porque nós non tiñamos pensando facer un discurso da situación da cidade e da xestión deste Goberno pero xa que vostedes nolo piden, evidentemente terémolo que facer.

Antes quereda deixar algunhas cousas claras. Sr. Soto, eu non sei se esta é a primeira ou a segunda vez pero o que está claro é que nos últimos 15

anos seguro que é a primeira vez que se fai un plan específico para barrios e parroquias, estou totalmente convencido e ademais sei que é así.

Segundo, tamén se di que hai unha percepción do escaso investimento en barrios e parroquias; voulle demostrar que non é certo, pasa que eu penso que hai algúns corporativos dalgúns grupos, vouno dicir con absoluta tranquilidade para que non se pense que hai ánimo de tentar entrar noutras cuestións, que non len as comisións de goberno, dígoo sinceramente e con total franqueza. Algúns grupos non len as comisións de goberno porque non se enteran do que estamos facendo nesta cidade e como non se enteran eu voulles ter que dicir obra a obra as que estamos facendo para que se enteren. Dicir que nesta cidade non hai xestión, que non se están atendendo necesidades dalgúns barrios e parroquias é que non se enteran porque non len as comisións de goberno, loxicamente así non teñen documentación nin argumentos, se non é así é que están utilizando demagogia pura e dura.

Voulles dar datos reais e vou facer unha afirmación e se teñen argumentacións e queren ma rebaten: Este Goberno en 2 anos e 3 meses acadou para esta cidade un investimento total de 175 millóns de euros aproximadamente, o que quere dicir preto de 30.000 millóns das antigas pesetas, dígoo ben que non estou errando. Voulles dicir en qué: primeiro, cun orzamento só porque no ano 2004 non tivemos orzamento, no ano 2005 tivemos un orzamento de 20 millóns de euros en investimentos dos que 12 millóns correspondían a pufos que deixaron vostedes, tivemos só das arcas municipais, de financiamento propio, 8 millóns de euros nos dous anos e tres meses que levamos neste Concello. De 8 millóns de euros ata 175 millóns van 177 millóns que acadou este Goberno doutras administracións, ou é que as obras se fan do ar?

Mellora na rúa Alfonso XIII, 372.000 euros, melloras na rúa Tui, 341.000 euros, reparación da Praza Alba Plena, 147.000 euros, humanización da Travesía de Vigo, primeira fase, 800.000 euros, humanización da rúa Alfonso XIII, 86.000 euros, rúa Cervantes, 470.000 euros, redacción de proxectos de avenida Florida-avenida Castelao, 29.000 euros, obras de construción de muros de contención na rúa Alfonso XIII, 60.000 euros, rehabilitación dos muros do Parque Camilo José Cela, 70.000 euros, muro de contención da Praia da Punta, 33.000 euros, mellora ruínas na rúa Peñasco, 30.000 euros, rúa Pedro Alvarado, 2.730.000 euros, remodelación da zona das ostras, segunda fase, 300.000 euros, mellora da terraza do polideportivo do Berbés, 525.000 euros, substitución da cuberta do palco de música da alameda de Bouzas, 16.000 euros, construción da piscina de Valladares, 900.000 euros,

construcción dos vestiarios do campo de herba sintética de Candeán, 80.000 euros, execución de vestiarios San Xoán Poulo, 60.000 euros, subministración megafonías e melloras de pavillóns polideportivos, 55.000 euros, pista polideportiva Luis Ksado, 41.000 euros, vestiarios do campo de fútbol de Candeán, 59.000 euros, pistas de petanca de Beade, 22.000 euros, pavillón do Carballal, 173.000 euros, execución do retoping das pistas municipais de Balaidos (que se van comezar), 170.000 euros, substitución do pavimento do pavillón de Coia, 54.000 euros, convenio coa Xunta de campo de herba sintética do Monte da Mina, 600.000 euros...

Podería seguir con estas cantidades, co contorno da Alameda, a urbanización de Barreiro que imos sacar a concurso, convenio con Fomento pola avenida do Aeroporto e a do Arquitecto Palacios, saneamentos en Valladares, Bembrive, Cabral, etc., investimentos na depuradora, en Electromecánicos, camiños da Deputación, compra do pazo de congresos, etc.

Estamos falando só destas cantidades pequenas de obras de mellora, de humanización e de investimento, dunha cantidade de 61 millóns de euros, é dicir, entre 10 e 11 mil millóns das antigas pesetas. Logo está o pazo de congresos e o Casco Vello, estes son investimentos por importe de 175 millóns de euros. Non teño ningún problema en darlle a relación se teñen algunha dúbida.

Destes 61 millóns de euros en concreto, dos 10.000 millóns de obras pequenas aproximadamente, 20 millóns de euros foron destinados a saneamento. Como poden dicir vostedes que a Concellería de Vías e Obras non fixo melloras en saneamento?

Debía estar moi ben asfaltada e moi ben humanizadas algunhas zonas do rural desta cidade porque teño unha relación de 110 camiños que asfaltamos: en Alcabre 10, en Beade 13, en Bembrive 7, en Canido 4, en Castrelos 5, en Coia 3, en Coruxo 10, en Matamá 9, en Saiáns 4, en Sárdoma 4, en San Miguel de Oia 10, en Valladares 15, en Zamáns 11, etc.

Isto chámase xestión e capacidade de xestión con outras administracións. Isto é o que fixo este Goberno porque vostede coincidirá connosco en que acadar investimentos reais, en documentos que non en fantasías, nin no ar, é dicir, todo o que lles estou dicindo, estes 175 millóns de euros están recollidos en acordos de Xuntas de Goberno ou en convenios asinados por outras administracións. Sr. Calviño, isto quere dicir que ou esta cidade estaba moi, moi mal, ou vostedes non coñecen os investimentos que se fixeron.

Hai unha cantidade de investimentos importante no rural e nas nosas parroquias, evidentemente que agora hai que seguir mellorando en humanizacións, en viais, en instalacións con usos dotacionais, etc. Aquí xa non lle incluo esas xestións que se van facer por outro tipo de fórmulas, de concesións, etc., porque non queremos entrar niso para que o discurso sexa real.

Repítolle que eses cartos están acadados en xestións que fixo este Goberno durante os dous anos e tres meses que levamos. Por suposto que precisan máis investimentos, moitísimos máis pero niso é no que estamos.

Vostedes fixeron aquí un debate dicindo que os barrios e as parroquias da nosa cidade necesitaban investimentos; pois nós recollemos esa petición que vostedes nos fixeron. Fixemos unha primeira proposta dunha modificación de crédito o 12 de setembro do ano 2005; voulle ler o que dicía eu nesa intervención para que vexan que xa me estaba adiantando porque sabía que vostedes non ían aprobar ningunha modificación, nin ningún orzamento no ano 2006 porque algúns grupos teñen o obxectivo de asfixiar ó Goberno para que a cidadanía teña a percepción de que este Goberno está paralizado, de que non é quen de investir, nin de xestionar.

Eu dicía naquela intervención do 12 de setembro: "...eu fágolles agora unha pregunta: se mañá presentamos un orzamento do ano 2006 do Capítulo VI de investimentos, estas obras serían prioritarias ou non? terían ou non o consenso da Corporación? aprobaríannas ou non?". Dicía eu: "Non, Sr. Guerra, dirían que o Capítulo II está inflado ou que no Capítulo I de persoal non hai a oferta que queren; sempre hai argumentos, vostede non se preocupe que non van dicir que si, van dicir que non". Xa me estaba adiantando.

Sabíamos que vostedes ían dicir que non ó Orzamento do ano 2006, coma así foi. Calquera proposta que nós fixeramos vostedes a tirarían, se puxeramos saneamento vostedes dirían que sería necesario cumprir as súas mocións, se fixeramos humanizacións diríannos que serían necesarias melloras de viais. Vostedes o que lle están trasladando á opinión pública é que este Goberno non pode facer obras, porque a percepción que tería a cidadanía é que seguimos co mesmo programa de investimentos.

Hoxe pola mañá dicíalles ós meus compañeiros que a modificación de crédito que vostedes van presentar se chama "obras que non se vexan". Queren dicirlle á cidadanía que dan cartos pero en obras que non se vexan, obras enterradas para que non se poidan vender.

Iso non é serio porque se a súa proposta fose seria e rigorosa diría concretamente para qué van destinados eses 8 millóns en saneamento. Vostedes non saben nin as necesidades, puxeron 8 coma poderían poñer 10, ou 5, sobrábanlles 20 millóns e dixeron que 8 para saneamento. Díganme se teñen unha proposta dos 8 millóns. Saben vostedes cales son as necesidades de saneamento desta cidade, en concreto e ónde? Cómo poden vostedes facer un discurso dicindo que estamos facendo contra o Orzamento e contra a facenda municipal un proxecto irresponsable se vostedes presentan 20 millóns de euros? Non son serios, estannos dicindo a nós que presentamos case 22 millóns que estamos atentando contra a facenda municipal e van vostedes e presentan unha modificación de 20. A vostedes non os pode crer ninguén. Cómo poden dicir por un lado que estamos atentando contra a facenda e contra a economía deste Concello e van vostedes e presentan unha modificación de 20 millóns? Onde está o rigor de seu? Loxicamente se vostedes din que estamos atentando contra a facenda municipal non nos poden presentar o mesmo importe da modificación de crédito que nós estamos presentando. Iso chámase falla de rigor, de seriedade e de responsabilidade política pero como vostedes presentan a modificación de crédito do que non se vexa ímola discutir.

Coma segundo tema querería entrar na situación económica que ten este Concello porque se lle poden trasladar á opinión pública datos que non son reais e a min gústame dar os datos reais. O superávit consolidado no ano 2005, que non estou falando de remanentes, é de 28 millóns de euros, máis 19 millóns que por estar prorrogado este ano o orzamento se van amortizar durante o ano 2006, estamos falando de 47 millóns de euros de superávit, datos que se poden ratificar. Se a incorporación de remanentes de gastps do ano 2005 son 24.200.000 euros quedaríanos de superávit 23 millóns de euros. Nós traemos unha modificación de créditos contra remanentes de tesourería por 22 millóns co que a estabilidade orzamentaria está garantida. Coido que isto está clarísimo e aínda sobraríanos 1 millón de euros.

O Sr. Toba falaba dos ingresos. É certo que estamos no 100,07 pero el tamén sabe que no Capítulo I de ingresos que é o que realmente temos que ter en conta, se no ano 2003 estaban no 90,05 e este ano pasamos ó 103,3 o que quere dicir que estamos por riba do 100%, que se cumpren as previsións, ónde non se cumpriron este ano as previsións? Sabiamos que ó non aprobar o Plan Xeral evidentemente de 152% que tiñamos rebaixamos ó 99%, pois aí é onde está pero aínda así estamos por riba, cumprindo as previsións de ingresos.

Estes non son discursos radiofónicos porque a ver se agora lle van prohibir vostedes ó Goberno falar cos medios de comunicación e trasladarlle á cidadanía todas aquelas cuestións e propostas que crea oportuno; Igual que vostedes falan ante os medios de comunicación tamén fala o Goberno e repite novamente que a situación económica deste Concello, a saúde económica, é excelente, moi boa. Digo isto así de claro gústelle ou non e por iso podemos permitírmonos o luxo de facer unha modificación de crédito contra remanente de tesourería por importe de vinte e pico millóns de euros, porque nolo permiten os datos económicos deste Concello.

En canto a outros temas de fondo propagandístico teño que dicir que a Federación e as asociacións veciñais cando presentan unha demanda e unhas necesidades consensuadas por eles Sr. Calviño, paréceme que son necesidades reais. O Goberno o único que fixo e penso que é unha postura hábil, gústelle ou non, foi recoller esa petición que nos fai a Federación de Veciños e trasladala a unha modificación de crédito. Facemos isto porque coidamos que se os veciños presentan esas demandas é porque son reais e nós o que facemos é trasladalas ó Pleno desta Corporación.

O problema de formas é que vostedes o que non queren é votar esta modificación de crédito e por iso buscan calquera argumento porque o argumento, se non fose o que lle fixemos nós sería outro, sería calquera como dicía na miña intervención do 12 de setembro porque o problema é que vostedes no ano 2006 e 2007 non queren que fagamos ningún tipo de obra. Estamos tentando facer un convenio coa Zona Franca onde o custo dos cartos para este Concello é cero en intereses e vostedes din que non; non queren que fagamos máis obras. Iso é o que teñen que lles dicir ós cidadáns: algúns grupos da oposición non queren que o Goberno faga obras. Esa é a única realidade que hai, dá igual que se chamen campos de fútbol, que se chame saneamento, humanizacións, é igual.

Dentro deste Plan vai un plan de investimentos deportivos que nunca se fixo na historia desta cidade, de melloras de campos de herba sintética coa aportación da Deputación e non sei se vostedes dirán que si ou que non, supoño que se van dicir que non ó conxunto dirán que non absolutamente a todo.

Nós non vimos de vítimas, nós o único que temos son proxectos, ideas para esta cidade e poñémolas enriba da mesa. Vostedes teñen que comprender que nunha Corporación o Goberno é quen ten que tomar a iniciativa porque se non farían un discurso ó revés, dirían: este Goberno non ten iniciativas, non ten propostas, este Goberno non sabe por onde anda. Non, este Goberno ten

ideas, ten proxectos, propostas e ademais ten posibilidades económicas de sacar iso adiante sen romper a estabilidade orzamentaria deste Concello. Ou é que vostedes van poñer agora en risco unha proposta de 20 millóns de euros para mellorar todas as parroquias desta cidade única e exclusivamente porque os convocamos á mesma hora que á Federación de Veciños? A min paréceme ridículo ese argumento, coido que ata me parece un insulto á Corporación e a todos os veciños desta cidade que vostedes poidan poñer en risco unha modificación de crédito e uns investimentos porque din que se lles convocou á mesma hora que á Federación de Veciños.

É normal que se lles convoque á mesma hora porque nós tamén temos que ter o visto e prace da Federación de Veciños. Vostedes din que non consensuamos e cómo que non consensuamos? Qué Goberno ten máis comisións? O exemplo é claro porque vostedes tentan presentármonos unha modificación de crédito e nola entregan hoxe pola mañá, onde están as formas de seu? Vostedes teñen interese en que saia esta modificación? Non, pasa que vostedes queren facer o discurso de cara á galería.

Con respecto á intervención que fixo o Sr. Calviño sobre algunhas áreas deste Goberno. O problema da limpeza búsqueno no contrato que fixeron vostedes, foi tan magnífico o contrato que fixeron de limpeza para os próximos anos que ó ano e medio xa estaban pedindo unha ampliación. Eses son moitas veces os problemas de facer adxudicacións cando "ó mellor non son as mellores ofertas"; as consecuencias veñen agora porque hai que facer ampliacións de contrato que vostedes non deixaron previstas.

Sr. Calviño, fale co seu Goberno, co Goberno do Partido Socialista que foi o que fixo a adxudicación deste contrato, ademais porque eran vostedes os que gobernaban nesta área no ano 2001-2002 cando coido que foi a adxudicación. Agora temos as consecuencias dun mal contrato e dunha mala adxudicación. En calquera caso, estamos tentando mellorar este tema e estamos tentando sacarlle a máxima rendabilidade posible.

Con respecto a Vías e Obras: eu non teño que saír en defensa de ningún compañeiro pero o vou facer do Sr. Iglesias porque se alguén atopa tantos investimentos en dous anos como se fixeron neste departamento que o poña enriba da mesa, nin os fixo o Sr. Arca, nin don Uxío González, nin coido eu que ningún compañeiro porque falar de preto de 60 millóns de euros, de 10.000 millóns das antigas pesetas en 2 anos é case imposible. O Sr. Iglesias é unha persoa á que lle gusta traballar sen sair nos medios de comunicación pero aí está o seu traballo de asfaltados, de melloras, de mantemento, etc., porque habería que facer unha reflexión na cidade que

vostedes deixaron, ou as beirarrúas levantáronse todas no último ano? Esta cidade estaba calamitosa. Os cartos están investidos aí, cando presentaron vostedes un plan de mantemento para esta cidade? Xamais. Este Goberno ten a iniciativa de presentar un plan de mantemento de 2 millóns de euros dentro desta modificación de crédito que sería unha partida importante aínda que non suficiente para rematar e mellorar todas as beirarrúas da nosa cidade que nalgúns casos necesitan non só mantemento, agora xa precisan unha profunda reforma e humanizacións completas.

Con respecto ó transporte coido que se están facendo esforzos importantes, insuficientes pero importantes. Vostede pon enriba da mesa unha serie de contratos, pois nós non temos présa, o que queremos son contratos rendibles para este Concello e para os seus cidadáns. Como vostede comprenderá tanto no guindastre, coma no mobiliario urbano, na ORA o que temos é que facer o mellor contrato e a mellor adxudicación posibles; non temos ningún tipo de présa. En canto ó tema do mobiliario urbano pregúntelle ó Goberno daquela do seu partido político porque había unha adxudicación cunha reversión e ó ano se cambiou o da reversión, é dicir, agora este Concello vai pagar unha decisión do ano 90 cando había un contrato que contiña unhas condicións claras de reversión de todo o material ó Concello e non sabemos por qué se tomou a decisión ó ano de cambiar a condición da reversión e agora todo o material é propiedade da empresa. Pregúntenlles ós seus compañeiros que o fixeron porque non o fixemos neste Goberno. Agora pagamos as consecuencias e ademais vostede critica esta decisión. Pregúntelle a aqueles que gobernaban nos anos 90-91.

Eu coido que a proposta que fai este Goberno é seria, rigorosa, responsable, consensuada gústelles ou non, é máis e con ánimo de dicir a verdade: é unha proposta presentada pola Federación Veciñal que o Goberno asume porque se dá conta que todas esas peticións que fan os veciños son responsables, reais, demandas que todos coñecemos. Seguramente habería xeito de priorizalas doutro xeito, niso podemos coincidir, estou totalmente convencido de que se nos sentamos cada un dos 27 membros da Corporación faría unha proposta distinta con matizacións, pero a proposta que se presenta é boa e iso non quere dicir que non poida haber matizacións, evidentemente, nós presentamos unha proposta que basicamente recollía moitas destas peticións pero outras non.

Démonos conta que a Federación de Veciños que coñece realmente cada unha das peticións dos barrios, realmente coñece mellor a realidade que nós mesmos e o que fixemos foi asumila e traela ó Pleno da Corporación. Iso foi

o que fixemos e por suposto que imos defender a proposta que presentou o Goberno dos 22 millóns de euros aproximadamente que traemos para aprobación.

Poderíase seguir falando doutras moitas cuestións pero, Sr. Calviño, vostede que foi quen ademais incidíu no repaso da xestión busque a ver se hai algún goberno que en dous anos e tres meses acadara investimentos por preto de 175 millóns de euros para esta cidade cun só orzamento, o do ano 2005, e ademais nese Orzamento do ano 2005 de 20 millóns de euros, con 12 asumimos débedas de gobernos anteriores e polo tanto este Goberno só tivo de orzamento 8 millóns de euros, o resto foron xestións. Supoño que haberá talante, talento, capacidade de negociación, de consenso, etc.

Non ia falar deste tema pero como se está falando tanto e se está calumniando sobre as obras de humanización do contorno da Alameda, voullas pasar un informe onde se detectan todas as deficiencias que houbo de colectores, etc., e verán que os maiores problemas veñen por un mal remate, e non lle boto a culpa ó Goberno dalgunhas obras do aparcadoiro de Urzáiz. Aínda recentemente tivemos un problema grave en Cervantes, logo dareilles un informe para que dunha vez por todas deixen xa ese debate.

En canto á colaboración que tivemos doutras administracións teño que dicir que no mes de setembro ou outubro fixemos unha petición á Autoridade Portuaria para rematar o colector porque había un problema en Colón e así poderíamos sacar as augas de todo Urzáiz. Dende a Autoridade Portuaria a colaboración foi cero, a día de hoxe aínda non nos deron o visto e praxe a esa petición e agora dinnos que temos que facer un tanque de tormenta aí, qué queren? Non o dixemos publicamente pero xa que vostedes nos meten o dedo nos ollos evidentemente témolo que dicir. Aquí está ese informe negativo da Autoridade Portuaria a un colector de 500 metros. Cando empece a chover algún será o responsable, nós non, dende logo.

Esas son cuestións nas que nós non queríamos entrar pero espero que a miña intervención lles poida clarear a algúns membros da Corporación o que se está invistindo nesta cidade. Evidentemente non relatei todas as obras de saneamento, nin de electromecánicas, nin de camiños, nin de investimentos da Deputación, nin de investimentos en centros sociais, culturais, etc. Que nesta cidade quedan moitas cousas por facer? É certo. Nesta cidade seguramente se puxeramos enriba da mesa 50 ou 60 millóns máis de euros para barrios e parroquias se cubrirían outras obras, evidentemente. Se puxeramos cantidades, as que quixéramos, enriba da mesa serían insuficientes porque

esta cidade ten moitas necesidades e hai unha demanda moi importante pero as cousas as hai que facer ós poucos.

Nós estamos tremendamente satisfeitos do labor que fixemos ata agora, evidentemente quedan moitas cousas que facer e imos continuar con ese traballo, pero tamén lles digo que nos últimos 8 meses este Goberno está recibindo, agás da Deputación, doutras administracións unha atención cero en temas concretos que pide o Goberno. Iso tamén o temos que dicir e esperemos que sexa porque o Goberno da Xunta aínda está aterrando e que investimentos importantes coma ese convenio de infraestructuras que é necesario e para o que pide o Sr. Fernández continuamente coma é o do Pontillón e algunhas obras máis que hai por aí, ás que mesmo o Voceiro do BNG facía referencia se poidan ir concretando.

Tamén é certo e haino que dicir publicamente que hai unha Consellería que está facendo as cousas alomenos ben no tema de Navia, non podemos dicir nada en contra da Consellería da Vivenda que está acometendo as reformas de melloras de cousas que quedaron en malas condicións. Esperemos que ese sexa o labor de todo o Goberno galego a prol desta cidade porque é importante.

Se vostedes nos anuncien agora aquí que a Consellería de Medio Ambiente está disposta a facer un investimento similar ó que presentan vostedes, pois déixennos o beneficio da dúbida porque podemos crelos ou non, eu penso que o máis serio, o máis institucional, o máis correcto sería que se ten vontade ese Conselleiro de Medio Ambiente de facer investimentos nesta cidade que se poña en contacto coa Sra. Alcaldesa e estou convencido que o recibirá correctamente, cordialmente e poralle todas as alfombras necesarias para que veña a esta cidade e se poida facer un convenio de saneamento e abastecemento para o futuro que tamén sabemos que é necesario para necesidades importantes que temos de mellora de redes e remates dalgúns saneamentos das nosas parroquias.

Con isto remato, coido que esta intervención era necesaria, espero que o estilo lles gustara, supoño que o fondo non pero alomenos que no estilo non me critiquen porque coma din sempre que racho os debates coido que hoxe tiver unha intervención o máis doada, o máis correcta posible e ata eu penso que nun ton perfecto.

SR. SOTO FERREIRO: E ademais como hoxe o Sr. Figueroa non ten un espello lle vou devolver unha intervención coma a que fixo el, para que se mire ó espello porque eu si que fixen unha intervención suave na miña primeira intervención e o foi a mantenta, para esperar a posibilidade dun acordo

global se realmente iso poidera ocorrer, se non fose que vostedes me acaban de demostrar o que por outra banda eu xa esperaba.

Sr. Figueroa, eu non sei por qué vostedes levan este tema a un debate do Estado da nación viguesa, só lle fallaron algunhas cousas, falloulle o AVE, o Aeroporto, a nova autovía Vigo-0 Porriño, a peaxe de Rande, a ampliación portuaria, as depuradoras..., poderíamos falar máis cousas das súas xestións ou dos seus baleiros de xestións con gobernos da súa cor política. Digo isto polo que ven de queixas aquí e de acolá.

Eu lamento que levasen vostedes esta deriva do que tería que ser un debate sobre o tema que estamos a tratar hoxe, sobre unha especie de "totum revolutum" no que parecía que estábamos a falar, non xa dos orzamentos deste ano, senón de orzamentos de todos os anos do Goberno do Partido Popular no Concello de Vigo. Cando chegue o momento xa lles darei uns datiños de cousas das que deberíamos falar. Polo camiño, para non entrar nese tipo de debate, porque en todo caso se quixeran entrar nalgún debate dese tipo teríalles que dicir que por qué non presentaron vostedes os Orzamentos de 2006?

Sra. Alcaldesa, Sr. Figueroa, vostedes saben que tiñan a obriga legal de lle presentar uns orzamentos ó Pleno da Corporación? Non en función do que lles convén ou non, do que lles gustaría ou non, nin siquiera do que digan os restantes grupos políticos do Concello de Vigo, senón que é a súa obriga legal traer un orzamento ó Pleno da Corporación e, por certo, en tempo e forma no mes de outubro; obriga legal, está escrito na lei e coma se atrevan a dicirme que non, voules dar por escrito os artigos nos que se atopa esa obriga. Pero vostedes non fan iso porque se escudan nos argumentos de hoxe.

Esa diatriba xeral e xeralista é cando menos inxusta porque o Partido Galeguista, non por vostedes, senón porque entendiamos que obxectivamente era mellor para Vigo, xamais estivemos a obstaculizar os orzamentos e mesmo se non nos gustaban coma lles dixemos en máis dunha ocasión. Tamén lles dixemos a vostedes e a todos e todas os vigueses que cando nós nos opoñemos a un tema é porque coidamos honestamente cando menos, con razón ou sen ela, que temos unha alternativa mellor e lla poñemos enriba da mesa. Xamais fixemos política do non porque non. Polo tanto ese discurso xeralizador é absolutamente incorrecto.

Coma aquí hoxe está de moda falar do Sr. Iglesias eu tamén vou falar moi de pasada del para constatar a súa bonhomía, o seu rigor e o seu traballo na miña opinión, pero realmente respectan ó Sr. Iglesias dende o Goberno

municipal coma o facemos os que non somos dese Goberno? Só lles vou poñer un exemplo que é público e notorio, por qué na Comisión da Bicicleta na que estivemos sentados todos os grupos municipais el tiña unhas propostas xunto cos demais grupos e vostedes non as levaron adiante? Non quero entrar a tocar nada máis da xestión do Sr. Iglesias, se lle fixeran caso ó Sr. Iglesias seguramente mellor andarían as cousas nese e noutros máis eidos dos que non me interesa falar para nada porque non é ese un tema do debate de hoxe.

Dicíalles que vostedes seguen a se escudar en que non habería orzamento do 2006 se o traen. Primeiro, era a súa obriga traelos e, segundo, volvo dicir o mesmo porque este discurso para o Partido Galeguista si que é liñal: unha de dúas, ou somos quen de lles presentar unha alternativa mellor que ogallá fose posible, ou se non é así xamais van ter o obstáculo do non polo non por parte do Partido Galeguista. Entenderon o que lles dixen? Pois non fagan ese discurso catastrofista, victimista, xeralista porque é inxusto.

Vostede fai un descarte xeral das nosas proposicións, cousa que eu nin fixen nin vou facer. Vostedes teñen unha vantaxe nisto, eu non lles vou descartar que o que propoñen son obras interesantes para a cidade de Vigo. Vostedes desprezan o que lles acabamos de propoñer dicindo que son (non lembro a frase exacta) "cousas para que non se vexan". Qué mágoa que non fagan vostedes esas cousas e que non fagan unha aposta por realmente resolver os problemas de saneamento de Vigo, problema gravísimo na opinión de quen fala no nome do seu Grupo, e vostedes chámanlle "obras que non se vexan"; fantástico.

Por certo, tampouco vostedes comprenden a indiosincrasia dos veciños das parroquias e dos barrios de Vigo porque senón moito cambiou a súa psicoloxía. Eu vou ás veces por algúns barrios e parroquias e falo coa xente, ademais é unha constante histórica ese traballo e os veciños do rural créanme que teñen un altísimo aprezo polas obras de saneamento. Están vostedes gravemente trabucados tamén niso e se non o están, unha de dúas, ou non van polas parroquias e non saben o que pensan os veciños, ou din o que non é. Eu dígolles publicamente que si son obras altamente estimables polas xentes das parroquias e dos barrios de Vigo.

Ese non é o obxecto do debate, se son máis ou menos estimables en todo caso; o obxecto do debate é se somos quen de primeiro poñer con rigor cantidades enriba da mesa e non as manipulamos porque o falar non ten cancelas.

Digo novamente que se vostedes fan trampas, se presentan unha relación de débedas na que falla outra relación e que necesariamente vai haber que acometer logo, están facendo trampa. Ó mellor a nosa relación non é exhaustiva porque non temos o aparato do funcionariado municipal, pero en todo caso o que si está claro e debera de ruborizalos, é que a nosa relación de débedas é máis ampla que a de seu, a que vostedes presentan sendo o Goberno e tendo ós funcionarios para traballar con vostedes. A diferenza é que uns queremos saber a realidade e outros, vostedes, sábena tan ben coma nós pero a agachan, así de claro.

Non quixen tocar o das formas porque é que me cheira mal xa ese asunto e ademais dígolles sinceramente que me dá vergoña falar dese tema, desa preterición que fixeron cos demais grupos da Corporación, pero que deduzan os demais: vostedes convócannos "por motorista" dun sábado para un luns para falar dos orzamentos, dicía a convocatoria; cuestión orzamentaria. Chegamos á reunión, atopamos na mesma antesala de espera ca nós á Federación Veciñal e logo de saudármonos entramos na reunión e preséntannos vostedes o que nos presentaron. Ademais vostedes, vostede persoalmente, Sra. Alcaldesa, dilles ós veciños que hai un Pleno o venres e non respecta, xa non ós demais grupos, á legalidade vixente, ó Regulamento orgánico municipal que di que a Xunta de Voceiros é quen fixa as convocatorias de Pleno, etc., e vostedes fálanos antes cos demais. Paréceme moi ben pero respecten a lei, xa non digo as formas, nin o respecto que lle deberíamos merecer os demais.

Dígolles máis, na miña opinión esta é unha trampa para "cazar elefantes". Vostedes non tiñan unha intención real de que se aprobara o que presentan e se a tiñan entón de verdade que non os comprendo porque por cuestións máis nimias, menos inundiosas, menos amplas, non falamos cos demais grupos da oposición por ver cómo se pode facer? De este tema nin unha palabra, alomenos co Partido Galeguista que os demais non sei, que falen por se mesmos. Por qué isto? Non fomos leales con vostedes para o ser con Vigo que non con vostedes? Non tentamos axudar en tantos e tantos temas? Non por vostedes, por Vigo. Se neste tema se coidásenos que estaban absolutamente acertados tamén estaríamos dispostos a axudar, pero entendemos que non o están e dixémoslles por qué, porque presentan cifras que non son correctas e así dalles o que lles dá. Queren comparar cifras coma se fosen semellantes cando están moi lonxe unhas das outras. Hai unha falla de rigor cando menos importante no que presentan.

Ademais vostede, Sr. Figueroa, na súa intervención despreza a emenda que lles presentamos o Partido Socialista e máis nós dicindo que non ten concreción. O Sr. Calviño xa lles adiantou algo e é que temos unha relación de obras semellante á que propoñen vostedes, obras de saneamento, de estimacións, opinións técnicas, pero ningún proxecto, nin siquiera memorias valoradas agás algunhas excepcións pero nin moito menos todas. Escollimos o camiño do rigor en dúas cousas: no trato económico e na participación e ese camiño debe ter na miña opinión dúas vías: unha definir politicamente o que queremos facer con participación naturalmente das asociacións de veciños e da Federación Veciñal e definido isto solicitar proxectos concretos, cando menos con urxencia memorias valoradas para poder dar pasos con rigor porque vostedes, que si tiveron o tempo que quixeron para presentar a alternativa que presentan non traen proxectos para apoiar o que din que queren facer e tampouco iso é correcto; vostedes sábeno ou, a qué xogan? Aínda por riba en troques de calar teñen a desfachatez de dicirnos que non acabamos de concretar e falan dalgo ó que me apunto: do rigor.

Din que collemos as débedas e que chegamos só ata unha cantidade; naturalmente, é de bo administrador facelo así, a qué estou obrigado a atender? Primeiro un ten que atender ás súas débedas e ver coma se poden atender do mellor xeito posible e logo analizar qué cousas se poden facer, ata onde dan os cartos, Sr. Figueroa. Os nosos cartos non dan para iso porque vostede pode falar o que lle pete pero respóndame unha pregunta para amparar a bondade da facenda municipal: por qué estamos pagando ós nosos provedores con meses e meses de atraso?

Cando fagan referencias do tempo, unha de dúas, ou matiza ou fagan estas cousas tamén porque houbo tempos nos que o Concello pagaba relixiosa e escrupulosamente a tempo. Non era unha virtude do Alcalde daquela que o podería inspirar, pero era unha virtude do grupo político que estaba con el e dos demais grupos e das xentes que axudaban a gobernar. Vostedes non se marcan esas metas nin eses obxectivos e polo tanto o resultado é o que é e iso, coma dixo Xabier Toba, debiera ser un obxectivo de todos, apúntome a ese comentario, imperecedeiro no tempo, para antes, para agora e para logo tamén.

Sr. Figueroa, as opinións cada quen as podemos manter coma nos pareza oportuno, o que non me parece correcto é vostede dicindo que ten unha intervención coma a que ten, mire a diferenza: eu aprecio e respecto absolutamente a proposta que vostede fai, vostede despreza e pretende ridiculizar a que facemos os demais. Ese é o espello que lle devolvo e ó

que eu non me apunto e dígolle, Sr. Figueroa, que o Partido Galeguista de ningún modo pode votar a favor dunha proposición que fan vostedes que pode desequilibrar a facenda municipal. Ademais diso facémoslle outra que, alén de non desequilibrar a facenda municipal, ten un matiz de contidos, está dentro dos problemas xerais que recolle in extenso o traballo feito polas asociacións veciñais de Vigo e pola Federación Veciñal, pero é unha matización dentro deses traballos.

Se vostedes por último cando falan de que queren o consenso, dígolles, de qué consenso? Daquel que quere que o Pleno lle vote cousas para logo facer da súa capa un saio e facer o que lles pete? Do consenso de que aprobemos mocións no Pleno da Corporación para logo non as cumprir? Qué credibilidade, Sr. Figueroa, nos pode merecer ós demais a posibilidade de acordos con vostedes cando non cumpren os anteriores? Ou alomenos os que non conlevan gasto e volvo outra vez ás mocións .

Cando lle escoiten dicir ó Partido Galeguista: "daquí en diante non nos fiamos de vostedes" non o faremos ata que non dean conta dese apartado. Cumpran as mocións que non conlevan gasto, respecten a democracia, respecten os acordos da maioría do Pleno da Corporación e entón naturalmente poderemos falar con vostedes de acordar o que sexa. Mentres non sexa así a súa credibilidade de goberno para nós está absolutamente entredito.

SR TOBA GIRÓN: Vou ser breve porque coido que o fundamental que o BNG quería dicir a respecto do expediente que ven a Pleno está dito, pero vou facer uns apuntes.

En primeiro lugar, o discurso do Sr. Figueroa é un "déjà vu", iso xa o escoitamos moitas veces, xa vai sendo hora de cambiar de discurso e ese sistema de ventilador nin é útil politicamente, créanme, pero ademais é que eu diría que linda co engano.

Xa lle escoitamos ese discurso no mes de setembro, escoiteillo no debate dos orzamentos do ano 2005. Eu xa sei que o Sr. Guerra foi quen se encargou dese debate, pero foi vostede quen puxo o discurso de verdade e vai seguer repetindo o mesmo discurso. O problema é que os cidadáns de Vigo perciben outra cousa, vostede poderá repetir todas as cifras e actuacións que queira.

En segundo lugar sinceramente coido que non se podía facer peor politicamente, ademais esa forma de facer comunica no tempo con outras formas de mal facer do Goberno municipal. Non vou entrar na dirección que

está tomando o debate porque non a imprimimos nós, tampouco nos corresponde neste momento pero a nosa posición é clara.

Que ninguén fale en nome do BNG porque ten voz propia. O noso Grupo pronúnciase con toda claridade alí onde está, ninguén precisa citármonos e traballamos lealmente con quen quere traballar con plena lealdade, que ninguén ocupe a nosa voz ou pretenda substituíla porque nós temos suficiente capacidade para emitir o discurso e presentar as propostas que nos parecen axeitadas e esas son as que nos representan e ningunha máis.

Non quería eu entrar nese tema pero por se acaso apuntarei que durante os últimos días efectivamente houbo reunións dos tres grupos da oposición suscitadas a raíz de declaracións varias, en parte polas miñas declaracións e polas do Sr. Soto e quero que se saiba que a primeira proposta que houbo enriba da mesa foi a elaborada por nós; non engano a ninguén e estou falando con total claridade. Desá proposta o Grupo municipal Socialista e o Grupo do Sr. Soto manteñen o primeiro bloque de propostas co que por suposto concordamos porque o primeiro criterio de actuación orzamentaria é atender, dar prelación, dar prioridade ós compromisos municipais; ese primeiro bloque se transcribe directamente á nosa primeira proposta e por suposto que si. Un segundo bloque a respecto da proposta de supervisión política que tamén foi elaborado por nós e que, por certo, non está completo porque como xa expresei na última reunión era unha parte que estaba aínda por reelaborar por mim mesmo, pero apreciamos que se incluíran esas dúas perspectivas.

Non estamos de acordo coa outra perspectiva coma xa puxemos de manifesto no seu momento en distintas reunións, si aprezaos como máis sensataa posición enunciada por unha parte da oposición na medida en que cando menos se suscita a atención ó que son os compromisos do Concello de Vigo e na medida en que establece, se cadra superficialmente, algún mecanismo de control político do que necesita dotarse este Pleno para evitaren que o Goberno en minoría do Partido Popular faga da nosa capa, da capa de todos e todas, un saio.

Segundo bloque de precisións: Eu tamén coñezo o que pasou no Areal co tema da conexión famosa que agora sei que denega o Presidente da Autoridade Portuaria, comunicación que non teño e que lles encarecería que me enviaran. Pero ese problema víase vir porque cando se estaban rematando as obras do túnel do Areal, aquelas obras que se iniciaron no mandato do ano 1999, cando o Sr. Corral quería meter un scalextric pola rúa Areal e ó final por un momento tivo un punto de lucidez e coma membro desta

Corporación aceptou un criterio moito máis sensato cal era continuar con esa magnífica obra que será no seu día o cinto de toda Beiramar, unha vez que cambiou de posición e se redactou o proxecto, proxecto que o daquela Alcalde, Sr. Pérez Castrillo, non puido inaugurar porque polo medio houbo unhas eleccións municipais e cambiaron as correlacións de forza, indicamos en sucesivas ocasións eu mesmo e o Sr. Fernández que antes de rematar a derradeira fase daquela actuación e antes de que ninguén se precipitara a ir coas tesoiras a cortar cintas de inauguración se completara esa parte da obra. Pero aquí os peitos aparecen para se poñer medallas e demasiadas veces non aparecen cando hai que realizar o traballo de xestión.

Agora temos varios problemas na resolución dos problemas, e por iso estou pedindo esa documentación, Sra. Alcaldesa, colaboraremos na medida que poidamos. Pero no fondo esa comunicación, independentemente da posición do Presidente da Autoridade Portuaria, denota a falla de xestión política na relación coas outras administracións porque ese problema se debeu resolver cando o Presidente da Autoridade Portuaria era o Sr. Pedrosa, alí, daquela e antes de se precipitar a inaugurar, e atendendo a quen coñeciamos bastante a fondo ese proxecto de obra; pero non se fixo caso.

A Consellería de Vivenda está reparando en Navia o que outros deixaron coma un "desaguizado" e vai acometer as obras de reurbanización, de urbanización da terceira fase e de reurbanización da zona mesmo xa entregada ó Concello de Vigo. Vostedes agradecen a colaboración? Agradézoo en nome da Conselleira pero, Sr. Figueroa, o outro día houbo alí un problema cunha tubería que está na zona que está entregada ó Concello de Vigo. Alí estiveron, á parte do Delegado da Consellería, os meus compañeiros, Sr. Fernández e Sr. Viéitez, pois non apareceu nin a Policía Local para sinalizar as obras que se estaban realizando; apareceu posteriormente porque chamei ó Sr. Coello e non contestaba, o concelleiro de Seguridade estaba co móbil desconectado e chamei ó Sr. Figueroa cara ás 7 da tarde aproximadamente, para lle indicar que realizándose a obra de corrección que nestes momentos é só un parche, o Goberno municipal que é quen ten a competencia nesta cidade, que son vostedes, cando menos enviase unha patrulla da Policía Local para poder facer un sinalamento axeitado das obras. Miren onde están vostedes, están cos pés a 3 metros de terra sen saber o que está pasando.

A xestionar e a traballar que para iso están vostedes aí neste momento.

O BNG coa súa propia voz presentará as iniciativas que lle parezan axeitadas e nos momentos axeitados e colaborará coma fixemos sempre porque

nós non queremos un Vigo paralizado, non queremos que ninguén se desquite de ninguén dándolle patadas alí onde as costas perden o seu honroso nome, a toda a cidadanía de Vigo.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Quizais empezar por un punto que me gustaría non ter que voltar abordar neste Pleno da Corporación, sobre o discurso "déjà vu" do Sr. Figueroa.

Estamos cansos neste Grupo municipal de escoitar permanentemente referencias ó pasado, á cidade que colleron cando chegaron, falar dos pufos de non sei qué de 12 millóns, de adxudicación da limpeza; estamos fartos. Pediríalle, Sr. Figueroa, que dunha vez por todas deixe de facer historia para que os demais non teñamos que nos meter en historias e procurarei non o dicir en ningún Pleno máis. Non nos faga vostede lembrar ó peor Goberno na historia municipal do Concello de Vigo segundo moitos observadores, non só dende o meu grupo, senón cunha observación obxectiva; non mo faga lembrar porque entroutros estaban naquel Goberno vostede e a Sra. Alcaldesa, dona Corina Porro, non me faga facer referencias á actitude da Xunta presidida polo Sr. Fraga Iribarne con respecto a ese Goberno de maltrato descarado a Vigo. O Partido Socialista ten moita historia, tena boa, mala e regular pero queremos responder polo actual e polo futuro, deixémonos de historia respecto ó pasado.

Si que lemos as actas da Xunta de Goberno Local, dúas concelleiras fano extraordinariamente ben: Sra. Graña e Sra. Sío. Si que temos información do que fan vostedes, información cotiá e vostede sábeo porque cando vemos algunha cousa que non nos gusta solicitámoslles maior información e por iso teñen amplas solicitudes e amplos escritos pola nosa banda ó respecto; non veña con historias respecto a iso.

Non queremos falar do feito, benvido todo o feito, os 20 millóns en saneamento, benvido todo. Estamos falando do que queda por facer e cal é a mellor opción para investir os escasos cartos cos que contamos para o facer.

Paréceme un insulto que vostede faga referencia ó abastecemento e ó saneamento nos termos que o fixo porque eu podería acudir a moitas actas, a intervencións de seu en moitos Plenos desta Corporación onde fai referencia á vital importancia das obras de saneamento e abastecemento; non me faga que recolla iso porque lle podería mandar unha ampla historia.

Non me diga que presentamos unha proposta inconcreta; en efecto, foi a mantenta porque sería unha irresponsabilidade pola nosa banda que aquí

concretaramos sen planos, sen proxectos, sen orzamentos doados porque o que hai é unha memoria nalgúns casos e noutros non hai ren, pero xa que o pide o vou concretar.

Obras de saneamento que están valoradas polos servizos técnicos deste Concello e non conto absolutamente para nada o de Aqualia: Val de Fragoso, por un total de 889.225 euros. Hai varias obras ademais no Val de Fragoso que están sen valorar pero alomenos lle conto a que está valorada, é dicir, sairíanos por moitos cartos máis. Beade está sen valorar pero admite os problemas: hai que facer memoria valorada. Bembrive exactamente o mesmo, Cabral 515.000 euros (todo isto sen IVE), Candeán 280.000 euros e hai máis cousas que están sen valorar, Castrelos hai parte sen valorar e estanse facendo obras dentro da bolsa de Aqualia. A zona que representa a asociación Fonte do Galo aparece pouco nos informes dos técnicos e en todo caso está sen valorar. Cristo da Victoria, Camiño Vello sen valorar. Comesaña, á parte de obras de Aqualia, tamén sen valorar. Coruxo, á parte das obras de Aqualia hai unha con valoración de 210.000 euros. Freixo, Lavadores, Matamá, obras necesarias sen valorar. Saiáns aparece no plan valorada con 574.000 euros. En Oia aparece unha valoración de 2.715.000 euros, etc. Está Valladares, está todo, pódollo concretar con cifras pero isto supón 6.125.000. As poucas obras que están valoradas e pendentes son 6.125.000 neste caso xa con IVE.

Este estudo é claramente insuficiente porque hai moitas máis, xa dixen que aquí non se incluen as que necesitan memoria valorada polo que é obvio que era necesario que presentáramos unha maior proposta dentro da sensatez da política financeira do Concello, que fixéramos unha maior proposta porque coido que non teñen que seren estas que acabo de nomear as que se fagan, faranse as prioritarias e para iso é necesario envorcarse a traballar neste tema, en definitiva é necesario tamén sentarse coa Federación Veciñal para ver as realmente imprescindibles. Por iso a inconcreción da proposta a mantenta porque é obvio, queremos que se atenda o prioritario e a seren posible atendendo ó maior número de barrios e parroquias.

O Sr. Figueroa falou de rigor, de que presentamos unha modificación orzamentaria de dous millóns menos que a que presenta o Goberno. Isto ten unha trampa impresionante, non quero insistir porque nós si poñemos todas as obrigas aínda que seguro que hai máis, pero as obrigas das que dispoñíamos e aí por suposto que houbo unha importantísima aportación do BNG a ese respecto. O que nós presentamos de obrigas son 12 millóns e pico

e vostedes 5 e pouco, qué pasa co resto dos 7 millóns? Virían de seguida a crear os problemas financeiros dos que todos falamos.

Esta si que é unha proposta responsable porque o cómodo para nós sería dicir que Intervención acepta 22 millóns, entón chegar ó dobre, ademais quedaríamos moito mellor porque poríamos 10 en saneamento compartidos cos 10 que se poden acadar da Consellería de Ordenación de Territorio e sería un bocado aínda máis apetitoso. Por responsabilidade non o fixemos.

Logo hai unha cousa moi curiosa, defende que o Goberno ten moitas ideas e propostas e logo entra coa contradicción de que o que se presenta hoxe aquí é unha proposta non do Goberno, senón da Federación de Asociacións de Veciños. Nese sentido apláudolle porque coido que é importante contar co que sinten e cos desexos que presentan as asociacións veciñais pero o que é claro é que iso dende logo non resposta a unha proposta do Goberno.

Os novos proxectos da Xunta. Coido que este Grupo municipal vai falar máis nese sentido a partir de agora, estamos cansos de ver á Sra. Alcaldesa rodearse da bandeira de Vigo na miña opinión erradamente porque a contribución da nova Xunta en cuestións importantes para Vigo en pouco tempo, non nos 16 anos que vostedes gobernaron na Xunta de Galicia, é impresionante. Para empezar a eliminación da peaxe de Rande que é vital para Vigo e para O Morrazo, e aínda vostedes presentan a historia "tártara" de dicir que nos vai saír moi caro; vailles saír moi caro ós galegos e ós españoles que por solidariedade nos van pagar esa peaxe. Para Vigo e para o Morrazo é un grandísimo avance e vostedes saben de sobra que iso non sería posible doutro xeito, sería absolutamente imposible polas razóns dos compromisos anteriores das Xuntas que vostedes gobernaron.

Tamén está a aportación do novo hospital para Vigo co regalo importantísimo de que nos aforra ó Concello de Vigo 12 millóns de euros en terreo que é a xustificación que vostedes teñen para estar retrasando o tema do Plan Xeral sine die: "estamos estudando o tema económico para que eses 12 millóns encaixen".

O tema da cidade da xustiza, o da escola superior de arte dramática e, por non nomear os temas de medio ambiente porque xa o comentei anteriormente, quería referirme ó tema da Consellería de Política Territorial no que hai dous aspectos moi importantes: está contratado o estudo da rede viaria de Vigo, de todas as conexións para estudar a fondo a mobilidade de toda a grande área de Vigo e precisamente por iso, para facer as cousas racionalmente, é polo que a partir dese estudo poden ter vostedes a

seguridade de que vai haber un compromiso serio con esta grande área nestes temas. En todo caso debateremos noutras ocasións sobre estes temas.

Dicirlle por último que coidamos que esta proposta é a mellor que se pode facer na actual situación. Quérolle pedir desculpas ó BNG se na miña intervención, porque non escoitara totalmente a primeira intervención do Voceiro do seu Grupo, puiden dar a impresión de que falaba por alguén, por suposto que non, absolutamente, está claro que todos os grupos teñen a súa autonomía, a súa política e o que eu estou pedindo hoxe aquí, o que estamos pedindo o Partido Galeguista e o Partido Socialista é que se colla a mellor das alternativas posibles das que están enriba da mesa e nese sentido pedimos o maior apoio á proposta de modificación orzamentaria presentada polos dous grupos.

SR. FIGUEROA VILA: A historia deste Concello é a que é, xa os cidadáns castigaron ó goberno do Partido Popular por non facer as cousas ben e polo tanto coido que non hai nada que dicir a isto.

Vostedes sempre nos critican que neste Pleno facemos unha relación da xestión que está facendo este Goberno; pois eu penso que este Pleno é para iso, para que os cidadáns se enteren do que está facendo o Goberno, ou nos van prohibir ou limitar agora a posibilidade de que nós fagamos unha exposición daquelas obras que estamos levando a cabo? Coido que iso non debe ser. Ademais, Sr. Calviño, co máximo respecto vostede foi quen iniciou o debate da situación do Concello.

As obras están consignadas, teñen orzamento, están adxudicadas na maioría dos e iso é unha realidade, ninguén pode discutir que este Goberno fixo esas xestións por ese importe de 175 millóns de euros, preto de 30.000 millóns das antigas pesetas. Iso quere dicir que este Goberno tivo capacidade de negociación, de xestión, de buscar o consenso con outras administracións e benvidos sexan todos os investimentos doutras administracións nesta cidade.

Cando un escoita aquí a un grupo dicindo que non se sabe nada do AVE, pois é mentira porque si que hai un protocolo acordado e asinado coa Consellería e co Ministerio de Fomento. En canto ó Porto eu penso que este Goberno deu mostras de poñer en mans da autoridade Portuaria a proposta de desbloquear proxectos anteriores. Esa capacidade de diálogo, de consenso, de buscar acordos está aí, agora é o Porto quen ten que facer a proposta para que nesta Corporación poidamos redefinir, facer un novo plan especial do porto ou o que considere a Corporación. Penso que ten a vía libre e coido que non

se lle pode pedir máis a unha Corporación que sexa quen de lle propoñer á Autoridade Portuaria que nos faga a proposta concreta para a debater neste Concello.

Penso que na historia deste Concello poucas veces se deu esa situación de que o Goberno estea colaborando coa Autoridade Portuaria para facer unha proposta. Máis fácil é imposible porque xamais na historia desta cidade houbo unha relación Porto-cidade en mellores condicións para poder sacar un plan especial do porto. Algo teremos que ver nese traballo, digo eu, porque a Sra. Alcaldesa cando chegou á Alcaldía fixo "borrón e conta nova" nas relacións co Porto e dixo que quería un proxecto de bordo litoral. Ese proxecto púxose enriba da mesa primeiro na Corporación, logo trasladouse á Autoridade Portuaria, consensuouse e estase traballando, agora a pelota tena a Autoridade Portuaria para facer un plan correcto para que esta Corporación lle dea o visto e prace. Supoño que esa tamén será unha capacidade de xestión do Goberno e da Corporación.

En canto á autovía Vigo-O Porriño está o estudo informativo en marcha. O Plan director do Aeroporto estase tentando facer investimentos e ultimamente aínda coido que se sacaron a concurso. Fálase do cuarto hospital, da cidade de xustiza, supoño que este Goberno terá algo que ver en todas esas xestións que se están facendo, polo menos facilitando o labor doutras administracións para que fagan investimentos. Iso non o pode discutir absolutamente ninguén.

En canto ás ideas e ás propostas nós tiñamos unha proposta concreta enriba da mesa que entregamos á Federación e a todos os grupos políticos, pero hai unha contraproposta da Federación Veciñal que seguramente mellora a que fixo o Goberno. Coido que é unha postura hábil e intelixente aceptar e asumir esas peticións a maiores para traer a este Pleno; iso é vontade política. Claro que coinciden, non é un discurso contradictorio porque é certo que o Goberno tiña unha idea pero se mellora, como se este Pleno é quen de mellorar esta proposta do Goberno que presentou a Federación Veciñal, estaríamos encantados, para nós sería fabuloso que agora mesmo houbera unha proposta que mellorase esta. Se non a hai cada quen terá que defender as súas ideas e os seus plans que non son nin mellores nin peores. Coidamos que o bo é o noso pero respectamos o que vostedes presentan, baixo ningún concepto o criticamos, nin o infravaloramos, nin o desprezamos en ningún sentido, senón pola contra pensamos que a proposta que fan vostedes é menos rigorosa que a nosa pero esa é unha apreciación política e teñen que respectar que seguamos nesa liña.

Coido que o debate está rematado, non quería abrir novas liñas porque penso que están perfectamente definidas e concretadas as posturas de todos os grupos e o Goberno, o que lle vai propoñer ó Pleno da Corporación é que se vote a proposta das últimas semanas, en concreto a que se formulou a través da Federación Veciñal. Pedímoslle á Sra. Alcaldesa que se poña a votación esta proposta.

SR. TOBA GIRÓN: Unha cuestión de orde antes de votar. Á vista de cómo foi marchando o debate entendo que a proposta do Partido Socialista recibirá os votos en contra do Grupo Popular. Estou falando con claridade porque falamos do que imos facer en Vigo nos próximos meses.

Pola nosa banda nós imos votar en contra do posicionamento do Grupo Popular polas razóns expostas no noso discurso que sinceramente non foron desbotadas. Acabo de rexistrar unha proposta no noso nome, Sra. Presidenta, propóñolle que suspenda o Pleno 10 minutos e que se lles trasmita esta proposta ós outros Grupos.

Sra. Presidenta, pode ocorrer que se vote en contra do posicionamento do Partido Socialista, que coherentemente votemos en contra do posicionamento do Grupo Popular e o Concello de Vigo quede sen ningunha actuación o ano que ven.

A proposta é unha contribución do BNG para discutir inmediatamente e expoñémola tamén inmediatamente a votación.

SR. FIGUEROA VILA: Penso que todos os grupos poden presentar as propostas que coiden oportunas pero penso, Sr. Toba, que se vostede presenta unha proposta a debe presentar coma unha moción de urxencia pero votemos o fondo do tema agora, está debatido e penso que sería bo que politicamente cada quen fixera o seu pronunciamento.

SR. TOBA GIRÓN: Non siga, Sr. Figueroa, acepto, se lles parece achegarei a proposta coma moción de urxencia.

SR. FIGUEROA VILA: No intervalo que cada Grupo a analice se temos tempo para a estudar ou non.

A PRESIDENCIA: Pasamos a votar a menda do Partido Socialista e do Partido Galeguista.

Emenda presentada polos voceiros dos Grupos municipais do PG e do PSdeG-PSOE, Sres. Soto Ferreiro e Calviño Rodríguez, respectivamente, durante o curso do debate:

1.- PROPOSTA DE CONTIDOS E PARTIDAS:

Apartado de compromisos derivados de acordos vixentes e ineludibles:	
- Anualidades 2005 e 2006 do Auditorio-Pazo de Congressos	4.922.472 €
- 2ª Anualidade terreos Auditorio-Pazo de Congressos	841.339,83 €
- Sentenza Obrascón -Huarte	124.361 €
- Adquisición edificio Antigo Rectorado	1.285.000 €
- Urbanización Barreiro	832.928 €
- Expropiación terreos Zamáns	1.160.857,52 €
- Anualidade convenio Universidade Toralla	86.103,37 €
- Liquidación proxectos 2005	430.705,59 €
- RC Dios	90.478,91 €
- Aportación a Zona Franca (Vigo 2005)	1.545.465,63 €
- Anualidade convenio terreos IFEVI	241.087 €
- Sentenza EMPTY	69.155,42 €
- Convenio campos de fútbol Diputación	600.000 €
Total	12.229.954,27 €

Apartado correspondente ao Plan de Acción Veciñal

- Obras de SANEAMENTO e ABASTECIMENTO en todos os barrios e parroquias da cidade 8.000.000 €
(nesta partida ampliáanse en preto de 2.000.000 euros as propostas xa orzamentadas polos técnicos municipais para poder atallar os principais problemas detectados en todos os barrios e parroquias)

Total suma dos dous apartados 20.229.954,27 €

2.- PROPOSTA DE SUPERVISIÓN POLÍTICA POR PARTE DO PLENO DA CORPORACIÓN:

- Todos os proxectos derivados do Plan anterior, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, deberán ser aprobados pola Comisión de Xestión Municipal.

- Todos os pregos de condicións dos concursos que se realicen en relación cos proxectos anteriores, denantes de ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, serán aprobados pola Comisión de Control da Contratación.

3.- Os convenios incluídos no Plan anterior e os que se poidan acadar con outras Administracións Públicas, deberán ser supervisados pola Xunta de Voceiros denantes do seu tratamento pola Xunta de Goberno Local."

(Están ausentes o Sr. Barros Ponte e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PG E DO PSdeG-PSOE: Con oito votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido e Soto Ferreiro, sete abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Cotobade Tombo, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, e dez votos en contra dos Sres. e

Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a menda presentada polos Grupos municipais do Partido Galeguista e Partido Socialista co texto que se transcribe anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e quince votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Rexeitar a proposta de data 3 de abril, formulada polo concelleiro delegado de Xestión Municipal de aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 34/06 e someter o expediente ós trámites de información e publicación legais, co contido que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (83).- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS Ó ABEIRO DA ORDE DO 08.03.06. EXPTE. 13527/301.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 10 de Abril de 2006, adoptou o seguinte acordo:

"3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS- PLAN CONCERTADO 2006. EXPTE. 13527/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 03.04.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención solicitada á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ao abeiro e de conformidade coa Orde do 8 de marzo de 2006, para a prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2006, o importe do cal ascende a un total de 4.128.616,77 euros.

S.Ordinaria 24.04.06

Darase conta ó Pleno da Corporación Municipal do contido desta petición, de acordo co artigo 8º da Orde citada."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de abril, quedou enterada do contido do anterior acordo.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

9.- (84).- DAR CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS (CASA DE ACOLLIDA) Ó ABEIRO DA ORDE 08.03.06. EXPTE. 2378/224.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 3 de Abril de 2006, adoptou o seguinte acordo:

"6.- SOLICITUDE DE AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS.- PLAN CONCERTADO 2006.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 27.03.06, conformado pola concelleira de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 8 de marzo de 2006, da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOGA núm. 52, do 15 de marzo de 2006, pola que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 470.471,03 €, desglosado do seguinte xeito:

Departamento da Muller (Oficina da Muller e Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller) Gastos de persoal....	127.111,03 €
Casa de Acollida e piso tutelado para mulleres maltratadas.. (gastos de persoal e mantemento)	201.006,00 €
Servizo de atención domiciliaria da Infancia/SADI.....	86.287,33 €
Plan Municipal contra a violencia de xénero.....	44.000,00 €
Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida.....	12.066,67 €
TOTAL:	470.471,03 €

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

S.Ordinaria 24.04.06

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de pasar ás mocións queredría desculpar á Sra. Deputada, Sra. Porteiro, quen non puido asistir a este Pleno por ter que asistir ó encontro entre as delegacións tunecinas e españolas do grupo de amizade coa Cámara de Deputados de Túnez.

Tamén antes de seguir coas mocións imos gardar un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia doméstica.

A Corporación municipal e máis todos os presentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

10.- (85).- ACORDO DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVO Á COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA A PROPOSTA E SEGUIMENTO DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión do día 20 de abril de 2004, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

"O Pleno do Concello na súa sesión do 20 de marzo de 2006, por unanimidade, aprobou unha moción conxunta dos grupos políticos municipais Socialista, do BNG e do Partido Galeguista na que se acordaba a constitución dunha COMISIÓN ESPECIAL con representación de todos os grupos para o pulo e a supervisión da remodelación do Estadio Municipal de Balaidos.

No devandito acordo de creación non se indicaba cal será a composición específica da Comisión, en virtude diso a Xunta de Voceiros propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A composición da Comisión Informativa Especial será análoga á existente nas Comisións Informativas Permanentes, é dicir, catro (4) representantes do grupo político municipal do Partido Popular, tres (3) representantes do grupo político municipal Socialista, tres (3) representantes do grupo político municipal do BNG e un (1) representante do grupo político municipal do Partido Galeguista.

A Comisión, no seu funcionamento interno, poderá acordar a constitución de grupos de traballo.

Segundo.- Quedar enterados da comunicación dos distintos voceiros designando ós seus representantes na Comisión:

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

VOCAIS:

D^a Lucía Molares Pérez

D^a M^a Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. José Manuel Figueroa Vila

SUPLENTE: D. Antonio Coello Bufill
D. Carlos Comesaña Abalde
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA:

VOCAL: D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a M^a Xosé Porteiro García
D. Gonzalo Caballero Míguez

SUPLENTE: D^a Belén Sío Lourido
D. José Carlos Arias Moreira
D^a M^a Luisa Graña Barcia

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG

VOCAL: D. Carlos Cotobad Tombo
D. Amador Fernández Fernández
D^a María Méndez Piñeiro

SUPLENTE: D^a Margarida Martíns Vilanova
D^a Silvia Bermúdez Pérez
D. Henrique Viéitez Alonso

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO GALEGUISTA

VOCAL: D. Manoel Soto Ferreiro

SUPLENTE: D. Julio Alonso Vázquez

Terceiro.- A constitución formal da Comisión deberá efectuarse o vindeiro día 27 de abril 2006."

(Están ausentes os Sres. Barros Ponte e Iglesias Carrera e as Sras. Méndez Piñeiro e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar o acordo adoptado pola Xunta de Voceiros en sesión do día 19 de abril, relativo á composición da comisión especial para o pulo e a supervisión da remodelación do Estadio Municipal de Balaídos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (86).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A PROCURA DUN LUGAR PARA A REINSTALACIÓN DO GRUPO ESCULTÓRICO DE XOÁN PIÑEIRO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 5 de abril de 2006, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Co gallo da construción dun centro comercial aprobado no seu día pra ser construído á beira do mar (na zona da Laxe), levantouse un grupo escultórico que alí tiñamos, obra do escultor Xoán Piñeiro.

Parece ser que ese grupo está desmantelado en dependencias municipais, cando debería ser reconstruído canto antes pra solaz de todos.

Consonte co antedito propoñemos:

Que se establezan conversas inmediatas cos herdeiros de Xoán Piñeiro co obxectivo de que, consonte coa súa opinión, se acorde un lugar conveniente pra reconstruír o amentado grupo escultórico.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 19 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Pouco que dicir que non diga a propia moción. Coido que Xoán Piñeiro é un escultor coñecido, respectado, reputado, vello galeguista ademais; ten unhas condicións artísticas que están aí. Había unha escultura del que estaba na entrada da Estación Marítima que polas obras do centro comercial da Laxe retirouse do lugar e que hoxe está en dependencias municipais segundo a miña información.

Paréceme que temos que decidir, neste caso ten que decidir o Goberno, un lugar axeitado. Eu emprázolles nesa moción a que establezan conversas cos herdeiros de Xoán Piñeiro para que realmente se sintan satisfeitos e dean a súa aprobación ó novo punto de instalación e que iso se faga o máis axiña posible.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Efectivamente este grupo escultórico está nas dependencias do Concello e xa se iniciaron conversas cos herdeiros do escultor Xoán Piñeiro que faleceu no ano 80.

Nas dependencias municipais consérvase este monumento ó mar que estaba na entrada do peirao de trasatlánticos e si estamos a traballar e esperando a

ver como queda o deseño definitivo desa zona logo das obras do centro comercial da Laxe.

SR. ARIAS MOREIRA: Estamos de acordo pero agradeceríamos que se tivera en conta o procedemento que se aprobou nunha moción de hai uns meses que presentou o noso o grupo para que en todo o que ten que ver con colocación de novas esculturas se teñan en conta criterios técnicos e se poña en funcionamento dunha vez unha comisión da que formen parte experto; digo isto referido unicamente á colocación.

SR. SOTO FERREIRO: Nós non tocamos iso na moción e non o imos facer aquí en diante porque unha moción que aproba o Pleno e forma para nós está aprobada e haina que cumprir.

Non imos dicir nin nesta, nin noutra moción que hai que cumprir o acordo plenario, dámo-lo por feito.

(Están ausentes os Sres. Barros Punte e Iglesias Carrera e as Sras. Méndez Piñeiro e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Ferreiro, instando a procura dun lugar conveniente para reinstalar o grupo escultórico do Xoan Piñeiro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (87).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO SE REALICEN XESTIÓNS PARA QUE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL ASUMA O ARRANXO DE DIVERSAS RÚAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de abril de 2006, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"As obras de reforma das rúas Hernán Cortés, Louis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Xil, xunto con outras varias, estaban amparadas polo convenio que, aprobado polo Pleno do Concello, se asinou coa Zona Franca.

Por qué non se fan as obras de reforma desas rúas? Pois segundo as nosas informacións é porque a Sra. Alcaldesa decidiu pola súa conta desprezar o tal convenio, metendo todo os cartos previstos pra o mesmo só nalgunhas rúas e deixando as enriba amentadas sen arranxar.

Isto é un acto despótico porque a Sra. Alcaldesa nin contou nin informou ós demais grupos políticos (e cómpre salientar que no seu día fomos indispensábeis pra aprobar o convenio), nin á propia Zona Franca. Chove sobre mollado e teremos en conta pra o futuro que a Sra. Alcaldesa procura apoios dos demais só cando lle son indispensábeis, pra logo facer da súa capa un saio...

Pero, con independencia das críticas que con razón lle poidamos facer á actuación da Sra. Alcaldesa, debemos procurarlle unha solución ó problema, pois esas rúas están en mal estado, cos evidentes prexuízos que iso comporta pra veciños e comerciantes. E debe ser a Sra. Alcaldesa quen resolva este desaguisado que ela mesma xerou.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Sra. Alcaldesa faga as xestións oportunas de xeito que sexa a Deputación Provincial quen asuma o arranxo das amentadas rúas de Hernán Cortés, Louis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Xil."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Fágoo cun breve paseo pola memoria de todos porque cando se ían acometer as obras Vigo-2005 constituíuse unha comisión especial onde acordamos qué obras facer, mesmo que tipo de obras e iso variouse unilateralmente sen dar conta ós demais grupos da Corporación, polo menos ó Grupo do Partido Galeguista, non sei ós demais pero polo que me dixeron tampouco, de cambios que se introduciron directamente pola Alcaldía de Vigo que significaron un maior custo do previsto e que ó parecer deixaron sen posibilidade de humanizar as rúas que aí comento: Hernán Cortés, Luis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Gil.

Sra. Alcaldesa, foi vostede quen orixinou este desaguisado non cumprindo escrupulosamente os acordos que no seu día lle fixo o Pleno da Corporación e a Comisión nomeada a tal efecto e polo tanto debe ser vostede quen debe respostar e resolver ese problema.

Entendemos que coa solución que lle propoñemos non habería un detrimento de gasto nas arcas municipais que debe ser dedicado ó tema de barrios e parroquias. Por iso así mesmo propoñemos que sexa vostede co orzamento da

Deputación quen resolva o desaguizado no que incorríu no seu día porque evidentemente cando se aprobou que se ían facer estas rúas, aprobámolo por unanimidade no Pleno da Corporación, veciños e comerciantes desas rúas tiñan a razoable esperanza de que iso se fixera e agora mesmo teñen unha defraudación enorme que espero que lles corrixamos entre todos.

SR. TOBA GIRÓN: Sr. Soto, dada a situación na que se está dando o debate da súa moción, votariámoslla en contra. Non é a nosa intención, nin o noso interese pero fíxese que neste momento e en razón cos acordos que está adoptando este Pleno ata este momento, este sería o único acordo eficiente a efectos orzamentarios e chocaría dun xeito moi claro cunha parte do debate que levamos ó longo deste Pleno e que ademais me consta que vostede subscribe no seu compromiso cos barrios e as parroquias de Vigo. Insisto en que por razón de conxuntura, se vostede mantén a moción neste momento votariámola en contra aínda que por suposto noutro momento político, con acordos dos distintos grupos que atendan ás necesidades máis inmediatas desta cidade, estaríamos dispostos a votar a favor.

SR. SOTO FERREIRO: Manteño a moción porque na miña exposición xa dixen que isto tal e como o propoño e fíxeno a mantenta para non afectar ás arcas municipais e que se poida facer así, que na miña opinión debера ir na dirección de barrios e parroquias, polo tanto aquí non hai orzamento que se poida detraer do orzamento municipal; polo tanto mantemos a moción.

(Están ausentes os Sres. Barros Puente e Calviño Rodríguez e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, cinco abstencións dos Sres. e Sras., Arias Moreira, Caballero Miguez, Graña Barcia, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Cotobade Tombo, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa ó convenio suscrito coa zona franca para arranxo de rúas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila:

O noso grupo vai tentar acadar de todas as administracións o máximo posible de recursos. Temos agora un convenio coa Deputación máis ou menos enfocado pero se a Deputación nos dá cartos a maiores, encantados, os cartos que sexan posibles.

Imos polo tanto votar a favor en todo o que sexa traer recursos para esta cidade.

Explicación de voto da concelleira do Grupo municipal Socilista, Sra. Graña Barcia:

Totalmente de acordo coa necesidade presentada na moción en canto a que se precisa arranxo nas devanditas rúas, pero estimamos que non se deben derivar obrigas para outras administracións baseadas no incumprimento inxustificado por parte do Goberno municipal do convenio Vigo 2005 coma xa denunciou este Grupo na súa moción presentada no mes de setembro de 2005.

13.- (88).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA Ó MONOLITO DAS ILLAS CÍES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de abril de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“Aprobamos nun Pleno que principiariamos un traballo para facer desaparecer a simboloxía fascista que aínda perdura nalgúns lugares da nosa cidade.

Un exemplo desa detestábel simboloxía é o monolito que temos nas illas Cíes, que é contemplado por xentes doutros países, por terra e por mar, que quedan sorprendidos de que logo de moitos anos de termos un Estado democrático aínda se estean a conservar símbolos que enxalzan ó fascismo.

Por outra banda, non hai moito tempo que nas nosas costas se escribiron belísimas páxinas de solidariedade, coraxe e abnegación pola banda dos nosos mariñeiros e dos voluntarios de aquí e de fóra que traballaron esforzadamente para paliar os efectos da marea negra cando aconteceu a catástrofe do Prestige.

Á vista deses dous feitos propoñemos o que logo sigue.

Consonte co antedito propoñemos:

Que o monolito que existe nas illas Cíes sexa transformado nun monumento para honrar ós nosos mariñeiros e máis ós voluntarios que tan magnífica xesta desenvolveron cando a catástrofe do Prestige."

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: O monolito das Cíes é un símbolo e contando con que o parque natural das Cíes é a perla turística de Vigo, pensamos que aí debería haber outra cousa.

Non quero que se me malinterprete con este monumento, que se pense que quero lembrar ó Prestige, nin moito menos; a miña intención é lembrar esa solidariedade dos voluntarios, esa marabunta branca que apareceu e que penso que foi un hito na historia, en ningún outro país se deu xamais en accidentes ou catástrofes esa acción voluntaria cidadá na que os mariñeiros participaron con risco para as súas vidas e na que víu xente de todo o mundo, ofrecéronse xentes de toda España, de Portugal e doutros moitos países.

O que quero é que se lle faga un monumento a toda esa xente, a ese valor solidario. Penso que sería moito máis bonito para Vigo, mesmo para o contorno deste parque, que houbera un monumento con esas características e non o que está.

SRA. SÍO LOURIDO: Sr. Alonso, nós imos votar a favor pero entendemos que se lle dará traslado desta petición ó organismo competente neste caso que sería o Padroado do Parque.

(Están ausentes os Sres. Barros Puente, Calviño Rodríguez, Guerra Fernández, Soto Ferreiro e Toba Girón e as Sras. Graña Barcia, Molares Pérez e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, instando a transformación do monolito existente nas Illas Cíes nun monumento ós mariñeiros e voluntarios que traballaron para paliar a marea negra da catástrofe do Prestige, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (89).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RSU DIFERENCIANDO ORGÁNICOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de abril de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"Dende a aprobación no Pleno do 26 de febreiro de 2001 da adxudicación a FCC, SA, do concurso para a concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de prais, quedan por cumprir por parte da concesionaria varios compromisos que a dita concesión contempla como son o punto limpo ou a recollida diferenciada da fracción húmida, tal como contempla o capítulo II apartado 2.1.1 "...Por acordo do Pleno municipal poderá modificar as operacións de recollida diferenciando os residuos de carácter orgánico do resto da denominada fracción húmida, que obrigará ó adxudicatario..."

O actual goberno da Xunta ten feito público a necesidade de poñer en marcha o tratamento dos RSU por compostaxe, ante o colapso da planta de Cerceda. Por ser Vigo o principal cliente de Sogama, o tratamento diferenciado dos nosos residuos daría unha solución inmediata ao problema.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a esixir o cumprimento do contrato á concesionaria FCC, SA, asinado o 8 de abril de 2001, nos seguintes termos:

- 1.- Tempo de posta en servizo da recollida diferenciada da fracción orgánica.
- 2.- Toneladas estimadas de dita fracción.
- 3.- Custo estimado de incremento por dito servizo diferenciado.
- 4.- Renegociación con Sogama para o novo tratamento."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 19 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Vou seren moi breve e quero que se me entenda porque coma o Sr. Figueroa di que algúns da Corporación non lemos expedientes, eu pódolle afirmar que neste Grupo os lemos todos e algúns de xeito moi específico. Si sabemos que o que temos que facer é entrar ás 8 menos cuarto cos funcionarios os luns e ler os expedientes, claro que algúns, coma van fóra da orde do día cústanos un pouco máis seguilos pero

que lle imos facer, é o traballo que nos encomendaron. Afírmolle que non son eu só, varios compañeiros facemos ese horario.

Esta moción só ten un fin que é colaborar coa outra administración que é a que trata os residuos que di que está a piques de se colapsar a planta de SOGAMA. Como temos a posibilidade de empezar a estudar, ese é o fin desta moción, non estou impoñendo tomar un acordo, senón empezar a estudar os catro apartados que se fan na exposición de motivos.

Qué tempo de posta en servizo necesitaría para facer esta recollida orgánica; qué toneladas estimadas da dita fracción porque é o máis importante e a empresa ten xa a obriga do saber; custo estimado do incremento polo dito servizo diferenciado. Ademais renegociación con Sogama para os novos tratamentos.

Isto é o traballo dunha administración responsable que se ten que facer algún día e o que facemos nós é, en vez de esperar, darlle a oportunidade ó Goberno de que faga tamén xestión.

SR. FIGUEROA VILA: Xa tivemos unha xuntanza da Alcaldesa co presidente de Sogama hai quince ou vinte días, falouse de todos estes temas; vaise ter outra xuntanza cos técnicos, tanto de Sogama como os do Concello para tentar ver qué tipo de renegociación podemos poñer enriba da mesa para a tratar. Polo tanto é oportuna esta moción e imos votala a favor.

Cando tiñamos constituída esa comisión dos técnicos das dúas administracións iremos dando contas e mesmo ó mellor se pode facer ata unha comisión específica para facer aportación de todos os grupos porque este é un tema de calado importante.

Parece que a moción é moi sinxela pero é unha moción con contido para moitísimos anos.

(Están ausentes os Sres. Barros Puente, Calviño Rodríguez, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Soto Ferreiro e Toba Girón e as Sras. Graña Barcia, Molares Pérez e Porteiro García).

VOTACIÒN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezoito membros presentes da Corporaciòn, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa á recollida dos RSU diferenciando orgánicos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (90).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A REDACCIÓN DUN PROXECTO PARA ACONDICIONAMENTO DUN "PASEO VERDE" NAS DÚAS MARXES DO VÍAL DE ACCESO Á UNIVERSIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de abril de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

"O vial de acceso á Universidade é unha das principais vías vertebradoras do tráfico da zona sureste do noso Concello. A súa extraordinaria importancia tense incrementado aínda máis coa apertura do cinto de circunvalación, pois comunica múltiples parroquias, a Universidade e zonas industriais. Sen embargo, este vial amosa as súas carencias de xeito diario, ao tempo que se incrementa a súa utilización tanto por vehículos como por peóns.

A súa apertura significou, xunto coa mellora das comunicacións nesa zona da nosa cidade, o paso por lugares dun alto valor medioambiental que quedaron truncados e con poucas posibilidades de recuperación ou reparación do impacto dun xeito inmediato. Ao mesmo tempo moitas das zonas circundantes están chamadas a xogar un papel fundamental no desenvolvemento e fornecemento de servizos para á nosa cidade, chámense hospital de referencia ou Cidade do Deporte. Todos estes aspectos representan un atractivo engadido que permitirían, cunha visión de futuro, facer unha actuación emblemática de baixo custo económico e alto valor medioambiental e social, procedendo a unha integración maior daquelas zonas que deberamos preservar xunto ao posíbel desenvolvemento urbanístico futuro.

Por outra banda, para á súa construción realizouse unha grande cantidade de expropiacións de terreos, dos que os seus propietarios foron indemnizados polo Concello de Vigo. O resultado é que quedaron unha morea de pequenos anacos que están sen delimitar e moitos dos cales están sendo utilizados polos propietarios colindantes dun xeito inadecuado.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do BNG, propón a seguinte resolución:

1.- Que o Goberno Municipal proceda a realizar un estudo e proxecto para a reordenación e adecuación da vía de acceso á Universidade, dotándoa dos elementos urbanos necesarios (iluminación, beirarrúas, etc.), eliminando as situacións de perigo, fomentando a seguridade dos/as peóns e incluíndo a construción dun corredor verde nés dúas marxes e ao longo de todo o vial. Este corredor terá uns contidos e un deseño que se deberá adaptar ás distintas situacións do seu percorrido, pero mantendo un criterio de unidade e evitando que sexa un espazo monótono e repetido, senon cambiante e suxerente para invitar ao seu percorrido a xeito de que os/as usuarios vaian descubrindo a riqueza en todo o seu traxecto.

2.- Debera ter un ancho suficiente e representará unha actuación axeitada para o desenvolvemento futuro desa zona da nosa cidade e permitirá a creación dun eixo verde continuo para a conexión entre o complexo Lagares-Parque de Castrelos e o futuro Parque Botánico.

3.- O seu deseño contemplará a integración daqueles espazos dun valor medioambiental a ter en consideración e deberá ser un referente da integración dos mesmos e o deseño urbanístico a posterior.

4.- Contará cun carril-bici, zona verde arborada e paseo construídos con materiais integrados no contorno.

5.- Dito corredor tamén permitirá resolver os problemas hoxe xerados para o paso dos peóns e que veñen derivados do incremento do tráfico rodado. O proxecto deberá dotalo dos elementos de seguridade vial necesarios para eliminar os riscos co obxecto de garantir o paso dos peóns."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 19 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: O obxecto desta moción é empezar xa a corrixir algo que temos detectado e adiantármolos ó futuro que vai cumprir este vial. En primeiro lugar a vía de acceso á Universidade é un vial de carácter estratéxico, estruturante entre dúas zonas, sobre todo o suroeste deste Concello, tense incrementado dun xeito notorio o tráfico produto da apertura do parque tecnolóxico e loxístico, conforme se vaia completando moito mellor e á parte a apertura do segundo do segundo cinto.

Pero o que si se están demostrando día a día son as súas carencias e nese sentido téñase en conta que dentro de moi poucos anos contamos ter dúas zonas tamén moi importantes como o novo hospital que se pensa construír e a futura cidade do deporte.

Tamén hai dous aspectos a salientar que son que non se teñen solucionado os problemas de tráfico e seguridade que xera tal e como está construído ese vial e ó mesmo tempo esta actuación permitiría recuperar os terreos que xa son do propio Concello pero hai propietarios particulares que están facendo un uso inaxeitado deles.

O que propoñemos en primeiro lugar é que se faga un estudo e que se realice un proxecto técnico para reordenar e adecuar o vial de acceso á Universidade e ó mesmo tempo que se inclua a construción dun corredor verde polas dúas marxes e ó longo de todo o vial.

O obxectivo fundamental que ten isto é por unha banda que teña un deseño que se deberá adaptar ás distintas situacións do seu percorrido pero mantendo un criterio de unidade, que non sexa monótono e sobre todo

integrando algunhas zonas de alto valor medioambiental producto de cómo se construiu o vial no seu momento que agora quedaron ou moi mermadas e mesmo algunhas destruídas. O obxectivo tamén é integrar eses lugares de alto valor medioambiental ó propio percorrido do paseo.

Debe ter un ancho suficiente e representará unha actuación axeitada para o desenvolvemento futuro da nosa cidade, como dicía antes polo novo hospital e a cidade do deporte, pero ó mesmo tempo permitiría conectar dous eixos verdes que nestes momentos están actuando, como é o complexo entre Castrelos e o Parque Liñal do Lagares e o futuro Parque Botánico, mesmo todos os montes periurbanos que están considerados polo Concello de Vigo como Parques Periurbanos.

Tamén o que propoñemos e que conte cun carril bici, unha zona arborada e que se construa ese paseo con materiais integrados co seu contorno.

Por último que o propio vial se dote dos elementos urbanos necesarios, sexan beirarrúas, iluminación, etc., para que resolva o que dixen antes dos problemas de seguridade de tráfico rodado pero tamén o enorme perigo que representa o paso dos peón por este vial, todos os días e a distintas horas están xerando unhas situacións de perigo que coido que debemos prever cando menos unha actuación para o corraxir de inmediato.

SR. SOTO FERREIRO: Non entendo ben na súa proposición se o que fan é unha expresión de desexos, do que nos gustaría que houbose algún día e que se empecen a facer os estudos. Se é así, nós poderíamos votar a favor pero en todo caso, para falar dun proxecto de urbanización que é o que vostedes están a propoñer aínda que chamándolle doutra maneira, paréceme que habería que esperar á aprobación do Plan Xeral e ver as determinacións que realmente deixa en todo o seu percorrido para en función diso podelo facer. Se non o facemos cunha viabilidade medianamente razoable, non só dende o punto de vista urbanístico senón e sobre todo do económico, isto pode ser unha expresión de desexos magnífica pero dun custo moi importante. Votar cousas como se se pode facer unha beirarrúa nunha rúa determinada, ó mellor nos trabucamos e faise antes ou despois, pero un proxecto desta magnitude non quero que ninguén acuse ó Partido Galeguista de que lle poñen calquera cousa diante e votala sen saber realmente o que quere significar.

Ou concretan e din se se trata de facer un pre-estudo para analizar entroutras cousas os temas que se queren facer, os proxectos de urbanización, pero tamén os custos diso e que en función diso no seu caso e no seu día se tomen as determinacións que proceda, estaremos encantados en

votar a favor porque a idea gústanos e ó mellor tería que ter empezado por aí.

Outra cousa é se isto significa un compromiso de todo tipo, urbanístico e orzamentario, en todo caso tería que lles dicir que en canto ó urbanístico o Plan Xeral e o orzamentario en primeiro lugar a ver canto custa para o poder asumir.

Pediríalle unha explicación nesa dirección para saber consecuentemente se podemos apoiar ou non a súa proposición.

SR. VIEITEZ ALONSO: Coido que non nos podemos escapar do texto e o texto en primeiro lugar do que fala é que se faga un estudo-proxecto para a ordenación e adecuación do vial de acceso á Universidade. Introduce elementos que están contemplados no deseño do Plan Xeral e neses en concreto non hai discrepancia de ningún tipo, como o novo hospital ou mesmo a propia cidade do deporte.

Contemplando o que nestes momentos xa estamos a vivir que é un vial que non está feito de xeito adecuado ás cargas que ten, tanto de tráfico como de paseo dos propios peóns, é necesario contemplar toda esa actuación e iso faise primeiro nun estudo e logo na redacción dun proxecto. Outra cousa é á súa viabilidade económica e para iso haberá que determinar cales son as necesidades que temos nestes momentos, naturalmente inmerso dentro do desenvolvemento do Plan Xeral, e a continuación falemos da súa plasmación sobre todo a nivel económico, pero nestes momentos o que é necesario saber é o que queremos facer que coido que non está definido en ningún lado e é ese o noso obxectivo, que se faga o estudo e o proxecto e a continuación falaremos doutras cousas.

(Están ausentes os Sres. Barros Puente, Calviño Rodríguez, Guerra Fernández e Ruiz Ceniceros e as Sras. Graña Barcia e Porteiro García).

VOTACIÒN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporaciòn, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Vieitez Pérez, instando a redacción dun proxecto para acondicionamento dun "Paseo verde" nas dúas marxes do vial de acceso á Universidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (91).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO A ELABORACIÓN
DUN CÓDIGO DO BÓ GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de abril de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"A calidade da democracia constitúe un ben público relevante para a vinculación da cidadanía ás institucións de goberno e é un dos indicadores do nivel de desenvolvemento político dunha comunidade. A gobernanza da democracia debe, deste xeito, comprometerse cós intereses xerais da cidadanía, cumprindo con criterios de obxetividade, adicación, imparcialidade, responsabilidade, transparencia, austeridade e eficacia, entre outros.

Tamén no caso dos gobernos locais as actuacións políticas débense guiar por uns criterios que implican non só o cumprimento das obrigas establecidas polas leis, senón tamén un respecto a valores, actitudes e normas políticas que impulsan a corrección ética e a limpeza dunha acción política que debe executarse co sentido de compromiso de servizo público.

Recentemente a Federación Española de Municipios e Provincias ven de destacar a relevancia de iniciativas referidas á potenciación da calidade da democracia nos concellos. Neste senso, San Sebastián apostou hai uns meses por se converter na primeira cidade española que conte cun Código do Bó Goberno Local, para o cal elaborou un Manual de Boas Prácticas para os membros do goberno da cidade. Este manual incorpora directrices nunha serie de cuestións, entre as que se atopan algunhas que resulta interesante sinalar, tal é o caso das seguintes:

- Os membros do goberno municipal evitarán os insultos e as descalificacións persoais hacia calquera concelleiro da corporación ou cara á cidadanía en xeral.
- Os membros do goberno manterán durante o mandato a súa pertencia ó grupo municipal formado pola lista electoral na cal resultaron elixidos.
- Non se aceptarán agasallos de carácter significativo que vaian máis alá dos usos sociais habituais, nin compensacións ou favores que poidan condicionar o desempeño das súas funcións.
- Evitarase toda actuación que poida supoñer discriminación, coidando especialmente a igualdade entre homes e mulleres.
- Esixese ós cargos locais que non teñan intereses persoais nin clientelares no ámbito das súas decisións ou competencias.
- Estimularanse as medidas que favorezan a transparencia das actuacións e decisións no exercizo das competencias municipais.
- O goberno fará reunións periódicas cos grupos da oposición para consultar, debater e recoller aportacións e có ánimo de favorecer os consensos.
- A actividade publicitaria estará sometida ós principios de obxetividade e uso non partidista.

- Os membros do goberno respetarán os principios de publicidade e libre concorrencia e actuarán con transparencia nos procesos, de acordo á lei e á ética política.
- Os permisos e autorizacións concederanse con celeridade atendendo a criterios técnicos obxectivos e en base ós informes técnicos pertinentes.
- As subvencións concederáanse atendendo ós informes obxectivos dos técnicos, que serán públicos e poderán poñerse a disposición das persoas interesadas a través da páxina web municipal.

Todo isto permite constituir un compromiso político que favorece a credibilidade da acción política e a calidade da democracia nos concellos.

Resolución:

O Grupo Socialista insta ó goberno municipal a se dotar dun Código de Bó Goberno Local a través da elaboración dun Manual de Boas Prácticas para o goberno da cidade."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. CABALLERO MÍGUEZ: O Grupo Municipal Socialista presenta esta moción no sentido en que se ten feito en tempos recentes en certas cidades do espectro nacional e tal como ven de ser destacado pola Federación Española de Municipios e Provincias. Nesta idea a exposición de motivos que se formula na moción xustifica con claridade cal é o espírito desta iniciativa.

Trátase fundamentalmente de entender que a calidade da democracia constitue un ben público que favorece o desenvolvemento político dunha comunidade e que permite unha maior vinculación da cidadanía cos seus representantes políticos.

Un ben público implica fundamentalmente dúas cuestións. En primeiro lugar que ese obxecto de traballo político ten un disfrute non rival, en definitiva toda a poboación pode disfrutar sen que os consumidores marxinais destas iniciativas teñan que aportar calquera tipo de custo económico.

En segundo lugar porque ademais non é excluinte, unha vez que se adoptan medidas deste carácter poden ser aplicadas, ademais de sen custo, cunha capacidade de disfrute común e colectivo.

Estas cuestións xenéricas que supoñen a calidade da democracia de calquera comunidade non poden ser executables por leis porque as actividades dos decisores políticos non poden ser requiridas para a súa implementación máis

que pola vontade dos mesmos, en definitiva a capacidade dos lexisladores, dos membros das corporacións locais, non poden implicar unha decisión xudicial para a súa aplicación, senón que ademais das leis ten que estar a norma política, a ética política e a vontade dos decisores políticos.

Sen dúbida estes acordos de equilibrio que supoñen decisións que favorecen á eficiencia do funcionamento público tal como ven de ser destacado en distintos informes aínda en tempos recentes e daí que estén xurdindo agora estas iniciativas, teñen que ser aplicados como cunha cuestión de vontade de cooperación entre os distintos membros.

Por iso esta moción que presenta o Grupo municipal Socialista incorpora unha explicación de motivos que recolle algunha das iniciativas que xa se teñen doptado nun código do bo goberno local da primeira cidade española que o ten aprobado que é o caso de Donostia, San Sebastian, pero é un principio de mínimos que está aberto. É máis, a propia explicación de motivos desta moción non incorpora algún tipo de decisións que poderían ser tamén aplicables no caso do Concello de Vigo pero que sen dúbida requiren dun debate e dunha coordinación e consenso entre os distintos grupo.

Por exemplo, a posibilidade de que o alcalde da cidade non tivese que presidir os Plenos da Corporación na idea de que o Pleno, coa nova vixencia, é unha cuestión de control político de debate.

Esa cuestión non está nin tan siquera exposta na exposición de motivos nin moito menos na petición porque sabemos que en definitiva este tipo de acordos sempre teñen un control de risco porque quen exerce o goberno aquí e noutras cidades sempre tenta adoptar unha serie de mecanismo que favorecen o liderazgo.

O que se está propoñendo é unha moción que dende logo cremos que os motivos de mínimos que se expoñen, moitos deles xa aceptados nas cuestións referentes a transparencia, a medidas que tenten mostrar un compromiso de pertenza de cada un dos membros electos nun grupo municipal a ese grupo ó longo de todo unha lexislatura e nisto tense avanzado moito porque non hai exemplos recentes de cambios cando si os houbo na historia deste municipio e cando ten habido precedentes nalgunha comunidade autónoma que supuxo a algúns unha situación moi complicada, en definitiva trátase de dar un paso para quitar adiante un código do goberno local cuns mínimos e a partir daí tentar lograr o maior consenso posible para acadar outras cotas que quizais sexan asumibles, se todos está de acordo.

En definitiva unha medida que, máis que en clave de partido, ten que se entender en clave de cidade, a calidade da democracia que pode parecer algo

moi lonxano é algo que implica a posibilidade de lograr acordos cribles, acadar aprobacións de cuestións que permitan cotas de maior eficiencia das decisións política e que sinxelamente teñen dous niveis de execución, por unha banda que na medida en que estes códigos se teñan aprobados son reclamables no debate político, por tanto ante a opinión pública, entre os distintos membros dos grupos municipais e a posibilidade de gañar o capital reputacional de cada un dos grupos e cada un dos membros da Corporación, queda explicitamente recollido nun texto aprobado pola Corporación Municipal e en segundo lugar porque a propia cidadanía ten unha percepción, neste caso de Vigo no que existe unha forte desafección entre a percepción da cidadanía sobre os seus representantes políticos entre os que estamos todos incluídos, ten que buscar dar pasos para entender que xunto ós propios problemas obxectivos que puidera ter a historia democrática desta cidade nos últimos tempos, hai que tentar dar pasos para que esa situación que ten un nivel de aprobación en conxunto da clase política escaso, tente solucionarse a través de medidas que, paso a paso, poidan en clave de cidade dar axudas á calidade das nosas institucións públicas que en definitiva determinan boa parte da calidade de vida dos cidadáns.

Presentamos esta moción con carácter positivo para que se empecen a dar todos estes pasos, poñemos coma exemplo un código xa aprobado nunha corporación municipal cun espírito recollido pola Federación Española de Municipios e a partir daí poñámonos a traballar e tentar buscar un acordo que a partir destes mínimos acade os máximos que sexa posible para permitir unha credibilidade maior da actuación política e unhas decisións máis acertadas.

(Están ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, instando a elaboración dun "Código do bo goberno local, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES.-

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL NA QUE SE ATOPA A ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de abril de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"No Pleno realizado no mes pasado debateuse sobre a situación na que se atopa actualmente a Escola de Artes e Oficios, unha grave situación que afecta tanto ó funcionamento da institución como ás condicións de mantemento do edificio no que se localiza.

O Goberno municipal non formulou solución ningunha a este deterioro constante da Escola de Artes e Oficios.

Estimamos, e nisto xustificamos a urxencia desta moción, que a falla de decisión neste momento do curso xera peores consecuencias para o próximo ano porque é agora cando debe realizarse a elaboración da memoria de actividades deste ano que, a súa vez, permite a preparación do Plan de actividades do próximo curso.

Á marxe doutras moitas decisións necesarias e vitais para o futuro da Escola de Artes e Oficios cremos que hai unha que deberá adoptarse de maneira inmediata para evitar peores consecuencias: a designación interina dun director/a con dedicación exclusiva e plena á Escola de Artes e Oficios.

Polo anterior, para a súa aprobación polo Pleno da Corporación propoñemos o seguinte acordo:

Designación interina nun prazo dunha semana dun director/a con dedicación exclusiva e plena á Escola de Artes e Oficios."

INTERVENCIÓN DA SRA. GRAÑA BARCIA: Para xustificar a urxencia cremos que a situación que vive a Escola é de todos coñecida e razón suficiente para esta moción; tamén especialmente o momento no que se presenta porque é agora cando se deben recoller os datos para realizar a memoria actual e preparar o plan de actividades para o próximo curso.

(Están ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: No Pleno do mes pasado presentouse unha moción polo BNG gracias a que se debatíu a situación que vive nestes intres a Escola. Este grupo con anterioridade tamén tiña denunciado diante da Xunta Rectora, así como por un escrito dirixido á Sra. Alcaldesa, os graves problemas que existen tanto no funcionamento como no mantemento do edificio no que se atopa a citada Escola.

Pasou un mes dende o Plano no que se debatíu este asunto, a situación é a mesma e realmente estimamos que mesmo máis grave porque nesta época do ano é cando é necesario elaborar a memoria das actividades realizadas durante o curso que andamos que son a base para a realización do plan de actividades do próximo curso, entendemos por tanto que non caben esperas.

Posiblemente será necesario falar por extenso do futuro da Escola de Artes e Oficios se é que efectivamente este Goberno ten algún proxecto para a mesma, pero é indemorabile unha solución organizativa mínima que entendemos sería o nomeamento dun responsable interino con adicación plena ó labor de dirección do centro.

Xa sabemos que vostedes nomearon unha directora en función pero cunha adicación parcial, escasa e entendemos que esta solución non é suficiente para a gravidade do problema que nestes intres acucia á Escola. Como un dato máis, nin siquiera se realizou ningunha xuntanza da Xunta Rectora nos últimos meses.

Creemos por tanto, e isa é a nosa proposta, que debe procederse de xeito inmediato, no prazo dunha semana, ó nomeamento interino dun director ou directora con dedicación plena e exclusiva á Escola de Artes e Oficios.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: En canto ó funcionamento e mantemento da Escola de Artes e Oficios xa falei no outro Pleno e funciona e mesmo se mantén con novidades respecto a outros anos.

En canto á posición da directora, que é certo que recibe críticas dalgún grupo de profesores pero tamén é certo pola maioría do profesorado defendendo a súa actuación e a súa xestión nos últimos meses. Non ten dedicación plena porque a praza de director está ocupada, o director Sr. Armesto Faginas está de baixa e por tanto a praza non está vacante e por iso non se pode designar a ninguén interinamente.

A única posibilidade que había era a acumulación con maior ou menor dedicación, o que demostra que nos últimos meses si existiu por parte da directora capacidade de traballo que tivo o apoio maioritario do profesorado da Escola e mesmo está a traballar na redacción do plan de actividades do ano que ven. Era moi fácil presentar o mesmo plan que se presentou case que nos últimos doce anos na Xunta Rectora pero se está a traballar nas propostas dos novos plans de estudos.

A propia directora e máis eu, con algúns profesores que ademais dende hai xa bastantes anos están nunha situación que hai que ver como se pode arranxar, pero se está a traballar nela e por iso se mantiveron xuntanzas e se pediron propostas para o curso que ven.

É certo que debe aprobarse en data inmediatas pero tamén o é que algún ano, e non fumos nós, aprobouse ese plan de actividades no mes de setembro-outubro.

Polo tanto penso que esta moción, na medida en que está ocupada a praza e non está vacante, non cabe a designación interina e menos no prazo dunha semana porque habería que facer unha convocatoria pública tan e como informan dende persoal. Se estivera a praza vacante si se podería facer pero o Sr. Armesto é actualmente o director da Escola e por tanto nos termos exactos da súa moción non é posible a súa aprobación.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sr. López-Chaves, non sei entón como puideron vostedes nomear unha directora en funcións. Precisamente as interinaxes están previstas para supostos desa natureza, é dicir, unha persoa que se atopa nunha situación de baixa é necesario cubrir ese posto no período que dure a mesma.

En ningún momento fixemos ningunha valoración sobre a actividade que desenvolveu a directora en funcións ata o de hoxe senón que todo o contrario se diso tiveramos que falar.

Si estimamos que a situación na que se atopa a Escola e un mínimo de garantía de funcionamento da mesma do próximo ano esixe o nomeamento dun director ou directora, chámelle en funcións como fixo vostede ou como lle chamamos nós en interinidade, de maneira plena e exclusiva.

Na mesma medida tamén lle digo que a ausencia de director con dedicación plena está a provocar tamén outro tipo de deficiencias como por exemplo que tampouco exista un xefe de estudos, o que demostra que non cubrir esas necesidades mínimas organizativas xera unha morea de problemas.

SR. SOTO FERREIRO: Lamento dicirllo pero a ineficacia do Goberno municipal é realmente importante neste tema. O primeiro de todo terei que dicir que a Escola de Artes e Oficios ten un magnífico director, que ten desenvolvido a súa tarefa con responsabilidade e acerto na nosa opinión. Ten unha enfermidade da que ten que convalecer e aí é onde deben entrar vostedes porque eu, que veño de dicir que en modo ningún votaría nada en contra da actuación dese director, digo a continuación que se ten unha enfermidade que necesita un tempo, ogallá que o menor posible, que se ve de certa duración, evidentemente a Escola de Artes e Oficios non pode estar sen xeito nin modo como está agora mesmo.

Se vostedes non saben isto non o comprendo porque si o sabemos os demais. Por tanto hai que poñer unha solución enérxica e urxente. En modo ningún ten iso que afectar ós dereitos nin á capacidade de traballo do Sr. director titular que ogallá que se poida recuperar canto antes e incorporarse ó seu traballo.

Pero namentres iso ocorra, insisto que non podemos ter á Escola de Artes non sabendo a qué aterse, non dándose clases, non hai disciplina, os profesores van ás veces e ás veces non, e non quero ir máis para alá.

Se vostedes non saben todo isto estou disposto a dicirllo estensamente en privado e se o saben, a qué esperan para poñer unha solución minimamente eficaz ó problema?

SR. TOBA GIRÓN: Nós imos apoiar a proposta do Partido Socialista defendida pola Sra. Graña, non vemos o problema. Coidamos que realmente isto xa se anunciou por unha moción do noso propio grupo hai un mes, coma ben di a moción da Sra. Graña, e sinceramente non vemos o problema.

Só facemos un apuntamento que entendo que a Sra. Graña concordará con nós, en que en todo caso a selección de a persoa que ocupe a praza interinamente teña unha fase de concurso como é normal. Dígoo porque o termo "designación" e ademais se cadra no prazo dunha semana, dende o noso punto de vista choca bastante coa perspectiva que temos a respecto de cal debe ser co que se deben cubrir todos os postos desta administración.

Se a Sra. Graña nin siquera lle vou emendar a súa proposta, pero se entende que cando falamos de designación falamos de aprobar unhas bases de convocatoria para un concurso de interinaxe e por tanto dunha fase concursal, como por certo se fai nesta administración para cubrir postos pola vía do interinaxe den hai algún tempo e coido que así o entende a Sra. Graña porque me consta que a súa filosofía é coincidente con este

posicionamento, enton apoiamos gustosamente e non entendemos os problemas do responsable da Area en que a oposición poña enriba da mesa un mecanismo para resolver un problema de xestión que agora mesmo teñen vostedes.

SRA. GRAÑA BARCIA: Totalmente de acordo co Sr. Toba, dende logo calquera proposta que se contén nunha moción presentada por este grupo enténdase dentro da lexislación vixente, non hai dúbida con respecto a iso. O procedemento terá que ser o que obviamente establece á Lei que é conforme co que vostede expuxo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O tema non só e da contratación senón que mesmo xa falei no outro Pleno da dispoñibilidade orzamentaria dentro dos orzamentos da Escola de Artes e Oficios para a contratación, á parte de que a praza non está vacante, senón da posibilidade de facer outra figura distinta da interina porque non existían fondos dispoñibles xa que temos o orzamento prorrogado.

De todos os xeitos quero dicir sobre a xestión que o Sr. Armesto está de baixa dende o mes de xuño de 2005 e o ano pasado xa estaba esta directora e o plan de actividades aprobouse con toda a normalidade que ten a Escola nos últimos anos e non houbo ningún problema agás os que poida ter normalmente a Escola de Artes e Oficios pero non o houbo na convocatoria das prazas, na matrícula, na elaboración do plan de estudos.

Buscarase un funcionario dentro do Concello para o seu traslado, xa se están a facer as xestións, non sei se con dedicación plena ou exclusiva pero si que estea alí, no propio edificio, pero non dende un punto de vista de interinaxe ou de contratación porque por unha banda non está vacante a praza e por outra non hai fondos dispoñibles.

Quero defender a actuación da directora pero si estamos a traballar nese sentido e esperemos en próximas datas ter a solución a este tema.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sra. Alcaldesa, dirixímonos directamente a vostede. Dende logo que aquí ninguén presentou ningunha valoración, e de ser así sería en positivo, respecto á persoa que asumiu esa responsabilidade parcialmente durante estes meses. Pedímoslle Sra. Alcaldesa que, por favor, conforme ás normas procedimentais necesarias se convoque esa praza e se cubra de xeito exclusivo e con dedicación plena a dirección da Escola de Artes e Oficios.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martiáns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, e dez abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, relativa á situación na que se atopa a Escola de Artes e Oficios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de abril de 2006, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

"No mes de xaneiro deste ano, o noso Grupo Municipal dirixiu unha invitación ao resto dos Grupos que conforman a Corporación para, dada a situación de minoría do Goberno que vostede precisa, percurar camiños de diálogo e encontro, evitando a paralise da cidade. Enfin, repetiamos a oferta que xa fixemos o ano pasado, con ocasión do debate orzamentario correspondente ao ano 2005. Daquela houbo un acordo entre o PP e o PSOE que permitiu a aprobación de dito documento.

Non queremos entrar a xulgar os beneficios de tal acordo, cadaquen exprese o seu parecer. Agora ben, a realidade é que ao cabo duns meses, a percepción de todos foi que o Goberno que vostede preside, priorizou as obras no centro da nosa cidade deixándose notar o desleixo sobre a maior parte do territorio. Isto foi posto de manifesto mesmo por unha moción do grupo municipal que permitiu a aprobación de tal documento orzamentario.

Con estes antecedentes e outras circunstancias que agora non veñen ao caso, era previsibel que no ano 2006 non se repetira o acordo entre o PP e o PSOE. Por este motivo, e como expresamos máis arriba, decidimos repetir, ata a saciedade, a nosa oferta de dialogo a todos os grupos da Corporación.

Pois ben, logo do acontecido neste Pleno, no debate do punto 7 da orde do día "Modificación Orzamentaria (crédito extraordinario) num. 34/06, o noso Grupo síntese no deber de propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación, insta ao Goberno Municipal a incoar expediente de Modificación de Créditos con cargo ao Remanente líquido de Tesourería, polo importe final expresado coas seguintes determinacións:

1.- Aplicacións: as que se indican no seguinte detalle.

Custo adquisición do Rectorado	1,285,000.00 €
Urbanización Barreiro	832,928.00 €
Expropiación Zamans	1,160,857.52 €
RC Dios	90,478.91 €
Anualidade adquisición terreos Auditorio	841,339.83 €
Anualidades Pazo de Congressos	4,922,472.00 €
Anualidade convenio Universidade Toralla	86,103.37 €
Liquidación proxectos 2005	430,705.59 €
Aportación á Zona Franca (Vigo 2005)	1,545,465.63 €
Anualidade Convenio terreos IFEVI	241,087.00 €
Sentezia Obrascón Huarte	124,361.00 €
Sentezia EMPTY	69,156.00 €
Subtotal	11,629,954.85 €
2ª Fase Musealización Toralla	300,000.00 €
Centro Atalaia	240,000.00 €
Reformas UBA Teís e Coia	85,000.00 €
Mobiliario UBA Teís e Coia	23,000.00 €
1ª Fase Agarimo	510,000.00 €
Auditorio Valladares (esceario e butacas)	120,000.00 €
Reformas Museo de Castrelos	200,000.00 €
Nova ponte no Pontillón	410,000.00 €
Subtotal	1,888,000.00 €
Convenio coa Deputación campos de fútbol de herba sintética en Cabral, Candean, Comesaña, Sardoma e Valladares	600,000.00 €
Obras de remodelación San Cristobal	85,000.00 €
Acondicionamento de camiños Castrelos	30,000.00 €
Obras r/Portoloureiro	111,000.00 €
Obras saneamento en Coruxo	210,000.00 €
Remodelación dunas do Vao	100,000.00 €
Construcción de acceso Baixada ao Capitan 1º tramo	73,000.00 €
Obras reparación r/Cantabria	90,000.00 €
" " r/San Xoan	20,000.00 €
" " r/Pouleira	10,500.00 €
" " r/Vistas do Mar	9,600.00 €
Melloras no Parque da r/Cantabria	14,000.00 €
Palco de música en Navia	62,732.00 €
Obras Sampaio 218 e Tomada (altura 2ºcinto)	60,000.00 €
Obras Avda.Mariña Española	250,000.00 €
Novas escaleiras entre San Xulian e Poboadores	100,000.00 €
Nova sinalización viaria Pinguéla, Freixo, Balsa	60,000.00 €
Reparación Paseo de Bouzas	250,000.00 €
Humanización Cruz Branca	250,000.00 €
Ampliación de vestiarios campo de futbito Fontans	60,000.00 €
Obras estrada de Vilar	100,000.00 €
Redacción do proxecto Aragón-Urzaiz	12,000.00 €

Proxecto estrutura anexa D.Fleming	18,000.00 €
2ª Fase Travesía de Vigo	850,000.00 €
1ª Fase reparación beirarrúas Vía Norte	100,000.00 €
Proxecto complementario M.de Castro-Balaídos	150,000.00 €
Redacción proxecto vial acceso á Universidade e sendeiro do Barxa	30,000.00 €
Subtotal	3,705,832.00 €
TOTAL	17,223,786.85 €

2.- Ao obxecto de permitir o control do Pleno na execución dos programas de investimento ao longo do próximo ano, incorporar os seguintes acordos complementarios:

O Pleno da Corporación, manifesta a súa vontade de supervisar a execución do presente Plan de Investimentos. Con este obxectivo define e aproba os seguintes procedementos de execución do gasto:

- Todos os proxectos derivados do Plan anterior, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Xestión Municipal.
- Todos os pregos de condicións dos concursos que se realicen en relación cos proxectos anteriores, denantes de ser tratados pola Xunta de Goberno Local, serán revisados e aprobados pola Comisión de Control da Contratación.
- A execución dos proxectos de obras e dos orzamentos será supervisada pola Comisión de Xestión Municipal, na que comparecerá, de ser o caso, o Concelleiro/a responsable do Goberno e/ou os Tecnicos responsables.
- Calquera modificación de crédito referida ás partidas de investimento contempladas neste documento, será sometida á consideración da Comisión de Xestión Municipal.

Por outra banda, o Pleno da Corporación entende como esencial a colaboración doutras Administracións na realización de obras e servizos que precisa a nosa cidade. Neste senso, ven sendo esencial a actuación da Deputación Provincial, cando menos durante os últimos dous anos. Dita actuación, debe ser en todo caso complementar ás actuacións decididas polo Pleno. Polo tanto, o futuro convenio de colaboración Concello-Deputación, será tratado e supervisado pola Xunta de Voceiros, denantes do seu tratamento pola Xunta de Goberno Local e da súa sinatura."

(Están ausentes o Sr. Barros Ponte e a Sra. Porteiro García)

VOTACION DA URXENCIA: Con vintetrés votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la

maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Sincieramente teño que empezar agradecendo a votación da urxencia. Sei que o mecanismo non foi o usual e polo tanto agradezo en primeiro lugar a xenerosidade do Partido Socialista e do Partido Popular por votar a favor da urxencia.

En segundo lugar respecto do primeiro documento que lles entreguei e que estaba formulado coma unha emenda, mentres se producía o debate redactei un distinto encabezamento en razón de que o que se formulaba coma emenda, Sr. Secretario, agora preséntase coma moción urxente e polo tanto entendo que os termos en canto ó acordo deben ser que "O Pleno da Corporación insta ó Goberno municipal a incoar expediente" porque entendo que esa competencia non é deste Pleno senón que da Sra. Alcaldesa. Pido o seu asesoramento, Sr. Secretario.

Con esa modificación ben pequena que espero que estea ben acreditada, o resto do contido do documento é o que vostedes xa recibiron no momento en que fixen intención da presentación dunha emenda en vista de como ía o debate.

Teño que empezar dicindo que o BNG non ten ningún interese de ocupar o espazo nin a responsabilidade que corresponde a outras forzas políticas. Entendemos que a primeira competencia para poñer en marcha unha modificación orzamentaria é do propio Goberno municipal e se iste non ten maioría suficiente para acadar o acordo plenario, posto que é competencia de Pleno, o Goberno municipal debe ser quen de negociar cos grupos da Corporación a consecución dos apoios necesarios.

Sra. Presidenta, nin vostede nin o seu grupo o fixeron e niso vostede fixo deixación da responsabilidade que lle corresponde coma alcaldesa-presidenta deste Pleno e que polo tanto ten o deber e a obriga de impulsar os acordos da Corporación. Vostedes non estiveron aí, Sra. Presidenta e Sres. do Partido Popular e isa é a súa responsabilidade coma Goberno desta cidade e como lles dicía na miña intervención no seu momento, sinxelamente optaron por unha operación de carácter partidario e propagandista. A responsabilidade de gobernar e de seu, non da oposición.

A responsabilidade é do Partido Popular e son vostedes os que teñen que levar os proxectos e postular os acordos coas cesións necesarias cos outros grupos da Corporación.

Tampouco no debate quixemos ocupar a posición preminente do Partido Socialista neste Pleno como xa expresei nas xuntanzas que tivemos nos días pasados o Sr. Soto, o Sr. Calviño e máis eu. Era responsabilidade do Partido Socialista liderar unha posición conxunta ante a incapacidade do Goberno municipal, pero liderar significa concordar, dialogar e chegar a acordos; significa aceptar, discutir e definir eses proxectos non só en función de intereses partidarios, que tamén é lexítimo, senón tamén ollando de fronte ó espello da cidade e sinceramente nós non podíamos apoiar a proposta do Partido Socialista.

Non podíamos ser totalmente refractarios porque entendiamos que aceptaban unha parte dos nosos posicionamentos, pero non podíamos aceptar porque o groso do novo investimento pretendíase adicar a abastecemento e saneamento e nós cremos que o Concello de Vigo ten feito denodados esforzos, non só nos últimos anos senón que dende hai moitos anos, para acadar o saneamento completo da nosa cidade habendo como hai problemas e defectos.

Pero tamén temos moi claro que necesitamos nese traballo o compromiso da administración autonómica que non sempre se comprometeu. No último mandato a maior parte do investimento realizado en saneamento correspondeu a fondos europeos que eran fondos de Vigo, fondos que nos correspondían ós vigueses e viguesas. A gran actuación dos últimos dous anos que é a perimetral, esa obra que non se ve pero que xa está subministrando auga ó plan parcial de Navia, fíxose tamén con cargo ós orzamentos municipais, de xeito diferido pero tamén con cargo a costa dos cidadáns de Vigo.

Ademais a Xunta de Galicia cobra o canon de saneamento. Deste canon a nosa cidade pagou un millón e medio de euros nos anos pasados, actualmente estamos pagando por riba de cinco millóns de euros e nós presentamos unha proposta neste Pleno na que demandabamos que polo menos o 30% dese canon de saneamento viñera para Vigo, o 30% do canon que os vigueses e viguesas pagamos.

Queremos ver cumpridos eses acordos e eses compromisos porque a facenda municipal o é todo: é remanente líquido de Tesourería e tamén é o compromiso das outras administracións e a nosa obriga é traballar para o conseguir. Obriga do Goberno municipal pero tamén dos que estamos na oposición posto que os nosos respectivos grupos tamén teñen capacidade de decisión noutras administracións e isa capacidade debemos, dentro do

posible e cun trato xusto a toda Galicia, tamén envorcala na nosa cidade. Isa debe ser a preocupación de todos.

Dito isto, paso defender a proposta que fai o noso grupo e voume demorar un pouquiño aínda que xa sei que pasa o tempo. Como ven vostedes na nosa proposta subdivídense os distintos capítulos en tres bloque sinxelamente a efectos do seu entendemento.

O primeiro bloque refírese a aqueles que son compromisos claros, definidos e que son coincidentes coa proposta que debatemos con anterioridade. Permítanme lembrar que temos que aboar o custo da adquisición do Reitorado, Sres. do Goberno, vostedes asinaron ese convenio e hai que atender a ese gasto que ten prelación. Pero ademais debemos aprobar a partida de urbanización de Barreiro porque vostedes aprobaron no Consello da Xerencia a licitación desas obras sen dotación orzamentaria, facendo referencia a un anteproxecto de orzamentos que nin siquiera aprobaron na Xunta de Goberno Local.

En terceiro lugar debemos seguir pagando a expropiación dos terreos de Zamáns; é moito o esforzo que ten feito esta cidade pola súa Universidade pero temos que seguir facéndoos. Se cadra non debeu ser da nosa competencia, e falo do ano 88-89, pero a realidade é que temos unha magnífica Universidade e temos que rematar con ese acordo establecido coa Comunidade de Montes de Zamáns, entroutras cousas porque o Pleno da Corporación de Vigo debe ter palabra.

Debemos pagar a anualidade da adquisición dos terreos do auditorio. Vostedes saben que nós opuxémonos a ese pagamento neste Pleno pero xa non hai tempo de nos opoñer cunha negativa que sería estéril, é momento de atender a esa resultante por nós non querida pero que en todo caso hoxe está enriba da mesa das decisións deste Pleno.

Debemos atender as anualidades do Pazo de congresos; á anualidade do convenio que temos coa Universidade para Toralla. Ou é que non imos atender a ese compromiso coa nosa Universidade? Debemos atender á aportación da Zona Franca e permítanme que me demore aquí un intre porque antes fixo aquí referencia o Sr. Figueroa ó tema do convenio Vigo 2005, aquel convenio que, seguramente lembran, nós criticamos dicindo que non era tal, que ó final acabariamos pagando nós esas obras. Aquí está: un millón e medio de euros. Ogallá xamais teñamos convenios dese tipo coa Zona Franca. O meu Grupo e máis eu votamos en contra dese convenio pero agora hai que asumir o compromiso. Foi unha mala xestión política pero agora debemos asumir ese compromiso; nós que votamos en contra así o pedimos.

Debemos atender tamén ós convenios dos terreos do IFEVI, claro que si, na mesma situación que os de Zamáns.

Logo hai por aí un par de asuntiños que están desaparecidos como a sentenza de obras con Huarte, sentenza Empty, o demais é unha partida que vostedes tiñan no anteproxecto de orzamentos e que se chamaba "Liquidación de proxectos 2005" e que case acada medio millón de euros pero o hai que asumir porque os provedores teñen que cobrar e esta é unha administración solvente que debe dar tamén esa imaxe.

Ese é o primeiro subtotal; o segundo está encabezado pola segunda fase de musealización de Toralla. Permítanme que salte dende esa a unha outra partida que está no terceiro bloque que ten que ver coa remodelación das dunas do Vao porque as dúas están conectadas.

Neste momento estanse realizando as obras de excavación no que é a cidadela de Toralla pero tamén as obras nas dunas do Vao. Non podemos permitir que se chegue ó verán sen ter rematado alomenos o traballo das dunas e iso precisa dotación orzamentaria porque esta praia é das mais concorridas de Vigo e non nos podemos permitir chegar a ese punto coa situación que temos agora. Non podemos permitir que por falla de dotación orzamentaria se deterioren os restos da cidadela de Toralla, traballo iniciado durante o mandato no que o Sr. Pérez Castrillo era Alcalde e que debemos continuar.

Debemos atender ó centro Atalaya, precísanse 240.000 euros para completar esa actuación e debemos dispoñelos porque iso tamén é política social, esa política social da que moitas veces se sobrancea pero que logo non se expresa nos compromisos orzamentarios.

Debemos atender á remodelación, reparación e mobiliario das UBAS de Coia e Teis que están en moi mal estado e que veñen reclamando eses orzamentos necesarios porque iso é política social, política de compromiso tamén cos barrios de Coia e de Teis.

Debemos iniciar a reconstrucción de Agarimo que se foi para Beade en virtude dun convenio que eu tiven a honra de xestionar pero que foi refrendado pola Corporación coma compromiso de toda ela. Ese convenio é do ano 2002, efectivo dende o ano 2003 e as pedras seguen tiradas. Non podemos permitir esa imaxe de desleixo, debemos iniciar esa primeira fase.

Tamén debemos completar as dotacións do auditorio de Valladares. No mes de setembro, naquela modificación de crédito que se aprobou a raíz dunha emenda nosa puxemos en marcha unha primeira fase pero é necesatiro completala porque o Auditorio de Valladares non está completo. Por certo, permítome recomendarlle á Sra. Alcaldesa que se poña en contacto co

Director Xeral de Urbanismo e coa Consellería de Ordenación do Territorio porque ese edificio construído por esta última, adxudicado nos tempos do Sr. Cuiña e a realidade é que a obra ten vicios ocultos inmensos. Sería conveniente que por unha vez dedicaran algún esforzo a comprobar o estado desa obra porque coma algún día a recibamos tal e como están as lousas, créame que antes dun ano temos un modificado sobre esa obra recibida.

Necesitamos actuar sobre o Museo de Castrelos no que hai unhas reformas caviladas que son extremadamente importantes.

Neste segundo epígrafe nós queremos fraguar as obras da nova ponte do Pontillón. Esta ponte é crucial para o futuro desa zona da cidade; agora que xa están rematadas as obras da Pontenova, das que seguramente teñen maior coñecemento os Sres. Iglesias e Coello, por certo obras que non quedaron ben de todo dende a perspectiva da propia seguridade tráfico, o que si precisan é desa nova ponte do Pontillón.

Esta nova ponte, Sra. Presidente, estaba falada nas reunións de seguemento daquel convenio coa Consellería de Ordenación do Territorio pero a dotación orzamentaria desapareceu no seu momento, seguramente o Sr. Iglesias sabe o por qué, pero non é o caso. En todo caso non houbo xestións posteriores dende o ano 2003 para recuperar esata dotación orzamentaria. É posible, Sra. Presidente, que vostede nos próximos meses nos sorprenda cunha negociación coa Consellería de Ordenación do Territorio e apareza aí a nova ponte do Pontillón, dígollo con todo respecto. En todo caso sabemos da necesidade desa obra e, Sra. Presidenta, fagámola e que nolo desconte, que no próximo convenio coa Consellería se teña en conta que nos facemos cargo nós desa obra.

A partir dese momento e dese punto hai un conxunto de actuacións entre as que por suposto está o convenio coa Deputación dos campos de fútbol, hai obras de saneamento en Coruxo das que sabemos que hai proxectos redactados, non memorias e o Sr. Iglesias sábeo coma min; hai unhas obras de remodelación de distintos tramos coincidentes nalgunha medida con algún aspecto dalgúns documentos xa discutidos, pero destas non sabemos que haxa proxecto e memoria valorada e este é o momento das poñer en marcha porque Vigo non pode seguir esperando eternamente a que academos avanzar nun acordo.

Por suposto que aí está a reparación do paseo de Bouzas, asunto que foi obxecto de debate neste Pleno e hai algún aspecto que querería salientar.

Formulamos a necesidade de redactar o proxecto de Aragón-Urzáiz que complementa todo o conxunto de obras do Calvario. Non basta con facer Cruz

Blanca que tamén está aí, hai que redactar o proxecto de Aragón-Urzáiz que quedou sen redactar no ano 2003, do que ninguén se preocupou pero que está deteriorando o conxunto de actuacións sobre o Calvario e polo tanto é necesario facelo.

Por suposto temos que atacar a segunda fase da Travesía de Vigo, non o podemos deixar porque iso é un compromiso de todos os grupos desta Corporación. Sei que as obras da primeira fase deberán estar rematadas cara o mes de xuño, segundo me informan os técnicos municipais; non podemos prescribir un retraso e un parón nunha obra dunha zona que sufriu un castigo e coa que nos comprometimos todos.

Tamén queremos complementar o proxecto de Manuel de Castro a Balaidos que seguramente vostedes coñecen e no que quedou un tramo sen facer. Atacar a reparación das beirarrúas de Vía Norte, un tema que foi discutido neste Pleno e para o que nós propoñemos iniciar a primeira fase; teño que lles confesar que esta é unha partida na que nestes momentos só existe unha medición realizada por un técnico a instancias nosas por un acordo plenario que precisamente o Sr. Figueroa ten movido moitas veces coma un "capote" para dicir que non tiña orzamento e atacar ó meu compañeiro, Sr. Viéitez. Malamente se pode facer nada se non se redactan os proxectos e as memorias, Sr. Figueroa.

Por suposto tamén presentamos un tema que acabamos de discutir en canto á redacción do proxecto do vial de acceso á Universidade e sendeiro do Barxa que é un tema que acabamos de discutir na Corporación e que ademais o Sr. Viéitez o fixo mellor do que eu o puidera facer e non serei eu quen insista.

En suma, un alcance total de 17 millóns de euros aproximadamente. Por qué esta cantidade? Nós coñecemos a situación das finanzas municipais, non están en mala situación, coma lles dicía na miña intervención correspondente ó punto 7 deste Pleno, debemos usalas con prudencia e tendo en conta que ó longo dos próximos meses poden aparecer novas necesidades e eu agardo que aparezan, algúns convenios con outras administracións que van requirir do noso compromiso. Polo tanto é conveniente que a Corporación adopte unha posición de cautela e reserve a capacidade de actuación para ese caso en que existan eses proxectos.

Póñolles un exemplo: o outro día falaba o Sr. Iglesias cun compañeiro do meu Grupo de dous proxectos europeos que nestes momentos están denegados pero puidera pasar que entraran na repesca de final de ano. Pois ben,

reservémonos esa capacidade e actuemos ó mesmo tempo no que nós pensamos é prioritario.

No punto segundo presentámoslles mecanismos de control por parte do Pleno deste Concello, porque señores do Goberno municipal, non temos máis outra cousa que constancia de que se cadra vostedes fan calquera cousa.

Citaba antes unha persoa do Grupo municipal socialista o tema do convenio Vigo 2005 e eu citaría tamén o propio proxecto orzamentario do ano 2005, pero en todo caso "escaldados estamos" e queremos ter mecanismos de control continuados sobre a actuación deste auténtico plan de investimentos. Decía o Sr. Figueroa que no ano 2005 actuaran cun plan de 20 millóns de euros eu confío na súa memoria para lle dicir que neste caso ten un plan de 17 que é pouco menos.

Algunha das cousas que lles propoñemos xa se presentaron na proposta do Partido Socialista porque eu xa llas expuxera tanto ó Sr. Soto coma ó Sr. Calviño pero verán algunha modificación froito dunha reflexión máis coidadosa.

En primeiro lugar que todos os proxectos derivados deste plan antes de seren tratados pola Xunta de Goberno Local serán revisados e aprobados pola Comisión de Xestión Municipal. Queremos ver os proxectos, sabemos que nalgún caso existen pero noutros casos sabemos da existencia de sinxelas memorias valoradas e polo tanto os queremos ver.

En segundo lugar, por suposto todos os pregos de condicións que vaian afectar por concurso a estas actuacións deben ser revisados e aprobados pola Comisión de Control da Contratación; nada novo, é un mecanismo posto en marcha a raíz dunha moción presentada polo noso Grupo xa hai dous anos e queremos neste caso que a Comisión de Control da Contratación e de Xestión Municipal traballen todo o que sexa necesario para avanzar con procedementos de control político.

En terceiro lugar a execución dos proxectos de obras destes proxectos e dos orzamentos debe ser supervisada pola propia Comisión de Xestión Municipal, falo da execución porque nós queremos ver proxectos, pregos e cumprimento de compromisos e estes últimos son xestión municipal e non queremos que os compromisos os leve o vento. Este é o compromiso que lles pedimos.

Por último calquera modificación de crédito que afecte ás partidas referidas anteriormente deberá ser tamén sometida á consideración da Comisión de Xestión Municipal e digo calquera, aquelas que afecten a proxectos que nun momento determinado decide realizar outra administración e polo tanto e para entendérmonos os créditos quedan soltos, coma tamén

aquelas que se poidan introducir derivadas das baixas que se produzan nos sucesivos concursos; penso que me explico, os derivados da atención a esas necesidades doutras administracións e os derivados do produto das baixas que se poidan producir nos propios concursos. Iso só expresaría a maior eficiencia na xestión do gasto desta Corporación.

Nós consideramos e o Pleno debería considerar connosco, que na realización de moitas obras e servizos desta administración e desta cidade participan outras administracións e nomeadamente a Deputación Provincial. Ben é certo que o compromiso da Deputación está sendo extraordinariamente elevado, diría mesmo inusualmente elevado, ó longo dos dous últimos anos porque durante o mandato pasado eses convenios que non existían, esas partidas eran francamente cicateras coa cidade de Vigo en función de intereses partidistas e agora está sendo o contrario; pero se ven para a cidade de Vigo benvido sexa ese convenio sempre e cando a Deputación non afee con iso actuacións necesarias noutras zonas da provincia porque aquí eu teño que falar do "corazón partido", coma concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG pero tamén coma deputado provincial do BNG e teño que estar atento ás necesidades do resto da provincia.

Nós queremos luz, Sra. Presidenta, sobre esas actuacións que coñece con exclusividade o Sr. Figueroa e que continuamente nos saca un Pleno si e outro tamén; queremos luz. Queremos polo tanto que ese convenio de colaboración e, evidentemente, as súas consecuencias sexa tratado e supervisado pola Xunta de Voceiros antes do seu tratamento pola Xunta de Goberno Local e antes da súa sinatura.

En suma, o que lles propoñemos é un programa político de xestión municipal de conformidade dos catro grupos da Corporación no que importa o compromiso que nós agora estamos asumindo e o que asuman o resto dos grupos pero sobre todo, Sra. Presidenta, pesará e pesa moito o compromiso do grupo de Goberno e o seu propio.

SR. SOTO FERREIRO: Mágoa ter que dicir o seguinte, mágoa que para que non ocorran estas cousas o Partido Galeguista non poida ser determiñante, pero a realidade é que vostede está incumprindo un compromiso que fixo cos demais, Sr. Toba, está traizoando á súa palabra comprometida cos demais e un remóntase atrás, pensa que o Sr. Pérez Mariño que xa non está, tivo moitas culpas políticas pero dende logo que vostedes tiveron e seguen ter moitas de falla de entendemento para acordos de progreso nesta cidade e

polo menos non van contar coa nosa complicidade e co noso silencio, téñeno que saber, non lles vai saír gratis.

Cando se tenta facer unha alternativa de progreso, Sr. Toba, non vou dar todos os detalles polo miúdo pero si me vou refirir a unha cousa porque me é imprescindible: nós non imos votar favorablemente un acordo cementado sobre o engano e a traizón. Eu dicíalle ó Partido Popular que eles fixeron xogadas electoralistas a costa dos demais e vostede está a facer exactamente o mesmo.

Permítanme un grao de inxenuidade para crer que o seu grupo non sabe cousas das que vou falar, mesmo lle vou que vostedes teñen todo o dereito a pactar co Partido Popular, estaríache boa; o que me parece é que non teñen dereito a facer permanentemente confrontacións co Partido Popular, aralacas en temas varios e variados pero en todos os temas de mediana trascendencia e cando hai oportunidade de ter alternativas de progreso pactan co Partido Popular que é o que na miña opinión fixeron hoxe e voulles dicir polo qué. Eu acúsoos publicamente de ter un pacto neste tema co Partido Popular, naturalmente a acusación é bidireccional e ó Partido Popular de ter un acordo co Bloque por iso todo se está a conducir deste xeito.

Todos vostedes aludiron a unhas negociacións das que nós escrupulosa e respectivamente non falamos en voz alta e en público pero hoxe si.

Cando falamos e analizamos todas as posibilidades lembra, Sr. Toba, que eu lle preguntei qué podía pasar se nunha alternativa determinada o Partido Popular votaba en contra, nós tamén e iso podería ser o peor de todo porque non quedarían alternativas e sería unha pelota que voltaría ó tellado de todos porque teríamos que renegociar un acordo para que realmente non se fixera o que repudiamos máis que nada no Partido Galeguista que é o non porque non a todo.

Vostede comprometeuse cos dous grupos políticos que estabamos alí a que o seu grupo non presentaría ningunha alternativa neste Pleno, que se abstería na emenda que presentamos o Partido Galeguista e nós mesmos, como así fixo, e que rematadamente votarían en contra do Partido Popular; cumpríu unha parte e a outra non. Está presentando un documento alternativo sen deixar a posibilidade de ter un acordo no que podería caber a posibilidade caso de renegociar isto e de chegar a un acordo. Vostede fai isto e vou dicir en voz alta o por qué porque seino.

Cando presenta un documento ós demais grupos que segundo vostede xa tiña no ordenador e só tiña que o imprimir, o que fixo realmente e cónstame, foi falar cun algúns membros das asociacións de veciños para lles vender o seu

plan particular, o que presenta hoxe aquí e naturalmente fíxoo ás costas dos outros dous grupos políticos e sei por algúns membros de certos movementos que por suposto nunca direi, que vostede falou diso. Malia todo estiven calado esperando que aínda que vostede tiña esa operación partidista ó final se impoñería a sensatez, que vostede deixara unha esperanza de progreso para esta cidade, esperanza que vostedes non paran de matar e seguramente con aquel pensamento de que se non é para min, para ninguén.

Prefiren ter acordos agochados co Partido Popular de xeito case que permanente antes que chegar ceder e a conceder alternativas para que poida haber outro tipo de solucións. Cesiós que o Partido Galeguista si fixo porque nós aceptabamoslle o seu plan aínda que non gustando en demasía e tamén aceptando o plan que presentaba o Partido Socialista gustándonos moito máis.

O que non queríamos aceptar era o voto da nada e en segundo lugar un acordo do Partido Popular unilateral e que poñía en risco a facenda municipal. Felizmente ese primeiro aspecto de pagar débedas e de non atender contra a facenda municipal vostede sálvaos na súa proposta.

Sr. Toba non lle imos votar a favor porque o Partido Galeguista non paga traidores, nunca vai votar a favor de ningún pacto cementado sobre unha traición e sobre un compromiso anterior. Dixen que me ía doer dicir isto e laméntoo porque, tendo as intencións que podo ter, son perfectamente conscente politicamente de que esta intervención é contraria a entendementos. Como vostedes os fan imposibles me atrevo a dicir alomenos que vaian sabendo algunhas verdades as viguesas e vigueses.

Fágoo ademais cunha esperanza, non sei se con ilusión: a esperanza de que os seus partido ó nivel que sexa reconduzan conductas para non chegar a situacións coma ista que defraudan gravemente ós electores de progreso de Vigo. Estanlle a poñer patíns de rodas á Sra. Alcaldesa para que teña unha maioría absoluta, maioría que esperamos impedir dende o traballo do Partido Galeguista maila que inventen enquisan de todos os lados porque ó mellor nós temos as nosas tamén.

Si lle digo que esta Corporación é unha desgracia, considérola absolutamente perdida, non vexo posibilidade de facer nada serio e responsable por parte de ninguén. Pero a Corporación que naza das próximas urnas espero que teñamos a capacidade de impedir tanto desaguizado político, tanta traición do que din defender e, inda que non me crea dígoos que certa emoción e enorme mágoa.

Ó Partido Popular só lle teño que dicir que vostedes gobernan a calquera prezo, tanto lles ten unha cousa ca outra e se queren me remonto a cómo están no Goberno. Non lles importa, consolidan a súa actuación de poder, están a facer un plan xeral que demoran todo o que poden; non demoren máis, xa pasou a posibilidade dunha moción de censura, paren de demorar. Están poñen as accións do Goberno de Vigo ó servizo dos seus intereses de partido. Que lles aproveite pero non conten co noso voto e menos aínda coa nosa aprobación.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: É certo que vostede foi quen dixo que o grupo municipal Socialista coma grupo maioritario tiña que asumir a responsabilidade neste punto concreto e así tentamos facelo.

O xoves, cando vostede na xuntanza que tivemos a primeira hora da mañá nos expuxo que en ningún caso habería emenda do BNG, os voceiros dos tres grupos fixemos declaracións, que por certo nos desprazamos á Xerencia de Urbanismo porque alí estaban xa montadas as cámaras, nas que as intervencións do Partido Socialista e do Partido Galeguista foron na dirección de que seguíamos negociando, tratando de chegar a un único acordo, que iamos explotar ata o último momento esa posibilidade de acordo e, por certo, con grande disgusto dos que queríamos falar canto antes coa Federación de Asociacións de Veciños e co máximo das asociación para lles poder explicar a posición unitaria da oposición neste tema, criamos, inocentes de nós.

Cando algún periodista me dixo as súas declaracións non daba crédito. Cando me contaron que ó final e como sen querer vostede dixo que estaban a esperar pola posición do Partido Socialista respecto da súa proposta, quedei abraiado e confeso que a miña primeira reacción foi mesmo de non o crer; ademais foi un xornalista do Faro de Vigo a quen lle agradezo que logo non reflectira nos medios de comunicación o meu asombro respecto a ese tema porque non era así, xa estaba claro que había unha emenda da oposición asumida polo Partido Socialista e o Partido Galeguista e que esperabamos unha xuntanza que ía ter o venres pola tarde o BNG.

Tivemos esa xuntanza as sete e media o venres, as cousas se mantiveron no seu punto, o fundamental e que saliento é que non ía haber emenda do BNG. Ese era o compromiso xa que non apoiaban totalmente a proposta que presentabamos os outros dous grupos. É máis, posteriormente tivemos un contacto coa Federación de Asociacións de Veciños no que xustificamos que o voceiro do BNG non asistía por un compromiso familiar. Ese venres, a pesar

de que se manifestou nos mesmos termos, quedou unha porta aberta: outra xuntanza, outro contacto o domingo e que me daría a súa resolución telefonicamente. Insistínlle que en calquera dirección que fora a resposta, positiva ou negativa, fixera ese contacto; esperei inutilmente a súa chamada.

A verdade é que cando hoxe pasou o que pasou e saín fóra a tomar un respiro comentei ó Secretario o meu asombro polo que acababa de acontecer e díxome que iso era política. Lamentablemente coido que a política é algo moito máis digno.

A proposta é de cinco millóns de euros a investir en diversos temas, todos eles de seguro moi importantes. Precisamente unha das propostas que artellamos foi que calquera de nós teríamos 300 ou mil que serían tanto ou máis importantes e precisamente por iso facemos a proposta da que falamos de obras en abastecemento e saneamento que ó final serían 8 millóns en lugar de 5 que se converterían moi posiblemente polo que xa apuntamos, en 16 co convenio coa Consellería de Medio Ambiente.

É obvio que estas son as razóns de fondo da nosa discrepancia. Coido que co que aconteceu están bastante claras algunhas cousas que pasaron, mesmo hai bastante tempo. É obvio que hoxe se está confirmando un tema que non quixera que durara excesivamente; é claro que con esas posicións non poden contar coa nosa confianza e espero que para o futuro as modifiquen porque a pesar de todo estou convencido que estas forzas temos que nos entender, como estamos a facelo na Xunta de Galicia o Partido Socialista e o BNG e esperamos que poida ser inevitablemente dende unha posición moito máis leal pola súa banda, por iso non quero abondar moito máis na intervención.

SR. FIGUEROA VILA: O Grupo de Goberno segue mantendo a súa posición con respecto ó documento que presentou porque consideramos que é un proxecto válido, responsable, feito dende a coherencia e dende o consenso coa Federación de Veciños e con todo o movemento veciñal.

Aquí se nos presentan dúas propostas por parte da oposición. Unha que consideramos insuficiente e que logo vou entrar a valorar politicamente porque ata o de agora non o fixen así senón que tecnicamente, e unha segunda proposta dunha emenda de modificación que presenta outro grupo da oposición.

Coido que empezan a estar bastante claras as posturas dalgúns grupos. Hai algúns grupos que o único que pretenden é paralizar esta cidade, amolar ó Goberno, á Alcaldesa e que xa empezan a dicir publicamente que facer obras

nesta cidade significa que a Alcaldesa se consolida, que é o vergoñante e denigrante. Deberían retirar estas verbas porque son anti-cidade e o único que pretenden e agachar detrás delas o que todos pensamos: que algúns grupos din que non porque teñen medo que a Sra. Alcaldesa se consolide por facer obras. Penso que quen di iso non debería estar nesta Corporación porque son anti-cidadáns, anti-cidade, anti-proxectos, anti-todo.

Acadar a representación e o maior número de votos é lexítimo por parte de todos os grupos da Corporación. O que non o é por parte de ninguén, é amolar á cidade para que un grupo non poida facer obras. As obras non as fai un grupo, fainas a cidade, o Goberno, a Corporacion. Qué lamentables as verbas dalgún concelleiro que se acaban de pronunciar.

Sra. Alcaldesa, quero felicitala porque se demostra que hai grupos que detrás das postas en escena de tentar buscar pactos antigoberno, o único que están facendo é amolar á cidade, a vostede e ós proxectos deste Goberno. Supoño que a cidadanía terá en conta estas posturas.

A calquera prezo nesta cidade gobernaron moitos e só fai falla lembrar nas hemerotecas e na historia, a calquera prezo de calquera tipo que xa non de traizóns, de algo máis e o mínimo que tiñan que facer algúns para falar de calquera prezo é estaren calados, para que non se lembre e non se traia a debate nesta Corporación.

Nós temos a conciencia moi tranquila. Presentamos un proxecto que seguemos apoiando, que pensamos que é serio, que é coherente, que ten sustento da facenda municipal para o levar a cabo e, o máis importante de todo, que beneficia ós cidadáns se cabe moito máis. Mesmo vou recoller as verbas do Sr. Calviño, é un proxecto que ata non é do Goberno, é do movemento veciñal. Qué máis consenso, independencia, diálogo, proposta de cidade se son os propios veciños os que presentan o proxecto? Non se dan conta que vostedes pretenderon amolar ó Goberno e saíulles o tiro pola culata? Qué vergoña dalgúns membros e dalgúns grupos políticos polo que están facendo nesta cidade. Iso si que é verdade e por iso as urnas castigarán a algúns deses que só están aquí para tentar escenificar e amolar ó Goberno e á cidade. Fraco favor estanlle facendo algúns a esta cidade. Supoño que os representantes veciñais hoxe presentes darán boa conta do que aconteceu aquí porque eles si son testemuñas, notarios do que está acaecendo.

Resulta que agora hai propostas que valen e propostas que non, aquí fálase de traizón, de comportamentos estranos. Por un pouco de dignidade calen, saberán vostedes qué tentaron facer e cómo tentaron amolar á cidade.

Aquí hai proxectos que serán interesantes e outros que o serán menos pero nós repetimos novamente que para nós o proxecto idóneo, o óptimo é o que presentou este Goberno. Seguemos dicindo que respectamos os proxectos dos demais grupos políticos calquera que sexan pero, ónde está o seu diálogo? Qué pasa, é que nesta cidade só vale o que presentan vostedes? Nesta cidade só hai proxectos de progreso se os presentan uns grupos e os outros son proxectos anti non sei qué? Non, temos tanto dereito e tanta lexitimidade coma vostedes porque o grupo maioritario desta Corporación é o Partido Popular, é certo que non ten maioría pero en calquera caso calquera de vostedes ten dous concelleiros menos ca nós. Que é máis democrático, que governe a forza máis votada polos cidadáns ou unirse uns cantos para tomar decisións? Que o analicen os cidadáns e a cidade o que está pasando.

Nós estamos traballando dende o primeiro día cun obxectivo claro: traballar en beneficio da cidade e coido que o estamos acadando porque na primeira intervención deste debate falouse das consignacións orzamentarias que se acadaron doutras administracións e ninguén dixo ren. Vostedes saben o que é acadar en dous anos 175 millóns de euros e que ninguén da oposición sexa quen de dicir que iso é falso ou que é mentira? Porque é a realidade. Eu non lle falei de proxectos que estaban no ar, falei de proxectos consignados con cantidade orzamentaria, con acordos da Xunta, da Deputación, do Goberno Central e da propia Xunta Local. Iso é o que se chama xestión, capacidade de diálogo e de buscar consensos.

Evidentemente este Grupo terá que tomar unha decisión e tomarana do mellor xeito que coide para os intereses da cidadanía. Non se nos pode acusar baixo ningún concepto porque este Grupo se acaba de enterar esta mañá igual ca vostedes desta proposta e aínda está sen tomar a decisión, tomarase escoitando a todos os Grupos políticos.

Vostedes fixeron unha escenificación cara ó exterior de amolar ó Goberno, de que a oposición está xunta contra o Goberno. Alá vostedes coas súas responsabilidades, coas súas iniciativas, propostas e posicionamentos. En calquera caso o Goberno tomará a decisión que considere mellor para os intereses da cidadanía e o que non imos permitir baixo ningún concepto é que ningún concelleiro nin ningún grupo político sexa quen de dicir que non se poden facer obras nesta cidade porque un goberno se consolida. Coido que isto o habería que desterrar, nós imos tentar chegar a todos os rincóns desta cidade para explicar ese posicionamento dalgúns, é impresentable, anticidade, antigoberno e coido que non defende nin os intereses de seu.

Falan vostedes de intereses partidistas pero o que hai son intereses partidistas, intereses de amolar ó Goberno, a unha cidade e intereses de non levar a cabo proxectos interesantes para toda a cidadanía. Iso é o que algúns fixeron, pasa que temos preto as eleccións e algúns tentan arrancar votos de calquera esquina e outros ó mellor pretenden posicionarse diante dos seus futuros xefes e iso loxicamente xera ambigüidade, desconfianza, nerviosismo e posicionamentos que só van contra dos intereses da cidade. Cada día que pasa me sinto a nivel persoal e colectivo orgulloso do noso Grupo porque coidamos que dentro da nosa humildade estamos facendo as cousas con coherencia, con responsabilidade e seriedade e os 10 concelleiros que formamos este Goberno estamos deixándonos todas as horas que podemos no traballo para tentar buscar o mellor para os cidadáns. Hoxe xa teño a percepción clara de que hai membros desta Corporación que o único que tentan é buscar os seus intereses persoais, partidistas e así é moi difícil concretar proxectos.

Seguramente hoxe hai un antes e un despois desta Corporación nesta cidade pero o que si está claro é que cada quen terá que responder dos seus posicionamentos. Alá cada quen cos seus criterios e coa súa posta en escena porque o único importante é a cidade e que aquí están representadas hoxe no Pleno a maior parte das asociacións pola Federación veciñal e supoño que tomarán boa nota do que hoxe acaeceu aquí, de cómo se produciu esta situación e por qué chegamos o punto que agora estamos debatendo; mellores testemuñas e notarios ca eles non os hai porque o están vivindo en vivo e en directo.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, voulle facer unha petición pública: non tire a pedra e agache a man, é dicir, non diga "os grupos fan, non fan ou os grupos desfán", diga quen, qué grupo ou qué persoas, na súa opinión, fan isto ou aquilo.

Vostede decatarse que cando eu lle teño que facer unha acusación ó Partido Popular non a agacho nos outros grupos, dígoo concretamente e cando a teño que facer a outros, tamén.

Vostedes están nunha especie de urna, de burbulla, non sei se cren todo o que din porque se é así empezan a ter un problema grave, identifican todo o que pensan vostedes coa cidade e co seu ben e os que non pensamos coma vostedes estamos en contra da cidade por estar en contra dalgunhas, que pola nosa parte non de todas, intencións do Goberno do Partido Popular.

Sabe cando realmente se creba unha confianza do Partido Galeguista con respecto ó Goberno do Partido Popular? Cando vostedes incumpren os acordos ós que chegan cos demais. Hai un rosario de incumprentos que están aí, Sr. Figueroa, e ademais lle pido que os cumbran para poder todos a tranquilidade de mirármolos ós ollos e crer que realmente poden cumprir os proxectos de futuro; primeiro cumbran os pasados, os que non conleven gastos porque os outros son máis complicados e haberá que os analizar, pero collan a relación e fagan o favor dos cumprir. A partir daí o seu discurso ó mellor poderá ser crible con respecto a cómo acordar ou non.

É tan difícil entender isto? Tan difícil entender que iso produce unha creba seria de confianza porque realmente vostedes non cumpren? Por qué teño que crer eu que van facer un pacto do que queiran pasado mañá se non cumpriron os anteriores.

Vóltoos emprazar publicamente a que cumbran eses compromisos e a partir daí pola banda do Partido Galeguista "borrón e conta nova". Mentres non fagan iso déixennos absolutamente a paréntese de non confiar en vostedes. Falar é fácil pero logo o hai que demostrar con actuacións.

Todas esas diatribas de se uns buscan votos e outros outras cousas, diga quen, teña a coraxe política e persoal de dicir quen porque o demais son abstraccións e eu non sei se fala de nós, doutros; supoño que algo nos tocará a nós, non o sei. Diga que cousa e entón si lle respostarei non con gusto pero si tentando rigorizar a resposta.

Parte desas abstraccións son que os demais apostan a que non se fagan obras. Quen son os demais? No nome do Partido Galeguista eu non lle admito en modo ningún esa acusación porque estivemos, estamos e estaremos a favor de facer obras, mesmo lle dixemos que estamos dispostos a viabilizar calquera documento mesmo se non nos gusta, porque pode non nos gustar ou podemos ter outras prioridades pero en todo caso para nós a peor das decisións é non facer nada. Vostedes non escoita porque non paro do dicir e de actuar en consecuencia.

Outra cousa é que dentro desa manobra que vostedes fan realmente nós actuemos doutro xeito pero os por qués estoullos a dicir pública e notoriamente, non busquen outras bruxas que pola banda do Partido Galeguista non hai ningunha outra que a que lle estou a dicir.

Mesmo a posibilidade de facer cousas e ter acordos con vostedes no futuro; ningún problema, pero primeiro cumbran o que non cumpriron anteriormente.

Se eu fose moi inxénuo, se crera o que dixo o Sr. Figueroa e voulle dar o beneficio da dúbida, diríalle que se vostedes están interesados en cumprir

o que din, que votemos todos en contra do que ven de propoñer o BNG e partamos todos de cero. Se fora así ó mellor tería que lle pedir o BNG que retirara a súa proposta e que nos sentemos a negociar con dúas ou tres condicións que parecen moi xeralizadas. Primeiro que non se desequilibre a facenda municipal; segundo que o Pleno teña seguimento colectivo no que se vai facer e terceiro que o resto dos cartos que se considere oportuno, ata o teito que se considere de investimento, que se consensúe.

Xa dixen antes que nós estabamos dispostos a votar o que propuxo no seu día o Sr. Toba porque estamos dispostos a votar cousas antes que nada, a vostedes e ós demais porque é unha clave de fácil entendemento con nós no futuro como xa foi no pasado e no presente. Aí teñen un envite, se queren nos sentamos todos a negociar con eses criterios previos que parece dominan o discurso de todos porque vostedes tamén din cousas parecidas. Se non é así falar é unha cousa e facer é outra.

SR. TOBA GIRÓN: Estamos falando de política para a cidade de Vigo, claro que si; nós vimos facendo política para esta cidade dende hai moito tempo. Se alguén pensa que ó BNG o vai asustar calquera ameaza de titular de calquera medio de comunicación que se edita fundamentalmente na Coruña, estean tranquilos porque a min esas cousas non me afectan en abosoluto, teño a conciencia moi clara de cal é a miña vocación e de cal é a miña adicación coma responsable de política municipal do BNG. As miñas vocacións, as miñas querencias son dúas: Galicia e Vigo, son concelleiro do Bloque pero sobre todo son concelleiro de Vigo e o meu deber está aquí e é defender o que importa á miña cidade e así actuo.

O día 16 de xaneiro do ano que andamos remitín un escrito a todos os voceiros de todos os grupos, á Sra. Porteiro, ó Sr. Figueroa e ó Sr. Soto. Naquel escrito dicía que sen entrar a enxuízar nestre intre o traballo desenvolvido polo Goberno e co debate orzamentario porque o día 16 de xaneiro recibimos o anteproxecto do Sr. Guerra, o mesmo día dirixinme a todos vostedes e ata publiquei un artigo nun periódico local. Dicía "Coidamos que cómpre buscar unha vía de entendemento que permita realizar ó longo do próximo ano os investimentos que a nosa cidade precisa e ó mesmo tempo permita o efectivo e eficiente control do Goberno municipal por parte da Corporación". Recibírono vostedes.

Dicía tamén "Como podes comprender o mecanismo que propoñemos, absolutamente factible -falo de mecanismo de control-, situará ó Pleno da Corporación no centro de todas e cada unha das decisións do Goberno

Municipal". Isto foi o que eu escribín o mesmo día 16 de xaneiro, xustamente cando recibía o anteproxecto orzamentario do Partido Popular.

A copia que teño aquí do Grupo Socialista ten o recibí do 18 de xaneiro; supoño que o de vostedes tamén. Non o necesito sacar de ningunha xuntanza, falo das propostas políticas que anuncio coma responsable político desta cidade, non teño nada que inventar nin nada que conxeturar nin que auspiciar. Está escrito e está nos seus despachos.

Independentemente de que houbera grupos municipais que reivindicaran os debates dos orzamentos, eu sabía que esa actitude non era honesta e sabía como xa dixen nalgunha ocasión, que o que se fraguaba era simplemente unha derrota en Pleno. De acordo, e qué e para quen? Para o Goberno do Partido Popular por suposto; para a cidade non. Quen queira facer política con letra minúscula e sen entender que ademais de seren responsables dos nosos partidos tamén o somos desta cidade, que non conte co BNG nin con Xabier Toba.

A partir daí dimos oportunidades, enfrascáronse vostedes cos orzamentos cando eu lles dicía que non vía claro a aprobación do orzamento en xaneiro de 2006. Por qué non se fala da claridade das cousas? Vostedes non foron quen de ser honestos coa súa responsabilidade e co seu cargo e en lugar de apreciar a solidez dunha iniciativa política, desprézana, déixana correr porque non están á altura da súa responsabilidade.

Ise non vai ser o noso caso. Dimos oportunidades, entendiamos que a primeira oportunidade correspondía ó Goberno municipal porque esta carta tamén se remitíu ó Sr. Figueroa coma voceiro do Grupo Popular porque eu sego entendendo que nesta situación é conveniente un acordo dos catro grupos, tardemos o que tardemos. Pero o Partido Popular non foi quen de liderar á Corporación, de negociar co Partido Socialista en primeira instancia porque é a primeira forza da oposición, co BNG e con vostede mesmo, Sr. Soto. Ista é a realidade, que o PP non estivo á altura das necesidades da cidade e quitouse da manga un documento que apoiado sobre un benintencionado traballo de diagnóstico da Federación e de xeito completamente demagóxico pretende dirixilo partidariamente contra a oposición. Esa foi a súa responsabilidade, Sra. Presidenta, é a responsabilidade do Partido Popular.

Nós tamén dimos a oportunidade de que, a diferenza do mes de setembro en que tivemos que tomar a iniciativa nós e presentar unha emenda no debate da modificación de crédito, fora desta volta o Partido Socialista quen tomara

a iniciativa de liderar á oposición, nós non queriamos esa iniciativa porque corresponde ó Partido Socialista.

Pero para liderar hai que dialogar, liderar non significa poñer enriba da mesa un documento que non serve para nada e pedir adhesións inquebrantables. Ese non é o camiño. Claro que estaba esperando por outra proposta do Partido Socialista. Se o grupo de oito membros que ten que liderar necesita dos outros sete o normal é facer unha contraproposta. Iso é a política. Se un ten oito votos e precisa de sete máis ten que abrir unha oferta de diálogo e non poñer enriba da mesa isto ou nada. O Partido Socialista non puxo enriba da mesa diálogo.

Eu xa coñezo ese estilo do Partido Socialista de isto ou nada. Preténdese igualar, non tratar? É que non se sabe chegar a acordos ou é que non se quere chegar a acordos co BNG? O mellor o que pasa e que alguén non quere chegar a cordos neste mandato co BNG, ó mellor é que alguén se pon na posición maximalista de enterrar oito millóns de euros en tuberías en Vigo habendo como hai tanto por facer e prefire non pensar, non traballar, non discutir que é o que necesita a cidade e sepultar oito millóns de remanente líquido de tesourería en abastecemento e saneamento cando hai algunha outra administración que ten que se comprometer con Vigo e niso debemos traballar todos e non son palabras; son cifras, convenios e compromisos. Así é como se traballa.

O mellor non se quere o acordo e ó mellor se estivo a xogar a non o querer pensando que o mellor eu e o BNG se ían asustar coa ameaza do famoso titular. O titular déixame frío porque o que me conmove é a miña cidade que é o meu compromiso, se alguén quere facer política de partido ofrecendo a lúa, como no caso do Goberno municipal do Partido Popular, que a ofrece sen rigor e sen compromiso de diálogo, ou se alguén pretende facer política de partido sinxelamente coa posición mediocre de enterrar oito millóns de euros de tesourería líquida sen proxectos enriba da mesa e sen atender ó que están demandando os cidadáns, nin con uns nin con outros.

Daremos a oportunidade a uns que son os que teñen a irresponsabilidade; dímoslla e vostedes fallaron. Dímoslla a outros e tamén fallaron. Sentámonos aquí cruzados de brazos vendo pasar o cadáver de Vigo por diante nosa non mo pidan vostedes. Eu antes de nada son leal á miña cidade. Por iso lembrarán que antes de ofrecer a miña emenda preguntei se non había un acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista porque conmigo non o había e son o responsable dos votos do BNG. Preguntei en alto, fixen unha reflexión en alto, preguntei se non tiñan ningún acordo o Grupo de Goberno

e o primeiro grupo da Oposición. Danse de conta da tremenda responsabilidade para a cidade chegar a ese momento sen ningún acordo? Ofende e iso non se pode subsanar coa política con minúscula de enterrar os cartos en tuberías.

Claro que hai que priorizar. Di o Sr. Calviño que el prefería algo máis xenérico, pero entón non ten significado, priorizar é gobernar e cando o goberno non o sabe facer e o expediente que trae a Pleno hoxe é un exemplo claro de cómo non se goberna, teremos que ser nós os que poñamos enriba da mesa a priorización.

Acepto todos os envites. O Sr. Soto agora pide que se retire, que discutamos. Sr. Soto, esa proposta fíxena eu o 16 de xaneiro. Vostede non reflexiona politicamente sobre o correo que recibe? Non o fai o Partido Socialista nin o Partido Popular?

Chegamos tarde pero se esa vontade que no mes de xaneiro non había para chegar a un acordo é real e realista, se esa vontade que non houbo por parte do Partido Popular nin do Partido Socialista para traer un acordo conxunto nace e é eficaz retiraría a moción, faríao se eu puidera crerme que é eficaz.

Voulles propoñer un mecanismo porque sempre ten que haber unha porta aberta e neste caso tamén a hai porque eu me preocupei de que así fora; se é verdade esa vontade de chegar a acordos a porta está aberta, Sra. Presidenta, Sr. Calviño, Sr. Soto, porque a moción o que di é "Instar ó Goberno municipal a incoar expediente de modificación de crédito" e iso quere dicir que ese expediente virá por Pleno, é así Sr. Secretario.

Se é verdade que hai esa vontade, moito máis alá do uso partidista e con maior compromiso coa cidade de Vigo que enunciou nun epígrafe oito millóns de euros en saneamento e abastecemento, nós imos aceptar o reto e máis aínda, devolvémolo.

Cando ese expediente veña a Pleno, convoco dende xa ó Sr. Figueroa, Sr. Soto e Sr. Calviño a discutir o que se necesite dese expediente e desas partidas que eu elaborei, non temos inconveniente pero sexan leais coa súa cidade que é a primeira lealdade que temos.

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: Coido que non é necesario incidir moito para explicar cal ven sendo a posición deste Grupo municipal Socialista dende sempre neste Concello e temos dado mostras dabondo. Démoslas sempre que por parte do Goberno municipal se nos presentou unha negociación clara, cando logo se presentou a posibilidade de que esa negociación non fora adiante

como a que mantivemos durante o debate do orzamento de 2005 na que ó final facilitamos coa nosa abstención que o Goberno Popular puidera realmente facer a xestión imprescindible que amosara cal era a súa capacidade de Goberno.

Fixémolo en moitos máis temas: aparcadoiros e máis. A obriga de negociar neste punto concreto no que estamos hoxe, de presentar unha alternativa que debatiramos consensuadamente todos os grupos, tiña que partir do Goberno. Na miña primeira intervención deixei claro que entendo perfectamente que a intención do Goberno non era en ningún intre consensuar co resto dos grupos porque o seu modo de traballar foi claramente ese: impedir que houbera ese diálogo, ese consenso que posibilitara que hoxe houbera aquí unha única proposta orzamentaria. Todos os pasos que deu foron precisamente na dirección do impedir.

É por iso polo que se tentou facer unha proposta unitaria por parte da oposición e dende a primeira vez que falamos deste tema os grupos da oposición, particularmente o BNG e o PSdeG-PSOE, quedou claro e coído que a estas alturas falar nos termos despreciativos como fixo o Sr. Toba respecto a abastecemento e saneamento absolutamente vitais e senón que llo digan a aqueles veciños que non teñen abastecemento de auga, que llo digan ó río Eifonso, ó río Lagares, á Ría se é vital ou non; dende logo moito máis vital que algún palco de música, por exemplo.

Dende o primeiro punto puxemos o acento no tema do saneamento porque lles poido repetir ó Sr. Figueroa, se quere lle traio de cando falamos de orzamentos e modificacións intervencións de seu respecto á grande importancia desa infraestrutura, a súa vitabilidade, a súa prioridade. A realidade é que iso é absolutamente vital e non é enterrar oito millóns en tuberías. Ou é que falar do medio ambiente é falar para o ar?

A verdade é que logo do que ten sucedido neste Pleno temos moi claro que comportamentos desleais como os observados hoxe fan moito máis difícil a reconstrucción dunha maioría progresista na cidade na que cremos fundamente. Vimos a confirmar de novo que o BNG, envolto nunha confrontación dialéctica de moita dureza aparentemente co PP, o que fai logo é apoialo no fundamental. Parece que o que se está é a resolver os problemas do PP. Polo demais teño claro que a proposta que presentamos os Partido Socialista e o Partido Galeguista é moito mellor polas razóns que xa apuntamos e non é necesario incidir nelas polo que obviamente non podemos votar a favor.

O que si temos moi claro é que a vigueses, loitadores e preocupados por esta cidade non nos vai gañar ninguén e imos seguir amosando a nosa preocupación porque vaian adiante todos os temas de Vigo a pesar do Goberno do Partido Popular.

SR. SOTO FERREIRO: Estou de acordo co que ven de dicir o Sr. Calviño pero non o estou co que ven de silenciar. Os medios poderán ser os que queira, os modos e as formas poden ser lamentables. Cando eu falaba convencido de que temos que ser quen de dicidir na próxima Corporación e isto vai dirixido por varios fronts, é por nos meter no medio tendo capacidade de decisión senón está claro que non podemos porque vostedes non se deixan. Metérmonos no medio para axudar a conformar ideas determinadas nunha dirección ou impedir se é coa outra parte.

Pareceume polos xestos que facía que o Sr. Figueroa se escandalizou nalgún sentido pola miña intervención, pero se vostedes estando en minoría non cumpren os acordos e polo tanto non aceptan as normas máis elementais de democracia, que Deus nos colla confesados se vostedes teñen maioría. Só por esa razón paga a pena que non a teñan, deixando xa o discurso de esquerda, de dereita, etc., só por iso.

En definitiva quérome quedar cunha parte da intervención do Sr. Toba, non vou entrar a xogar a descalificar obras aquí ou dalá, son opinións e ó mellor ten vostede razón ou téñoa eu, non o sei, pero non podo entender que vostede descalifique unha operación de investimento que podería significar 16 millóns de euros de investimento en Vigo para rematar co saneamento dos barrios e parroquias. Non é unha operación baladí nin moito menos, para min é trascendental máis ca importante.

Pero mesmo máis ca iso é a posibilidade de facer algo, o peor de todo é non facer nada. Recollo o que vostede dixo, Sr. Toba, por iso digo que non comprendo que non se fale do que vostede di; nós si estamos dispostos e comenteillo publicamente, coido que hai aspectos que compartimos, non amolar á facenda municipal, que o Pleno teña control democrático sobre os acordos que se produzan e, no medio, consensuar qué tipo de obras.

Estaba disposto a aprobar o que vostede propuxo e vostede sábeo porque llo dixen nun primeiro momento que o presentou, mesmo coñecendo outras historias e outras cosas. Vostede reclama algo que eu comparto ó cen por cen: a lealdade coa cidade. Se todos vostedes ou quen queira reconducen esta situación e faise un plan que realmente lle conveña a Vigo, na opinión de todos se é posible e senón dos máis, a iso nós apuntarémonos

sempre, polo tanto cónteme apuntado e gustariame escoitar ós demais grupos dicir cousas parecidas.

O fondo do problema, de chegar a acordos obxectivos polo ben de todos, aí contén sempre con nós e en función da súa intervención, Sr. Toba, síntome emprazado e estou disposto a colaborar nesa dirección cos demais. Lamentablemente falo sen poder dicidir, falo co sentido común que se nos ocorra ós que intervimos por parte do Partido Galeguista pero o facemos con absoluta honestidade en función do que coidamos mellores intereses da cidade. Así o facemos, o fixemos e o faremos.

SR. TOBA GIRÓN: Pido perdón se me acalorei antes pero hai determinados temas que ás veces se producen nos debates que me provocan unha indignación difícil de disimular. Pido desculpas se o meu ton puido resultar ferinte ou molesto. En segundo lugar reitero o ofrecemento que fixen en xaneiro do ano 2006.

Agora imos poñer a votación a moción e que sexa o que teña que ser pero en todo caso como dicía antes e como ratificou o secretario, nun expediente que ten que voltar a Pleno sinceramente coido que debe ser tratado en Xunta de Voceiros, mesmo co asesoramento do Secretario Xeral que coñece de xeito moito máis profundo ca min o anteproxecto de regulamento do Pleno que quedou discutido recentemente e do que algunhas das iniciativas adoptadas van derivadas porque a Lei de Grandes cidades deberían funcionar en todos os aspectos, tamén no de control do Goberno; lamentablemente non.

En todo caso non vou reiterar nada do que dixen antes agás algo que xa explicitéi. No mes de xaneiro de 2006 dirixínme a todos os grupos facendo unha oferta de diálogo e por parte do BNG esa oferta de diálogo segue aberta con tal de ter claro no frontispicio do diálogo e do acordo os intereses de Vigo e polo tanto o desexo de que as patadas que reciba o Goberno do Partido Popular nesa zona en que as costas perden o seu nome, non sexan patadas nesa mesma zona da poboación de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Seguimos pensando que esta proposta de modificación é insuficiente; mantemos que o proxecto que presentou o Goberno é máis ambicioso. Repasada esta proposta que se fai coma moción urxente a maior parte dos proxectos están recollidos na nosa petición, faltaría algún pero nós imos seguir traballando para tentar que todos os grupos poidan apoiar o resto das peticións que se pactaron coa a Federación de Veciños pero está claro que preferimos este documento que outro ou nada e polo tanto ímoslle

dar o visto e praxe pero tamén anunciamos que imos seguir traballando para que aquelas peticións que se consensuaron coa Federación de Veciños tamén se poidan levar a cabo en futuras modificacións ou que outras administracións poidan colaborar conosco e mesmo na posibilidade de ir dentro dos proxectos orzamentarios deste Concello, se non neste ano, no 2007. Quero dicir que ímola ter en conta para que ninguén se leve a engano.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e oito votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, instando a incoación dun expediente de modificación de crédito, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (92).- ROGOS E PREGUNTAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 24 de abril, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula as seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo Municipal do BNG o concelleiro Amador Fernández Fernández ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e por isto anúncialle que en cada Pleno ordinario faremos cando menos o recordatorio de seis, e moito me temo de non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para lle lembrar a súa ineficacia e a do seu goberno para cumprir os acordos plenarios. Por isto formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para, a ser posible, sexan respostadas no próximo Pleno ordinario do mes de abril do ano que andamos.

1ª.- Qué medidas tomou e cando as pensa adoptar para o cumprimento da moción aprobada no Pleno de novembro de 2003 sobre a nova sinalización de tráfico da nosa cidade?

2ª.- Ten vostede intención de facilitar dito estudo oficialmente ao resto da Corporación?

3ª.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Colombia?

4ª.- Ten vostede coñecemento de que no Concello existe un proxecto para mellorar o actual aliviadeiro da rúa Coruña?

5ª.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer qué novos proxectos conseguiron financiamento de fondos europeos?

6ª.- Cando teremos en servizo o Punto Limpo?"

A PRESIDENCIA: Ás seis preguntas que presenta por escrito o BNG respostaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Mª Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.